



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

COORDINADORES
MARGARITA LEDO ANDICEN
TAPIO VARIS


GALICIA-FINLANDIA: MODOS DE PENSAR
A CULTURA, O MUNDO, A COMUNICACIEN

COLECCIÓN B A S E



COLECCIÓN B A S E

ACTAS DO CONGRESO GALICIA-FINLANDIA MODOS DE PENSAR



A CULTURA, O MUNDO, A COMUNICACIEN

COORDINADORES
MARGARITA LEDO ANDICEN
TAPIO VARIS



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

SECCIÓN DE COMUNICACIÓN

GALICIA-FINLANDIA: MODOS DE PENSAR

A CULTURA, O MUNDO, A COMUNICACIÖN

Actas das xornadas celebradas os días 9, 10 e 11 de
novembro de 2000 en Santiago de Compostela

Galicia-Finlandia: modos de pensar : a cultura, o mundo, a comunicación : actas das xornadas celebradas os días 9, 10 e 11 de novembro de 2000 en Santiago de Compostela / directores, Margarita Ledo Andión, Tapio Varis. -- Santiago de Compostela : Consello da Cultura Galega, Sección de Comunicación, 2002. -- 235 p. ; 22 cm. -- (Colección Base)

D.L. PO-560-2002. -- ISBN 84-95415-64-X

1. Medios de comunicación social-Finlandia.
2. Medios de comunicación social-Galicia. I. Ledo Andión, Margarita, dir. II. Varis, Tapio, dir. III. Consello da Cultura Galega. Sección de Comunicación. IV. Título

© CONSELLO DA CULTURA GALEGA
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel. 981 569020 Fax 981 588699
correo@consellodacultura.org

Proxecto gráfico
e deseño de cubertas
MANUEL JANEIRO

ISBN 84-95415-64-X
Depósito legal PO-560-2002

Imprime
LITOSPRINT, S.L.
Avda. Montecelo, 6. Mourente. Pontevedra

GALICIA-FINLANDIA: MODOS DE PENSAR A CULTURA, O MUNDO, A COMUNICACIÖN

Actas das xornadas celebradas os días 9, 10 e 11 de
novembro de 2000 en Santiago de Compostela

Directores:

MARGARITA LEDO ANDICEN
TAPIO VARIS

Coordinador da Sección de Comunicación:
XOSÉ LÖPEZ



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

SECCIÖN DE COMUNICACIÖN

ÍNDICE

<i>Margarita Ledo Andión</i> Presentación	9
<i>Isaac Díaz Pardo</i> O Laboratorio de Formas: historia do desenvolvemento dunha proposta de configuración como unha actitude, sen limitacións, das formas materiais e inmateriais	13
<i>Xosé Luís Barreiro Barreiro</i> Pensar en Galicia: o ensaio filosófico	21
<i>Juana Fernández</i> Nokia: visión de futuro	35
<i>Antía López Gómez</i> Televisión e violencia. A crise, a tarefa enunciativa, o plano experiencial	41
<i>Xosé López García, Rosa Aneiros Díaz, Marta Pérez Pereiro, Manuel Gago Mariño, José Pereira Fariña</i> A comunicación en Galicia no século XXI	57
<i>Xosé López García, Rosa Aneiros Díaz, Marta Pérez Pereiro, Manuel Gago Mariño, José Pereira Fariña</i> As raíces do xornalismo galego	67
<i>Carmen Ciller Tenreiro</i> Reflexións sobre a produción cinematográfica en Galicia na década dos noventa	75
<i>Xavier Lama</i> A ficción audiovisual en Galicia: unha perspectiva no tránsito de século	83

<i>M.^a Antonia Pérez Rodríguez</i> A creación artística como fonte de información para establecer diferencias entre o nacionalismo finlandés e o galego	93
<i>Xosé López, Berta García</i> O lento camiñar da prensa galega cara a un xornalismo de servicio	119
<i>Manuel F. Rodríguez</i> A información de Galicia na radio en Galicia	135
<i>Hannu Vanhanen</i> Das fotografías de I. K. Inha ó multimedia moderno en Finlandia	145
<i>Antón Santamarina</i> Galicia e Finlandia	153
<i>Xosé F. Pérez Oya</i> Verbo da comunicación e a cultura; observacións dun economista radical	157
<i>Margarita Ledo Andión</i> Baixo o signo do plural	187
<i>Tapio Varis</i> O século XXI: cultura mediática e comunicativa	203
<i>Xenaro García Suárez</i> Mestizaxe, exclusión e Internet	213

PRESENTACIÓN

TERVETULOA SANTIAGOON, TOIVOMME
TEIDAN VIIHTYVÄN TÄÄLLÄ TOISESSA SUOMESSA

A actividade multicultural fundacional para a Facultade de Ciencias da Información da USC foi o I Congreso de Comunicación na Periferia Atlántica, coñecido como CPA, onde se axuntaron, no 1995, representantes dun arco extenso que principiaba na Finlandia e chegaba ata Portugal. Ademais de participar no Congreso, un profesor chegado de Tampere ficou como visitante por dous meses entre nós, animou a primeira videoconferencia -coa Facultade de Arte e Deseño de Helsinki e na que colaboraron Isaac Díaz Pardo, empresario e intelectual galeguista que intervirá na primeira parte, o poeta Salvador García-Bodaño e o músico Emilio Cao- e con ela inaugurou un formato que é o que neste encontro, tamén por proposta de Varis, utilizamos: non excluír do debate académico e científico o paradoxal. Incluírmos a arte, aquilo que non ten por que reenviarnos á proba da verdade, como parte da construción desa verdade que é a aprendizaxe, que é a comprensión. Por iso Tapio Varis, o codirector de *Galicia/Finlandia: modos de pensar*, é a primeira persoa que debo nomear. Foi hai un ano, en Tuusula, a carón da paisaxe de Sibelius e co gallo da convocatoria que fixera a UE para tratar das relacións con Iberoamérica, onde o profesor Tapio Varis me propuxo articularmos este encontro que arestora, presidido

polo rector da Universidade de Santiago de Compostela e contando coa presenza do embaixador de Finlandia en España, comezou a se desenvolver.

Urxía avaliar certos dilemas, facelo dende dous países extremos onde a construción da identidade ten as cicatrices de múltiples fendas, e nos que a produción cultural ten que ver con nós mesmos pero tamén co sentido do outro e coa necesidade de recoñecemento polo outro. Iso que en curto chamamos visibilidade. Cumpría, dende o interior do mundo, Galicia ou Finlandia, entrenzar unha fórmula que permitise entrar no real dende calquera ámbito e abordar transversalmente todos os ámbitos: o artístico, o teórico e o profesional. Dalgún xeito o que vai ser esta primeira mesa, dende a historia, a industria, a tecnoloxía e a filosofía, é proba do que pretendemos como o é a música, o cinema, a fotografía e a utopía, ese anaco do Camiño de Santiago que faremos o sábado para, entrementes, irmos cavilando nas conclusións.

Tapio ideou este encontro. Xosé Pereira e Lucía Barreiro, os bolseiros, fixérono posible e tamén os colegas do comité organizador, singularmente Liisa Salo-Lee, directora do Instituto Iberoamericano de Finlandia en Madrid, quen, como académica, é estudiosa da comunicación intercultural. E no último momento, cando algo estaba a piques de fallar, o CGAC -Miguel Fernández Cid e Agar- fixeron que puidesemos utilizar o seu piano e mais o seu espacio para escoitar o concerto que Manolo Rodeiro -un músico con tantos ecos fineses- preparou para nós.

Non, non é o que imaxinamos
 Non é ise universo levían, infindo, de sorrisos
 É un oficio rudo, sobrio, e decepcionante

repítenos Philippe Petit no seu *Tratado do funambulista*. E coma o funámbulo, agarrándose en vango ó seu balancín, sentes que desta vez algo vai mudar.

Oxalá que o encontro estea tan pleno de referencias para o que será o porvir como o está, dende a historia do cinema, a película *Juha*, onde Kaurismaki consegue axuntar, nunha escena e no noso imaxinario, a Buñuel e a Renoir.

Tal e como lles desexabamos ó comezo, benvidos a Santiago, capital desta outra Finlandia.

Margarita Ledo Andión

Universidade de Santiago de Compostela

Co-directora do Congreso

Novembro de 2000

O LABORATORIO DE FORMAS: HISTORIA DO
DESENVOLVEMENTO DUNHA PROPOSTA DE
CONFIGURACIÓN COMO UNHA ACTITUDE, SEN
LIMITACIÓN, DAS FORMAS MATERIAIS E INMATERIAIS

Isaac Díaz Pardo

Laboratorio de Formas de Galicia

Polos anos 46/47, empezamos a ter conciencia de que os nosos intelectuais, das artes, das letras, das ciencias, ficaban no exilio na súa inmensa maioría. No exilio estaba Pablo Picasso, Juan Ramón Jiménez, Rafael Alberti, Luis Cernuda, Manuel de Falla, Pablo Casals, Manuel Martínez Risco, Claudio Sánchez Albornoz e o seu fillo Nicolás, Rodríguez Luna, Quintanilla, Souto, Castelao, Colmeiro, Luís Seoane, Rafael Dieste, Lorenzo Varela, Rodolfo Halffter, Ramón María Tenreiro, Juan Rejano, Esteban Salazar Chapela, Candela, Alberto, Juan Chabás, Luís Lacasa, Caridad Pita, Carlos Velo, Jiménez de Asúa e un longuíssimo etcétera.

Esta realidade sumábase ó noso dilema e incerteza, e indicábanos que tiñamos que tomar outro camiño. Eu fixera Belas Artes, e na capital da España daquel tempo era fácil ser adulado e axudado se mantiñas unha actitude culturalista descomprometida de toda realidade. Mais ficaba claro que todo o que tiña valor estaba no exilio. Así, coidei mellor traballar apartado desa situación.

Nas preocupacións e nos coñecementos que tiña, había algo que chamaba a miña atención: Sargadelos, unha empresa que a finais do século XVIII introducía conceptos modernos na siderurxia e na cerámica, utilizando materias primas da mesma bisbarra e fabricando series, segundo deseños previos, o que viña a supor que, polo menos na cerámica, era a primeira vez que aparecía en España o deseño industrial. Ó seu creador, Antonio Raymundo Ibáñez, coñecido como o Marqués de Sargadelos, asasinárono no 1809 durante a francesada os caciques cobizosos da

súa preeminencia, mais as súas empresas seguiron traballando ata o 1875 polas súas virtudes.

Cando eu fago estas consideracións, era doado recuperar a Cerámica de Sargadelos que, a partir do seu peche, convertérase nun motivo de saudade. O primeiro que cumpría facer era coñecer a aptitude das terras de Sargadelos para facer unha cerámica de alta calidade como é a porcelana para utilizar en servicios de mesa. Así, no Castro de Samoedo, onde eu tiña un estudio, instalouse un taller experimental para ensaiar as terras da comarca sargadeliá, que resultaron ser excepcionais.

Aqueles ensaios empezaron a ser rendibles e, en pouco tempo, aquel taller experimental converteuse nunha fábrica con 100 traballadores, que comezou a ter sona fóra de Galicia, pois axiña viñeron os alemáns a apropiarse dos xacementos das terras de Sargadelos (unha historia dramática de Galicia que cada vez foi a máis). Mais tamén chegaron ofertas para reproducir na América algo semellante do que se fixo no Castro de Samoedo. No ano 55 empezamos na Arxentina a facer unha fábrica de porcelana, en Magdalena. Dúas cousas animaban esta nova experiencia: que nos frustraran as terras de Sargadelos e o feito de poñerme ó lado dos exiliados que ficaban na Arxentina, algúns, amigos de antes da Guerra Civil.

Aínda que as comunicacións eran difíciles, nós xa estabamos colaborando nas actividades de difusión da problemática galega que sostían algúns exiliados. Na Arxentina morrera Castelao, e o seu poderoso espírito aínda se sentía cando eu cheguei, catro anos despois do seu pasamento.

Mais alí ficaban Luís Seoane, Rafael Dieste, Lorenzo Varela, Arturo Cuadrado, Eduardo Blanco Amor, Antonio Baltar, Xosé Núñez Búa, Alberto Vilanova, Ramón Valenzuela e outros. Todos eles sabían coma nós o que acontecera na Galicia dende o ano 36, e todos soñaban con voltar á súa terra e converter en realidade aqueles soños. Entre todos falamos das cousas que habería que facer: posiblemente o máis importante era a recuperación do Seminario de

Estudos Galegos, idea que Castelao mantivo acesa ata a súa morte e que a Galicia de hoxe lle pagou dando unhas medallíñas no seu nome. Falábase tamén dos artistas do movemento renovador da arte galega, perseguidos e silenciados, dos medios de comunicación e da historia manipulada, da desmemorización programada, e todo isto acompañado do recordo dos creadores inmolados.

Estas preocupacións manifestábanse ó mesmo tempo que se construían emprendementos industriais, e é precisamente neste cruzamento de ideas onde nace o Laboratorio de Formas, como un proxecto ideal para crear institucións e emprendementos recuperadores da memoria histórica, que no ano 1963 Luís Seoane e mais eu articulamos como unha sociedade ideal para se proxectar noutras, entre as que ía ser unha peza importante a recuperación da Cerámica de Sargadelos.

OS MECANISMOS QUE TRABALLARON

Sería bo distinguir, aínda que esaxerando a súa ampliación para mellor enténdelo, que en todo facer pode haber intención de recoller o máis puro da orixe das cousas, onde fican os primeiros impulsos do que se quixo facer para satisfacer necesidades materiais ou inmateriais. Outro facer está na invención, na creación de novas ideas sen preocupación da orixe.

É dicir, nun extremo estaría a información ou reflexo da realidade histórica das cousas, e, no outro, a fantasía. Nós, sen deixar de valorar a capacidade creadora do home, coidamos que canto máis informada estea a tradición que lle corresponde, maior será a súa penetración no futuro.

De acó deducimos que as formas son unha linguaxe, e coma toda linguaxe teñen unha orixe. A nosa teoría non pasou de aí. Estudiáronse todas as experiencias de configuración que se levan feito, especialmente as que acompañaron á revolución soviética ata os anos vintecinco, que se correspondían máis ben con laboratorios que buscaban formas que ían máis aló da súa función como arte.

Tamén se valorou o labor da Bauhaus e a do Stijl, e os reflexos que estes movementos tiveron en España mesturados co modernismo.

Valorábanse outros estudos e as consideracións que se fixeran sobre o significado da arte e da cultura. Hoxe, en xeral, tirada do seu contexto histórico, emprégase a cultura como un estudio limitado ás humanidades, como se a cultura non fose todo o que non é pura natureza; é por isto que as institucións que aceptan esa limitación, sen cultura económica, social e política, son as preferidas dos intereses establecidos, e resultan máis ben entes culturalistas. O mesmo sucede co concepto de arte, que pasou de ser unha habilidade, non sempre positiva, a unha especie de entelequia na que cabe todo, e ás veces non é posible entrar con ideas lóxicas que satisfagan necesidades do home, materiais ou inmateriais.

Tamén estivemos preocupados por estudar e distinguir a cultura culta da cultura popular, pois aínda que ningunha das dúas se atopa en estado puro, si conviña establecer as razóns que as distinguen en puridade. A cultura popular carece de medios nemotécnicos que acumulen experiencia histórica, polo que é algo que responde á intuición dos individuos e das imaxes que lles chegan por vía do subconsciente doutras necesidades concretas, materiais e inmateriais. Pola contra, a cultura culta dispón de poderosos instrumentos nemotécnicos: libros, arquivos, museos, centros de estudio... que suman á intuición dos individuos toda a experiencia histórica que recollen.

O Laboratorio de Formas tivo boa acollida no seu momento entre as xentes que sobreviviron do galeguismo histórico, machucados polos corenta anos da "longa noite de pedra". Mais o primeiro que se quixo sumar ó seu labor foi o arquitecto Fernández-Albalat, acaso como representando novas preocupacións.

No ano 63 empezou a publicar Edicións do Castro, editorial limitada polas ideas que se imponían naquel tempo. No 68 empezouse a traballar nun sector experimental da planta circular de Sargadelos, que no 70 se inauguraba completa cun Seminario de Deseño Industrial patrocinado e controlado pola institución oficial

que naquel tempo levaba estes temas: a Vicesecretaría de Ordenación Económica, coa colaboración do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e o Laboratorio de Formas. Publicou entón o Laboratorio de Formas o manifesto que vai a continuación, tal e como nós o tiñamos concibido, malia que coas obvias limitacións que aínda impuña o réxime e que corresponden ó que vai en cursiva:

O Laboratorio de Formas, ideado por un grupo de galegos *exiliados* na América, *é dicir, xente que tiña un compromiso social co seu pobo*, ten como principio teórico que as formas materiais ou inmateriais, ademais do significado e o significante, deben e poden ter unha orixe, coma linguaxe que son, que as distingue dos conceptos cosmopolitas e dos experimentos especulativos, sen tradición, que dominan hoxe.

A partir deste principio, que compromete a traballar na recuperación da memoria histórica dos pobos -no noso caso de Galicia-, e asumidas as experiencias que se teñen feito no campo da configuración, e doutros conceptos prioritarios do destino do home e da súa capacidade para transformar e crear riqueza -conceptos que preocupan no noso tempo-, dende as primeiras iniciativas inglesas da época de Ruskin e Morris, ata os racionalistas, constructivistas e productivistas rusos que traballaron no Vkhutemas, pasando pola experiencia máis coñecida en occidente, a Bauhaus, o Laboratorio de Formas abandonou o período de formulacións teóricas para manifestarse en proxectos e realizacións de emprendementos auto-xestionados recuperadores de memoria histórica.

Así, cando se redacta este manifesto, para ler no congreso de deseño organizado con motivo da inauguración da planta circular de Sargadelos, o Laboratorio de Formas, colaborando con Cerámicas do Castro, conta xa no seu haber coa recuperación da cerámica de Sargadelos, que levaba máis de cen anos en ruínas silenciosas, sendo a obra de máis alento e prestixio do noso pasado industrial. Tamén conta co Museo Carlos Maside, que recolle obra e documentación do movemento renovador da arte galega; e

cunha empresa editorial -Ediciós do Castro- *para recuperar nunha serie documental a nosa memoria histórica, o estudio da nosa realidade presente, e espallar as nosas formas culturais.*

Ademais, o Laboratorio de Formas ten no seu peto unha serie de proxectos para realizar, *segundo a súa filosofía recuperadora, como son o de restaurar a actividade do prohibido e espoliado Seminario de Estudos Galegos, e crear unha serie de institucións para o estudio e información da historia, ademais de diversos laboratorios de industria e comunicación, de investigación científica e técnica, de fomento da creación de museos antropolóxicos, ademais de centros bibliográficos e documentais en todas e cada unha das institucións que se creen.*

Aquel ano 70 acababan de chegar a España as computadoras, co entusiasmo que producen os aparellos novos (a maior parte dos que asistían estaban felices con elas, e non precisamente os galegos, que somos máis desconfiados tamén das máquinas novas), que desafiaban con arrombar ó home como deseñador. Luís Seoane, que viña da América cansado de tantas novidades que chegaban a España con atraso, falou das virtudes de moitos deses aparellos: a máquina de Iván Sutherlan, a TX-2, a de Timothy Johnson, a DAC-3, a Illustromat..., que ademais de deseñar criticaba os deseños, e algunha ata tiña capacidade para calcular os mercados. A estes aparellos, dixo Seoane, non é posible negarlles utilidade; o malo deles, para crear, é que non se equivocan e non teñen dúbidas, que é o que fixo progresar á humanidade.

Como moitos participantes viñan subvencionados por Madrid, e a resistencia ó réxime empezaba a se manifestar, aquel Seminario de Deseño rematou coma o "rosario da aurora". Aquel mesmo ano 70 inauguráronse as primeiras salas do Museo Carlos Maside, que recollía a obra e documentación do movemento renovador da arte galega, a partir de Castelao, situado no Castro de Samoedo.

Afortunadamente, as cousas fóronse desenvolvendo como se proxectaran, e os outros proxectos que tiña no peto o Laboratorio de Formas naquel ano 70 tamén se foron realizando dentro dun

espírito de traballo máis ben autoxestionado, que soubo salvar atrancos que ás veces eran maiores canto mellor se facían as cousas. Atrancos cruzados cos que teñen présa para chegar a algunha parte e avanza polas vías rápidas, namentres nós iamos facendo as cousas polo camiño de abaixo, cos mesmos dilemas e incertezas, preguntándonos se haberá futuro ou se estaremos soñando.

Polo ano 79 morría o principal artífice do Laboratorio de Formas, Luís Seoane, e logo outros que con nós soñaran na América con levar adiante esta experiencia: Lorenzo Varela, Rafael Dieste, Eduardo Blanco Amor, Xosé Núñez Búa, Antonio Baltar, Arturo Cuadrado..., tamén se foron desta vida polas mesmas épocas, xunto con outros que nos entendían de entre os que permaneceran na metrópole.

PENSAR EN GALICIA: O ENSAIO FILOSÓFICO

Xosé Luís Barreiro Barreiro

Universidade de Santiago de Compostela

Partindo do feito de que non hai pobo sen filosofía, e de que cada ser humano na súa singularidade posúe, alomenos, unha filosofía implícita, tratamos de aclarar tres cousas: qué se entende por ensaio filosófico, cáles foron as circunstancias nas que xurdiu o ensaio e qué se entende (e entenderon os nosos devanceiros) por Galicia. A resposta ás dúas primeiras cuestións debuxa o cadro ou marco obxectual de referencia no que, e a partir do que, emerxe o ensaio filosófico, pois o pensar non é unha actividade "exenta" ou á marxe do espacio e do tempo, senón unha actividade "inmersa" nas coordenadas espacio-temporais. Dito doutra maneira, o pensamento filosófico -e a filosofía en canto traducción expresa deste- é un produto histórico; afirmación que evita as pretensións intemporalistas ou eternalistas de determinados pensamentos ou tendencias filosóficas. Vaíamos por partes.

O filósofo italiano Augusto Vera (1813-1885) na súa obra *Introducción á filosofía de Hegel* (1864), levado dun entusiasmo hegeliano raiano no paroxismo, non dubida en afirmar que o home, así como nace pintor, escultor, xeneral, militar ou político, "nace sobre todo hegeliano, e isto pola simple razón de que o home non é máis que home pola razón de que o pensamento non é tal máis que por medio da idea, de tal xeito que o pensamento e a idea son inseparables, ou mellor dito, eles son unha e a mesma cousa. Sendo así, non hai pensamento reflexivo, ou irreflexivo, científico ou non científico, que poida liberarse da acción do hegelianismo".

Vicente M. Risco, pensador galego, sen referencias expresas ó pensamento de Hegel, afirma: "Non entendamos por filosofía soamente a que se presenta en forma científica ou formando un sistema. Esta é a filosofía explícita, dos filósofos. Mais hai nos demais homes unha filosofía *implícita*, posto que a representación do

mundo, a imaxe cósmica, na súa forma primaria e espontánea, é en cada home e en cada pobo, coherente e unitaria, porque responde subxectivamente á unidade do espírito, e obxectivamente á coherencia mesma do mundo, que chamamos orde universal ou orde da natureza". En consecuencia, tamén o ser humano galego resulta ser filósofo por natureza en canto leva en si mesmo unha filosofía implícita, de acordo co seu modo particular de considerar a vida e as cousas; ten a súa propia cosmovisión. Cómpre precisar, sen embargo, que non se trata de dous momentos illados, senón dialécticamente integrables. O implícito representa o fondo vital, o mundo empírico, o mundo da vida, traducible en sistema; o explícito responde máis ben á constitución ou tradución dese fondo vital en sistema. A dita contraposición (implícito-explícito) pódese aclarar fenomenoloxicamente -como fai E. Montero Moliner- mediante a distinción de tres niveis contextuais: o nivel dos mundos históricos (que corresponden a cada época histórica e que son configurados por determinadas actividades humanas que se realizan nel; actividades que son variables); o nivel desas mesmas actividades, teóricas ou prácticas -sempre e cando contribúan á dita constitución ou configuración-; e o nivel do mundo da vida, básico, naturalmente dado, de estruturas empíricas, implícitas en todo tipo de actividade humana, que estimulan, condicionan e xeran todo o que se comprende co nome de cultura, arte, ciencia, etc. Velaquí como entre o implícito e o explícito media un conxunto de actividades racionais humanas; unha dialéctica entre mundos vividos e mundos históricos, racional e culturalmente constituídos.

Nesta contextura, a contraposición radical entre problema e sistema establecida por N. Hartmann non traduciría exactamente a distinción risquiana entre o implícito e o explícito, ó carecer, no caso de Hartmann, dunha estrutura intrínseca vinculante desas dúas dimensións. Velaquí as súas verbas:

Os sistemas cambian; son castelos de barallas que derruba o máis pequeno estremecemento; pola contra, a comprensión dos problemas persiste por embaixo do ir e do devir dos sistemas.

O sistema, illado, desvinculado do seu fondo vital que é o mundo da vida, derrúbase, é algo que non ten consistencia. Por iso é preciso manter a tensión dialéctica entre os dous niveis, a inmersión da filosofía (sistemática) sobre o fondo vital, no mundo da vida. Na dimensión exacta desta incardinación no mundo da vida, non nos resistimos a reproducir unha elocuente pasaxe de Unamuno:

Teño cada vez máis a convicción de que a nosa filosofía, a filosofía española, está difusa na nosa literatura, na nosa vida, na nosa acción, na nosa mística, sobre todo en sistemas filosóficos. É concreta. ¿E logo non hai en Goethe, por exemplo, tanta ou máis filosofía ca en Hegel? As *Coplas* de Jorge Manrique, o *Romancero*, *O Quijote*, *La vida es sueño*, a *Subida del Monte Carmelo*, implican unha intuición do mundo e un concepto de vida, *Weltanschauung* und *Lebensicht*. Filosofía esta, a nosa, que era difícil que se formulase nesa segunda metade do século XIX, época filosófica, positivista, tecnicista, de pura historia e de ciencias naturais, época de fondo materialista e pesimista. A nosa lingua mesma, como toda lingua culta, leva implícita unha filosofía (1958, 1004-5).

Palabras válidas e aplicables ó caso galego, sen dúbida ningunha. Só que, volvendo ó título inicial deste discurso, ó falar de Galicia convén facer algunhas precisións. Coa expresión "en Galicia" queremos evitar, intencionadamente, o enfrontamento directo e a adscrición case en exclusiva a algo así como a polémica sobre a existencia dunha filosofía española -neste caso sobre unha filosofía galega- con trazos específicos propios. A dita polémica -amais de amosar trazos específicos comúns- está suficientemente estudiada, malia que, para o noso marco concreto, podería verse incrementada pola trivial utilización da situación no *Finis Terrae*, por estar Galicia en situación de "excéntrica a periférica", illada,

incomunicada... Non queremos entrar nese debate, pero si indicar que coa expresión *en Galicia* queremos integrar as seguintes perspectivas ou dimensións: *de Galicia*, referida á orixe ou procedencia do pensador-ensaista, con independencia do lugar onde realice, exprese e comunique a tarefa e o resultado do seu pensar; *en Galicia* en canto á localización xeográfico-espacial dunha actividade reflexiva universal que, en canto tal, non ten patria nin fronteiras; *sobre Galicia*, en canto ó marco obxectual específico de reflexión e con caracteres propios nun dobre momento: a proposta de solucións "utópicas" ós "problemas de Galicia (tal como é a reflexión en xeral dos ilustrados) e a consideración de "Galicia como problema", a partir do romanticismo-historicista, con diversas opcións e tendencias no abano galeguista e nacionalista"; e *para Galicia*, en canto compromiso en clave de futuro en canto factor iluminador da realidade histórica galega, a nivel económico, sociocultural, educativo e mesmo político. Coa integración destas dimensións estamos a propor, e a defender, unha dialéctica, de inspiración hegeliana, *do universal e do concreto*; dialéctica frontalmente oposta ó etnocentrismo, ó pensamento único e unidireccional; dialéctica que, doutra banda, supón unha clara aposta polo multiculturalismo e polas diversas entidades culturais, é dicir, polas identidades nacionais coas súas diferencias, ou nas súas diferencias.

Unha substantiva pasaxe de Castelao pódenos servir como paradigma desta dialéctica do universal e do concreto:

O barco en que navegamos ven cheo de fuxitivos de moi diversas nacións, galgando en bonanza sobre do mar da Liberdade. Ningún intre máis axeitado que o d-este viaxe para esclarecer o noso problema nacional en meio de tantas lingoas que van a perderse na emigración. Os días son longos para meditar.

Empecemos a discurrir ó xeito dos internacionalistas, tomando como modelo a Jean Jaurés. Para este autor, a patria universal non pode realizarse máis que a base das nacións autónomas e reconciliadas. Querelas suprimir de raíz, para formar unha sociedade única, sería o mesmo que fuxir da vida e da natureza, caendo en verdadeiras abstrai-

cións ¿En qué ponto afincariamos o combate social e cál sería o resultado da vitoria se a patria única non contase máis que con almas mortas e sensibilidades apagadas? Non; o internacionalismo eficaz non deserta das patrias, senón que as transforma en órgaos d-unha nova humanidade. Pasou a hora dos ilusos, que consideraban a futura orgaización do mundo como resultante dos seus desexos, ao marxe das realidades históricas e das sustancias nacionaes. Esta negación do pensamento socialista nin os ascetas cristiáns serían capaces de abrazala. Así o internacionalismo abstraído semella un novo Icaro, máis ficticio que o da mitoloxía grega. Dígase o que se queira, a sociedade futura terá de crearse pola conxunción das sociedades presentes, de modo que o Estado mundial leve o cuño das patrias que a integren. Porque a patria non ten por fundamento exclusivo as categorías económicas, aprexadas no estreito marco d-unha propiedade de clases, pois conta con outra fondura orgánica e outra meta ideolóxica. (*Sempre en Galiza*, 676-77).

Despois de máis de cincuenta anos, o comentario de Castelao sobre J. Jaurés dá que falar, e ofrece motivos para pensar.

Pois ben, despois destas precisións contextuais, cómpre ir respondendo ás preguntas formuladas no programa indicado ó inicio deste discurso, de acordo en boa medida co planeamento risquiano: qué se entende por ensaio filosófico, cáles foron as situacións nas que xorden eses ensaios e qué fixeron os galegos no campo da filosofía explícita.

Conxugando o implícito e o explícito nunha visión histórica, entendemos por ensaio un discurso filosófico -en sentido amplo- do pasado que, tendo como obxecto os pensamentos expresados e conservados, procura descubrir, mediante un método crítico-xenealóxico, o sentido destes textos nos seus contextos profundos e polivalentes, a partir dos que xurdiron os devanditos textos. A aplicación concreta desta metodoloxía levaríanos a realizar unha lectura densa e profunda, a diversos niveis, ós que neste momento só podemos aludir, pero que inciden ou remiten á cuestión seguinte: cáles eran (e son) as diversas condicións nas que xurdiron eses pensamentos, atendendo á mesma estrutura psicodinámica do ser humano, e ó contexto económico, político, social,

etc., do suxeito pensante. Segundo Werner Stark (1963), un clásico da socioloxía do coñecemento, é preciso considerar a determinación social do pensamento no senso de que o núcleo subxectivo responde nas súas funcións cognoscitivas a unha estrutura constituída por diversos niveis, entre os que enumera: *o aparato categorial da mente* (apriórica) con que se achega á realidade, é dicir, a propia estrutura mental humana; *o aparato físico-biolóxico da percepción*, que fai posible a captación da realidade extramental; e *a capa axiolóxica da mente*, ou conxunto de valoracións e xuízos previos cos que olla a mesma realidade que pretende comprender e explicar. En resumo, tres tipos de elementos (apriórico, empírico-físico-biolóxico e axiolóxico) que determinan social -e historicamente- o coñecemento. No caso concreto do suxeito-pensante galego (sen pretender realizar neste momento unha descrición de tipo empírico, psico-antropolóxico e axiolóxico) sinaláronse xa algúns trazos da súa estrutura psicossomática, e mesmo da súa idiosincrasia, como por exemplo: unha certa dose de melancolía, de apego á terra, de resentimento, dun peculiar sentido do humor, da ironía e do ridículo, de familiaridade coa morte, de escepticismo e de estoicismo, de perplexidade e de indecisión, etc. A súa maneira de ver o mundo (*Weltanschauung*) e a súa consideración da vida (*Lebensicht*) está mediatizada por estes trazos determinantes, configuradores, dos que non pode prescindir.

Amais do concepto de ensaio e da consideración sobre as condicións nas que xurdiron eses ensaios ou pensamentos, cómpre tamén ter en conta -en terceiro lugar- qué se entende (e entenderon) por Galicia. Xa sinalamos catro niveis ou dimensións: *de Galicia*, *en Galicia*, *sobre Galicia* e *para Galicia*. Deixando fóra de consideración, neste intre, os dous primeiros niveis (*de* e *en Galicia*), porque son os menos relevantes, e mesmo o cuarto nivel (*para Galicia*, pola dose, que pode implicar de futurismo ou de lectura profética; e eu non me sinto profeta, aínda que o futuro que se está a albiscar nin vai ser doado, nin prometedor; pero outros máis autorizados poderían facer diagnósticos moito máis precisos), estimo oportuno e

conveniente concretar un pouco máis a terceira dimensión (*sobre Galicia*), na dobre vertente de "descubrir os problemas de Galicia" ou de "converter a Galicia en problema", en obxecto dunha reflexión específica. Como dicíamos que o ensaio tiña como obxecto os discursos filosóficos do pasado -subliño o termo pasado en calidade de historiador da filosofía, aínda que recoñezo que hai outras dimensións e secuencias temporais-, o máis lóxico é preguntarlles ós pensadores de Galicia como entenderon esa dobre vertente de reflexión sobre: "os problemas de Galicia" e sobre "Galicia mesma como problema", advertindo que non son máis que dous tempos diferentes, ou dúas caras da mesma moeda, de tal modo que o descubrimento dos problemas de Galicia leva, andando o tempo, á consideración de Galicia como problema.

O descubrimento dos problemas de Galicia. O proceso histórico de "decadencia", experimentado en España a partir do século XVI -decadencia vivamente sentida en tempos dos "novatores ou neotéricos"-, afectou tamén a Galicia, sumida nunha "longa noite de pedra". Pero, xa no espertar do Século das Luces, tanto en España, como en Galicia, constátase un movemento ilustrado, tendente a descubrir e resolver os seus problemas. Neste sentido cómpre dicir que o proxecto dos ilustrados, en canto proxecto emancipador, supón -con todas as limitacións inherentes ó mesmo proxecto- un compromiso coa realidade socio-política, económica, cultural etc., do seu tempo. Por iso, a pesar de que a existencia dunha ilustración española foi negada, cando non foi desprezada por parte dalgúns historiadores foráneos e mesmo ibéricos -negación extensible ó caso galego-, o certo é que en Galicia si houbo movemento ilustrado e ilustrados, malia que os trazos configuradores do dito movemento chegaron a Galicia cun determinado atraso, facendo constar que a Ilustración non é un fenómeno homoxéneo, senón heteroxéneo, e que en canto movemento xorde a partir dunhas determinadas circunstancias, que Lucien Golmann, en clave marxista, interpreta dun xeito metodoloxicamente adecuado: "A metodoloxía das ideas -afirma- ensinounos desde hai

tempo que todo pensamento, toda maneira de sentir, están determinados e estruturados por categorías mentais estreitamente vinculadas á vida concreta dos grupos humanos que naceron e desenvolveron este pensamento e esta maneira de sentir".

Xusto nesa dimensión sitúa Fausto Dopico o obxectivo do proxecto ilustrado, como intento de realizar non unha revolución política, senón un programa de reformas susceptibles de tradución práctica con base na súa racionalidade e na capacidade transformadora da propia Ilustración.

Pois ben, as particulares condicións de existencia e de vida concreta (enténdase infraestructura socioeconómica fundamentalmente) dos grupos humanos de Galicia, sobre todo na segunda metade do século XVIII, inciden de forma decisiva nas categorías mentais e formas de pensar que de aí xorden e que desde aí se producen. Partindo da situación contrastada de atraso e deficiencias no campo, na industria, nas técnicas de pesca, no comercio, nas redes viarias, na educación, etc., os ilustrados galegos -abertos ás ideas renovadoras recibidas do alén das súas fronteiras- procuran ofrecer solucións pragmáticas -aínda que non de maneira uniforme- ós problemas cos que se enfrontaba a sociedade do seu tempo. Homes como B. J. Feixóo, Martín Sarmiento, Francisco de Castro, A. Páramo Somoza, José Cornide, Pedro Antonio Sánchez, Vicente do Seixo, Herbella de Puga, Cónsul Jove, Marcelino Pereira, Somoza de Monsoríu, Lucas Labrada, etc., constitúen un grupo heteroxéneo, de procedencia social diversa (fidalgos, profesores universitarios, clérigos seculares e regulares, altos cargos da administración...), pero que amosan, en conxunto, unha serie de ideas innovadoras e -de traducirse na práctica- liberadoras e emancipadoras dos males que lle afectaban á sociedade do seu tempo.

É certo que as solucións propostas non supuñan unha ruptura radical -nin sequera un enfrontamento aberto- nin coa estrutura social do Antigo Réxime, nin coa institución monárquica, nin coa relixión católica imperante (sen se dar no aspecto relixioso "un proceso a Deus, como divisa", en expresión feliz de Paul Hazard

aplicada á Ilustración francesa). O talante moderado dos ilustrados galegos está en consonancia coa moderación característica da Ilustración española en xeral, e aínda coa mesma Ilustración alemana. Neste senso convén ter en conta que a mesma orixe social da meirande parte dos ilustrados galegos impedía, dunha banda, calquera tipo de revolución violenta e, doutra, unha toma de conciencia realista sobre a estratexia que había que seguir: só desde enriba -pensaban utopicamente-, é dicir, desde os poderes establecidos, era posible a tradución operativa do seu proxecto emancipador. Outra vez a valoración concreta de Lucien Goldmann, aplicable tanto a España como a Galicia: "A monarquía ilustrada, sobre todo nos países atrasados, como Prusia, Austria, ou Rusia, cumpría daquela unha función moderadora e progresista, favorecendo o desenvolvemento da burguesía contra a resistencia de formas sociais superadas".

Hai, sen embargo, ilustrados galegos que estarían en desacordo coa valoración moderada precedente, ó se aproximar ás teses do liberalismo e facer pensar que determinados problemas existentes, e as reformas proxectadas, só poderían resolverse fóra do actual sistema político, é dicir, fóra da institución monárquica. Este é o caso -o único que coñecemos- de Pedro Antonio Sánchez (cóengo de Santiago e membro da Real Sociedade de Amigos do País), quen, co obxectivo de reducir a mendicidade, non dubida en se pronunciar abertamente en favor dun sistema republicano fronte á institución monárquica.

E referíndonos xa ó proxecto global dos ilustrados galegos -no que se amosa o seu compromiso coa realidade- é preciso subliñar -sen entrar agora nunha exposición minuciosa- as seguintes fronteiras ou necesidades de reforma: necesidade dunha reforma agraria, o fomento da industria, a dignificación e aprecio de todos os oficios, o impulso do comercio e a mellora das vías de comunicación, a reforma educativa.

Como queda indicado, o proxecto era presentado como un programa de reformas, pero nin violentas nin revolucionarias, sim-

plemente susceptibles de traducción práctica, con base na forza inherente á mesma razón ilustrada; razón reformadora, optimista, fortemente utópica -se se quere-, pero endexamais quimérica ou irreal. Xusto neste contexto é necesario entender o desaxuste entre teoría e praxe, o fracaso do proxecto ilustrado, en canto proxecto non realizado.

A consideración de Galicia como problema. A partir da metade do século XIX pódense seguir os diversos momentos do proceso de toma de conciencia de Galicia, da súa personalidade en canto pobo diferenciado, dotado dun matizado *Volkgeist* propio. Son os momentos en que Europa enteira se sente invadida por un sentimento romántico, por un desexo ardente (*Sehnsucht*) de recuperar as súas orixes a as súas nacionalidades diferenciadas. Neste contexto o mito da *Ur-Volk* (dun pobo primitivo, dotado dunha cultura excepcional, transmitida dun modo un tanto misterioso ata o presente) acada plena funcionalidade, segundo as diversas dimensións establecidas de tipo cronolóxico-fundacional. A lexitimidade, e mesmo a dignidade, dun pobo está en relación directa coas súas orixes. Para o caso de Galicia, as *Historias* de Vereá y Aguiar, de Martínez Padín, de Benito Vicetto e, incluso, de Murguía hipervaloran a compoñente celta, e cifran as orixes da conciencia histórica de Galicia en tempos anteriores á ocupación dos romanos.

Pero, mitos á parte, o certo é que a recuperación da conciencia histórica de Galicia e a consideración de Galicia como entidade diferenciada iníciase na segunda metade do século XIX, xusto cando xorde unha conciencia política que dá lugar a un movemento, ou a movementos, tendentes a exaltar e a reivindicar a personalidade histórica de Galicia, a súa autonomía política e administrativa. É dicir, tal toma de conciencia comeza a evidenciarse coa aparición do galeguismo e o nacionalismo, como doutrinas teórico-políticas que xeran un movemento encamiñado a conseguir e a recuperar un poder de decisión efectivo para o pobo galego, en canto pobo diferenciado, dotado de personalidade propia. Este movemento complexo -que considera a Galicia como problema- ou

obxecto de reflexión e de preocupación -no seu decurso histórico-foi susceptible de formulacións, acepcións e ideoloxías distintas, en canto a obxectivos, contidos doutrinais, programas e procedementos reivindicativos.

Obviamente non podemos entrar na consideración particularizada das distintas fases ou etapas do galeguismo e do nacionalismo. Pero si queremos indicar que o nacionalismo durante o franquismo sufriu unha longa e dura represión. Nesta tesitura, algúns nacionalistas refuxiáronse no culturalismo, renunciando á actividade política; outros, en clandestinidade, participaron na actividade política, incorporando elementos de análise en clave marxista. Sobre o nacionalismo posfranquista -que forma parte do presente e constitúe tamén un enigma de futuro- preferimos gardar silencio, agardar. Só queremos deixar constancia da queixa de Castelao, camiño do exilio en alta mar, en relación coa incompreensión dos "repúblicos hispanos", que se negaron a equipararnos, di, con cataláns e vascos, "sabendo que realizabamos idénticos deberes constitucionais". Non é o momento de realizar xuízos de valor, nin de analizar en profundidade a proposta autonomista de Castelao, pero si cremos que o seu programa sintetizado en catro puntos pode aínda hoxe brindarnos o pretexto, e a oportunidade, para unha seria e fonda reflexión:

- a) Autonomía integral de Galiza para confederarse cos demais povos de Hespaña.
- b) República federal Hespañola para federarse con Portugal.
- c) Confederación Ibérica para ingresar na Unión Europea.
- d) Estados Unidos de Europa para constituir a Unión Mundial.

"Paquebote Campana". Xullo-agosto do 1947.
(*Sempre en Galiza*, 725)

ORIENTACIÓNS BIBLIOGRÁFICAS

Abellán, J. L. (1981): *Historia crítica del pensamiento español*, III, Espasa-Calpe, Madrid.

Area, R. (1990-92): "Para unha filosofía galega", en Barreiro, X. L. (coord.): *O pensamento Galego na Historia*, Universidade de Santiago, pp. 389-393.

Barreiro, X. L.; Crujeiras, M. X. e Rivas, M. (1992): "Filosofía e Ilustración en Galicia", en Agra, M. X.; González M. (coords.): *El Pensamiento filosófico y político en la Ilustración Francesa*, Universidade de Santiago, pp. 303-331.

Barreiro, X. L. (1995): "O ensaio filosófico en Galicia", *Colóquio-Letras*, Fund. Goulbenkian, Lisboa, 2 Vols., I, pp. 205-209.

Barreiro, X. L. (1990-92): *O Pensamento Galego na Historia*, Universidade de Santiago, Santiago de Compostela.

Barreiro, X. R. (1981): *Historia de Galicia*, Galaxia, Vigo.

Barreiro, X. R. (1991): *Galicia-Historia*, Ed. Hércules, T. IV-VII, A Coruña.

G. Beramendi, X. (1981): *V. Risco no nacionalismo galego*, 2 vols., Ed. do Cerne, Santiago.

G. Beramendi, X.; Máiz, R. (comps.) (1991): *Los nacionalismos en la España de la II República*, Consello da Cultura Galega, Santiago.

G. Beramendi, X.; Núñez, X. M. (1995): *O nacionalismo galego*, Promocións Culturais Galegas, Vigo.

Bueno Martínez, G. (1996): "El lugar de la filosofía en la Educación", en Pérez Tapias, Estrada, J. A. (ed.): *¿Para qué filosofía?*, Granada, pp. 421-452.

- Chao, X. (1987(2)): *Para comprendermos Galicia*, Galaxia, Vigo.
- Dopico, F. (1978): *A Ilustración e a sociedade galega. A visión de Galicia nos economistas ilustrados*, Galaxia, Vigo.
- Fernández del Riego, F. (1983): *Pensamento galeguista do século XIX*, Galaxia, Vigo.
- Goldmann, L. (1967): *La Ilustración y la sociedad actual*, Monte Ávila Ed., Caracas.
- Gondar Portasany, M. (1993): *Crítica da razón galega -Entre nós-mesmos e nós-outros*, Edicións A Nosa Terra, Vigo.
- González López, E. (1954): *Galicia, su alma y su cultura*, Bos Aires.
- Hartmann, N. (1957): *Der philosophische Gedanke und seine Geschichte. Kleinere Schriften*, II, Berlín, pp. 1-48.
- López Carreira, A. (1985): *A Revolución Irmandiña*, Ourense.
- López Pereira, E. (1989): *O primeiro espertar cultural de Galicia*, Universidade de Santiago, Santiago de Compostela.
- Máiz, R. (1997): *A idea de nación*, Ed. Xerais, Vigo.
- Montero, F. (1976): "La historicidad de la Filosofía", *Introducción a la Filosofía Presocrática*, Universidade de Valencia, pp. 7-13.
- Otero Pedrayo, R. (1982): *Ensaio histórico sobre a cultura galega*, Galaxia, Vigo.
- Regueira, R. (1992): *X. V. Viqueira. Teoría e praxe*, Ed. Novo Século, Iria-Flavia (Padrón), A Coruña.
- Reyes Mate; Niewhöner, F. (1987): *La Ilustración en España y Alemania*, Anthropos, Barcelona.

Risco, V. (1935): "A vocación filosófica de Galiza", en *Logos*, Pontevedra, n.º 46, 57-62. [Reedición en Sotelo Blanco Edicións, Serie "Resgate", Barcelona, Vol. II., 1983].

Rodríguez Castelao, A. D. (1992): *Sempre en Galiza*, (ed. R. Máiz), Universidade de Santiago, Parlamento de Galicia.

Saavedra, P. (1992): *A vida cotiá en Galicia, 1550-1850*, Universidade de Santiago.

Stark W. (1963): *Sociología del conocimiento*, E. Morata, Madrid.

Unamuno, M. (1958): *Del sentimiento trágico de la vida*. Conclusión, II, Aguilar, pp. 1004-1005.

Vera, A. (1964(2)): *Introduction à la Philosophie de Hegel*, Ladrangle, París.

Villares, R. (1997): *Figuras da nación*, Ed. Xerais, Vigo.

NOKIA: VISIÓN DE FUTURO

Juana Fernández Silva

Nokia España S. A.

Gustaríame comezar a miña intervención contándolles un pouco que é Nokia, cales foron os seus primeiros pasos e finalizar coa idea de como será o futuro das telecomunicacións desde a visión que se ten nesta empresa.

As orixes de Nokia remóntanse ó ano 1865 a Finlandia, co establecemento, por parte do enxeñeiro de minas Fredrik Idestam, dunha fábrica dedicada á industria forestal na zona sudoeste do país.

Posteriormente, noutros lugares do país, fundáronse dúas empresas que terían unha influencia vital no proceso de creación de Nokia: Finnish Rubber Works Ltd, no ano 1898, dedicada á produción de calzado e pneumáticos de goma, e Finnish Cable Works, fabricante de cables eléctricos, en 1912. De forma gradual, tanto Nokia como as dúas empresas foron testemuñas de como o control destas se ía reducindo a uns cantos propietarios. Este proceso culminou coa fusión das tres empresas en 1967 nunha única organización denominada Nokia Corporation.

Nokia Plastics comezou a operar a principios da década dos 70 e algúns anos máis tarde Nokia converteuse nun importante fabricante de produtos de carpintería do metal e de sistemas de ventilación. En 1982, asinouse a absorción da empresa Finnish Chemicals.

Nos 80, Nokia afianzou a súa posición nos mercados das telecomunicacións e a electrónica de consumo gracias á adquisición das empresas Mobira, Salora, Telenokia e Luxor de Suecia. En 1987, Nokia comezou a facerse co control das operacións no mercado da electrónica de consumo da empresa alemana German Standard Elektrik Lorenz, absorbendo parte desta, así como da empresa francesa Oceanic, dedicada á fabricación do mesmo tipo de consumibles electrónicos. Outra das importantes incorpora-

cións tivo lugar en 1987, coa adquisición da empresa suíza de maquinaria de fabricación de cables Maillefer.

Cando o grupo Nokia se forma en 1966, a electrónica xera o tres por cento das vendas do grupo e proporciona traballo a 460 persoas.

Pouco a pouco as actividades de Nokia vanse concentrando nas telecomunicacións ata a actualidade, en que o 93 por cento dos recursos da empresa son dedicados ó mercado das telecomunicacións.

Desde principios dos noventa, Nokia concentrouse no desenvolvemento de seu obxectivo principal, as telecomunicacións, reducindo a súa actuación nos sectores da tecnoloxía da información e nas operacións empresariais e industriais básicas. En 1995 Nokia vendeu a NKF a súa participación na compañía con sede en Finlandia denominada Nokia Cables Group e en 1996 a parte correspondente do negocio relacionado co mercado televisivo a Semi-Tech (Global) Company Limited de Hong Kong.

A historia de Nokia nas tecnoloxías-radio é moi longa. En 1967 Nokia comeza a súa xeración de sistemas de radioteléfonos manuais.

Nokia introduce o primeiro equipo de transmisión de 30 canles en 1969 (Pulse Code Modulation) conforme ó estándar do CCITT (Consultative Committee on International Telegraphy and Telephony).

En 1982 aparece a primeira central de conmutación dixital europea, a DX 200. Este produto obtén un grande éxito no mercado e é aínda hoxe en día a base da infraestrutura de rede de Nokia.

O Mobira Talkman, lanzado en 1984, foi o primeiro teléfono portátil. En 1987 Nokia introduce o primeiro modelo de teléfono portátil de man: o Nokia Cityman.

A principios de 1988, Nokia converteuse na compañía escandinava máis importante no campo da tecnoloxía da información coa incorporación da división de sistema de datos de Ericsson. En 1989, Nokia propiciou unha significativa expansión da industria do cable na Europa continental gracias á absorción da empresa holandesa de comunicacións por cable NKF.

Desde os seus comezos, Nokia foi un dos principais desenvolvedores da tecnoloxía GSM. En 1991, Nokia acorda subministrar redes GSM en nove países europeos.

En 1994 Nokia Mobile Phones foi o primeiro fabricante en lanzar teléfonos móbiles para todos os sistemas dixitais: GSM, GSM 1800 (PCN), TDMA e Japan Digital.

1997 - esta lista foi completada coa adición dos teléfonos móbiles CDMA e GSM 1900.

1998 - a primeira solución de Intranet e GSM para Oficina de Nokia, mobilidade total no lugar de traballo.

1999 - o primeiro teléfono multimedia do mundo, o Nokia 7110.

Aínda que moi probablemente a fama da compañía sexa debida ós teléfonos móbiles, non debemos esquecer que estes non poderían funcionar sen as infraestructuras que os sosteñen. Nokia reúne dous grupos de negocios: Nokia Networks e Nokia Mobile Phones. Así mesmo, inclúe unha organización independente, Nokia Ventures Organization, e unha unidade de investigación corporativa, Nokia Research Center.

Nokia Networks, a división de Nokia que se encarga de subministrar solucións, contaba con 23.000 empregados en 1999 e unhas vendas netas de 5.700 millóns de euros. É líder en integración de sistemas e subministración de tecnoloxía e principal innovador en redes de acceso móbil e fixo, así como en creación, dotación e xestión de servicios IP.

Nokia é o maior fabricante de teléfonos móbiles do mundo. Cunhas vendas netas de 13.200 millóns de euros en 1999, contaba daquela con cerca de 24.000 empregados. A súa ampla gama de produtos abarca todos os segmentos de consumo e todos os diferentes estándares en todo o mundo. É líder no mercado en terminais de Internet móbil e en solucións de converxencia dixital. O volume total de vendas de teléfonos móbiles foi de 78,5 millóns de unidades en 1999.

Nokia posúe oficinas de vendas en máis de corenta países do mundo e os seus departamentos de fabricación e investigación

e desenvolvemento tamén se reparten por Europa, Asia e América. Actualmente conta con 57.000 empregados en todo o mundo.

O crecemento da marca Nokia é moi importante: ocupa o liderado mundial en teléfonos móbiles. Nokia é considerada a undécima marca máis valiosa do mundo pola publicación *Interbrand* e aparece entre as 100 mellores compañías para traballar en EE.UU. segundo a revista *Fortune*.

A estas alturas todos nós oímos falar de Internet, da rede de redes, pero ¿sabemos que é Internet móbil? O concepto de Internet no noso móbil é moito máis amplo que navegar pola rede desde o noso teléfono móbil. Internet é un protocolo, un modo de transportar a información e iso é o que se usará dentro de moi pouco nos nosos teléfonos móbiles para moitas máis cousas que para navegar pola rede. Estamos ante unha gran revolución no mercado das telecomunicacións, no modo de entender a palabra comunicación, que pasa de ser pór en contacto verbal a dúas persoas a través dun fío telefónico a darnos acceso a un mundo de información desde calquera lugar onde nos atopemos. O móbil xa non só vai servir para comunicarnos senón para acceder a calquera tipo de información en calquera formato, a realizar compras ou a xogar "en rede" con outras persoas que se atopan en calquera lugar do planeta. A tecnoloxía está xa lista para ser usada e as aplicacións están xurdindo a un ritmo velocísimo.

Así como a revolución que trouxo consigo o telégrafo nos fixo cambiar o concepto que tiñamos de distancia, a revolución do móbil faranos cambiar o concepto de lugar. Estámonos movendo cara á sociedade de información móbil, onde o usuario final é o que marca as regras para desenvolvemento do mercado das comunicacións. Nesta sociedade baseada no coñecemento, a xente espera acceso inmediato á información, ós servizos que necesita, sen importarlle o tempo nin o lugar.

Cando Internet sexa o medio universal para a distribución da información para os negocios, o comercio e o ocio, o gasto da

xente nas comunicacións aumentará. De feito, nos mercados máis avanzados esta porción de gasto aumentou xa.

Cremos que esta tendencia continuará cando Internet chegue a ser nin máis nin menos que unha rede pública para todo.

O crecemento en volume do tráfico en Internet e o volume de tráfico móbil é significativo. Nokia cre que os ingresos das redes móbiles chegarán a ser aproximadamente a metade dos ingresos totais de comunicación de voz e Internet no ano 2005.

Os ingresos por Internet móbil no ano 2005 serán maiores que os actuais ingresos da telefonía móbil, os cales, pola súa vez, crecerán, e todo isto sen diminuír os ingresos da telefonía fixa.

Os teléfonos móbiles conectan á xente de maneira virtual coa tecnoloxía, a cal se fundamenta nas necesidades humanas. A posibilidade de satisfacer as necesidades de comunicación sen ter en conta o lugar ou o momento achegaralles ademais mobilidade e presenza virtual ás comunicacións de datos. Debido a este feito, os terminais móbiles serán a principal base das aplicacións e os medios de comunicación o día de mañá.

Unha gran parte do crecemento do número de terminais móbiles virá polos móbiles con conexión á rede. Nokia estima que o número de teléfonos móbiles conectados á rede excederá o número de ordenadores conectados a Internet no ano 2003.

Isto significa que o futuro non serán os ordenadores, como pensamos todos durante algúns anos, senón os teléfonos móbiles.

O ano 1999 foi un fito neste desenvolvemento e chegou a ser cada vez máis evidente de modo que a industria da informática recoñeceu a dita tendencia.

O enorme crecemento no número de usuarios dos teléfonos móbiles, a adición da tecnoloxía WAP ós terminais, os servizos, o entretemento, así como os contidos orientados ós negocios, deron lugar a esta situación.

De novo, a dinámica de dous mercados. Como xa dixemos anteriormente, a telefonía móbil e Internet guiarán esta tendencia.

TELEVISIÓN E VIOLENCIA. A CRISE, A TAREFA ENUNCIATIVA, O PLANO EXPERIENCIAL

Antía López Gómez

Universidade de Santiago de Compostela

Para os actuais estudos sociolóxicos e psicolóxicos, fundamentalmente, constitúe unha cuestión comunmente criticada da oferta programática televisiva, a elevada ou elevadas doses de violencia coas que aquela pon en contacto, indiscriminadamente, ó espectador, a calquera espectador. Así, a televisión, en particular, e os medios de comunicación, en xeral, son acusados de pór en circulación demasiados estímulos de carácter violento que incidirían, directa ou indirectamente, no comportamento agresivo dos individuos que forman parte do corpus social. E si, en efecto, a presenza de actos, palabras, actitudes, situacións... violentas resulta social e individualmente perniciosa, cabe preguntarse polo motivo da profusión do violento no campo televisivo. Para intentar responder a esta cuestión, comezaremos situando o violento fóra do texto televisivo, sexa cal sexa a súa tipoloxía, o seu xénero, así como as condicións da manifestación do violento no seu seo; o lugar extratextual orixe da violencia é, dende a nosa perspectiva, o campo do inconsciente, o *id* -estámonos a referir a instancias psíquicas que forman parte das tópicas freudianas-. Trátase de asumir, dende o inicio, que a violencia é consubstancial ó ser humano e, por este motivo, se en algo resultan eficaces os textos -entre eles os televisivos-, culturalmente falando, será na medida en que sexan capaces de enunciar certa xestión, certo sentido para *id*.

Convén, pois, determinar o estatuto, a condición, do fenómeno "violencia" en canto manifestación textual televisiva. Comezaremos sinalando, a este respecto, que é o que no propio texto televisivo, no seu tecido significante, se detecta como manifestación do violento. De maneira que podería dicirse que esta viría dada polo xurdimento dunha tensión, e incluso dun estalido máis

ou menos intenso, no espacio da textura do texto -ese sería o seu punto de partida-, así que todos os demais compoñentes do texto, no seu conxunto, referiríanse, apuntarían, quedarían polarizados por isto. Neste sentido, se o texto pretende ser historia de algo, será probablemente historización dun estilo. Por outra parte, a experiencia para o suxeito espectador diso que ocorre no texto terá a forma de rozamento ou azoute, segundo a súa magnitude, así *sería sentido*. Tensión, estalido, rozamento, azoute, estamos situando a deflagración do texto -a ignición, segundo a noción que formula Jesús González Requena¹-, e aínda cabería dicir a deflagración do tecido significativo do texto dado que entra en contacto coa súa textura.

Aínda precisaremos: tensión, estalido, roce, azoute ou, tal e como puidera sinalarse dende o campo psicanalítico, revelación do pulsional. A este respecto, convén examinar a seguinte consideración de Guilles Deleuze, onde se localiza ben o *matiz*, o *trazo* e, incluso, a *condición violenta* do pulsional:

A lei ou o destino da pulsión é apoderarse con astucia, pero con violencia, de todo o que nun medio dado *pode*, e, se pode, pasar dun medio a outro².

Aínda que Deleuze introduce unha cuestión que precisaría dun debate teórico máis amplo, tal é o caso da consideración do destino da pulsión, pois o destino, o obxecto da pulsión non existe, se existe obxecto ese será o obxecto do desexo. Pero, en todo caso, fixémonos na condición violenta do pulsional: a lei da pulsión é violenta -di Deleuze-, e, incluso, o ser da pulsión é violento, e o *ser da pulsión* non será outro que o inconsciente, logo, *iso violento consubstancial ó ser*, ó que faciamos referencia precedentemente, queda aquí definido como o que alberga o inconsciente: o

1. Véxase González Requena, J. (1996): "El texto: tres registros y una dimensión". *Trama y Fondo*. N.º 1. Madrid.

2. (A traducción é nosa) Deleuze, G. (1994): *La imagen-movimiento. Estudios sobre cine I*. Barcelona, Paidós. P. 186.

id freudiano sitúase moi precisamente. E se o pulsional, se isto está no texto, constituirá a súa crise, a crise da (está na) textualidade.

En termos teóricos, ¿como cabe referirse a *id*?, ¿que se pode dicir da crise do texto?, e en termos experienciais, ¿que se pode facer coa crise do texto, cun texto crítico? Retomando unha consideración de Rudolph Otto, diso pode dicirse *árrétou*, o inefable e indefinible³. Dende a nosa perspectiva, entón, subscribiremos que da crise nada pode dicirse, está depositada no texto e comparece para ser experimentada por un suxeito dado, pertence á orde do experiencial do texto, logo non se intelixibiliza, non se codifica, non é esa a súa función.

Só cabe, pois, aproximarse ó *campo crítico* do texto a través do suxeito, isto é, a través do traxecto trazado no texto para o suxeito da experiencia. E ben, da experimentación do roce cabe xa dicir algo, cabe determinar a súa condición; apelando a Freud⁴, ¿habería que situar o roce do lado do que causa angustia, do que asusta ou do que amedrenta? Sinala Freud que o susto, o medo e a angustia, na medida en que se relacionan todos eles co perigo -e o azoute, o roce, a crise, constitúen elementos de perigo, como ameazantes para as condicións de equilibrio do texto-, son termos que se utilizan erroneamente como sinónimos xa que, segundo o autor, o susto constitúe un estado que invade ó individuo dun modo brusco no instante en que se presenta un perigo inesperado, para o cal, polo tanto, aquel non estaba preparado; o factor sorpresa acentúase, pois, neste caso. En canto ó medo, require un obxecto específico, determinado, que llo inspire a cada individuo en particular. Por último, a angustia consistirá nun estado próximo á expectación do perigo e á preparación para el, aínda que este resulte descoñecido. Pois ben, identificaremos a angustia como a forma de experimentar iso que denominamos roce, azoute, crise

3. Otto, R. (1998): *Lo santo. Lo racional y lo irracional en la idea de Dios*. Madrid, Alianza. P. 11.

4. Freud, S. (1994): *Más allá del principio del placer*. Madrid, Alianza. Pp. 88-89.

(na experiencia) do texto⁵. Dito doutro modo, e xa no campo especificamente televisivo, a angustia do suxeito revélase no marco do texto programático. Na angustia maniféstase o inconsciente, é o modo en que este pode ser sentido, agora ben ¿que facer con ela unha vez que resulta convocada?

Indicabamos que se produce un estalido no texto mensurable en intensidade. Sen embargo, non é a súa cuantificación o que mobiliza o noso interese, senón o feito de recoñecer a maneira en que o texto se fai cargo do dito estalido, é dicir, se é capaz de acoutalo nalgunha dimensión cultural, humanamente rendible, servible e asumible, ou ben polo contrario, se o texto non leva a cabo esta acoutación e o pulsional-violento, en consecuencia, puidera chegar a estenderse aniquilando todos os seus rexistros. Se o pulsional-violento ocupa progresivamente todos os espazos do texto, dirase que impide a posibilidade de *ser do texto* mesmo.

Cabe, aínda, outra posibilidade, consistente no taponamento da pulsión en virtude da mobilización do rexistro imaxinario do texto. Neste sentido, e de cara a definir o modo en que o imaxinario se desenvolve, se desprega, debe considerarse a relevancia da mirada no establecemento da relación imaxinaria propiamente dita; en termos de Walter Benjamin, aínda que non conceptualiza como tal o imaxinario, defínese ben a expectativa como sustento do imaxinario, unha expectativa creada froito de determinado acto de mirar:

Pero á mirada resúltalle inherente a expectativa de que sexa correspondida por aquel a quen se lle outorga. Se a súa expectativa é correspondida... tócalle entón a experiencia da aura en toda a súa plenitude⁶.

E así, no imaxinario, como depositado no texto, trátase de establecer unha pauta para o traxecto da mirada do espectador nos

5. Localizamos, pois, a ignición no seu dobre aspecto, como o que se manifesta no texto e como a angustia que isto provoca.

6. Benjamin, W. (1998): *Poesía y capitalismo. Iluminaciones II*. Madrid, Taurus. P. 163.

termos da fascinación, un traxecto tal que, ó tempo que se afasta da ignición, localiza no ollo que mira certa afluencia pulsional insaciable, recorrente, intemporalizada.

Por outra parte, nos textos tamén poderemos atopar a tentativa (o traballo) de significar a ignición, isto é, introducila nunha estrutura lóxica, racional, de coherencia. Non obstante, a dificultade de levar a cabo esta tarefa de intelixibilización virá dada polo feito de que, ó igual que a imaxinarización, tamén a pretendida semiotización do real, lonxe de reduci-lo, acaba devolvendo o asomo do fondo, o fondo da angustia do suxeito, ese que vehementemente se quería taponar. Neste senso, cabe atender as seguintes consideracións de Gilles Deleuze en relación á experiencia psicótica, que definen moi ben, en todo caso, ese asomo do fondo en termos de experiencia do sen sentido:

Neurose e psicose, tal é a aventura da profundidade. *A estrutura o Outro organiza a profundidade e pacífica, faina visible. Ademais, os trastornos desta estrutura implican un desamaño, un enlouquecemento da profundidade, como un retorno agresivo do sen-fondo que non se pode xa conxurar*⁷. Todo perdeu o seu sentido, todo se converte en simulacro e vestixio, incluso os obxectos do traballo, incluso o ser amado, incluso o mundo en si mesmo e o eu no mundo...⁸.

Semella, entón, que a única alternativa culturalmente productiva residirá no artellamento textual dunha tarefa simbólica, que funcione a modo de acoutación da ignición facendo diso algo soportable, algo humanamente asumible, e, incluso, que introduza unha toma de postura ética *para o suxeito* no real, na crise, na dimensión do pulsional-violento. Esta é a tarefa de fundación do desexo no simbólico, un desexo que se funda apuntando á crise.

Leremos -como proposta metodolóxica da análise textual- as *imago*s, os signos e os símbolos depositados no texto en relación

7. Ata aquí a cursiva é nosa.

8. Deleuze, G. (1994): *Lógica del sentido*. Barcelona, Paidós. P. 313.

con esa tensión: a ignición, o real, o pulsional-violento, determinando se, en efecto, son proclives a taponala, facela lóxica ou asumila, segundo o caso, ou polo contrario se ven desbordados (aniquilados) por ela.

Distinguiremos, consecuentemente, tres niveis de configuración textual, así como algo transversal a todos eles, o lugar da crise, depósito da experiencia de angustia para un suxeito dado. Será este, polo tanto, o lugar da angustia do texto e, nesa medida, constituirá igualmente o que, en primeira instancia, ó suxeito lle interesa no texto. E en relación co citado lugar, haberá que situar ó nivel simbólico como o responsable do mellor xestiónamento da crise do texto, ou, se se quere, o lugar da condición para o gozo. Pois ben, só a isto responde a *escritura da violencia*: á introducción do significante (feito símbolo) simbólico na materia real do texto e á conseguinte suxeición da experiencia que se está a propiciar aí, que reclama ser despregada aí. Cabe, polo tanto, definir o simbólico como aquilo que enraíza no *sentimento ético*, na medida en que este se manifesta a modo de interdicción ou, noutros termos, de conciencia moral⁹. O simbólico depositado no texto actuaría con respecto ó suxeito espectador con capacidade potencial para conducilo, a posteriori, fóra xa do campo textual, cara a un equilibrio normativo, e polo tanto ético, co mundo; sería responsable dunha maduración instintiva¹⁰.

O CAMPO DO LÚDICO

Tomemos como exemplo da relevancia da escritura textual do pulsional-violento ó suxeito infantil, xa que é sobradamente coñecida a preocupación social contemporánea polas elevadas doses de violencia a que está exposta, especialmente, a poboación infantil. No caso do texto televisivo infantil, a escritura realízase, en

9. Esta é a lectura que Jacques Lacan realiza sobre o fenómeno da sublimación Freud. Cfr. Lacan, J. (1991): *El Seminario VII: La ética del psicoanálisis*. Bos Aires, Paidós. P. 109.

10. Véxase Lacan, J. (1991): *op. cit.* Pp. 110-111.

moitos casos, nos termos dunha particular estrutura, o lúdico. Para desenvolver esta cuestión apelaremos a Freud, en concreto á súa observación realizada sobre un neno de ano e medio que queda ó seu cargo temporalmente, a instancias dos seus propios pais. Este neno tiña un *perturbador* costume, segundo Freud, consistente en impeler lonxe de si, a calquera recanto, todos os pequenos obxectos dos que puidera apoderarse. En particular, posuía un carrete de madeira do que pendía unha pequena corda, de maneira que o lanzaba por enriba da varanda do seu berce, forrado cun tecido, e así o carrete desaparecía ó tempo que o neno emitía un son similar a *fôra*, e inmediatamente facíao reaparecer saudando esta aparición cun son semellante a *aquí*:

A interpretación do xogo quedaba así facilitada. Atopábase el mesmo en conexión coa máis importante función de cultura do neno, isto é, coa renuncia ó instinto (renuncia á satisfacción do instinto) por el levada a cabo ó permitir sen resistencia ningunha a marcha da nai. O neno resarcíase no acto poñendo en escena a mesma desaparición e retorno con todos os obxectos que ó seu alcance encontraba.

A marcha da nai non pode ser de ningún modo agradable, nin sequera indiferente, para o neno¹¹.

A razón de que o individuo infantil repetira no campo do xogo unha impresión desagradable tería que ver, segundo se deriva do anterior, coa tentativa de rememorar e elaborar simbolicamente iso que en si era causa de angustia. Para desenvolver máis precisamente esta cuestión última, e en relación ás manifestacións do pulsional-violento, cabe continuar coa lectura de Freud¹², quen non considera a violencia como un mero estímulo externo, senón que, asimilándoa a certa masa enerxética, sitúa dous tipos ou dúas direccións na estimulación do aparello psíquico, unha que denomina *sensación* ou *sensacións internas de pracer e despracer*, as cales

11. Freud, S. (1994): *op. cit.* P. 91.

12. Freud, S. (1994): *op. cit.* Pp. 104-105.

prevalecerían sobre as que chama *excitacións exteriores*. A conduta do individuo orientaríase contra aquelas excitacións interiores que ocasionasen un aumento demasiado grande de despracer. Estas excitacións serían tratadas coma se non actuasen dende dentro, internamente, senón dende o exterior, e así utilízanse contra elas os medios de defensa, de protección, do aparello psíquico usadas, igualmente, contra as inclemencias externas.

Pois ben, para Freud, esta é a orixe do mecanismo de proxección -no xogo, no relato...- en virtude do cal o individuo non recoñece como propias determinadas posicións, actos, palabras, personaxes..., negándoas en consecuencia. A relación proxeectiva establécese, por exemplo, entre o espectador e a figura do antiheroe no interior do relato, na medida en que a súa é a encarnación -a representación- do despracer interno -cabe dicir certa manifestación pulsional-violenta experimentada, interiormente, como dolorosa-. Polo tanto, tal e como se observa, a presenza do despracenteiro, sexa esta en forma de seres violentos, deplorables en calquera das súas magnitudes, terá unha función representativa. Agora ben, a tarefa relevante do texto será a de enunciarse unha metáfora que posibilite unha certa asunción simbólica para *id* unha vez que foi convocado.

Freud indicaba que nos xogos infantís semella que o neno reproduce tamén o/os sucesos desagradables, na medida en que con iso consegue dominar certa angustia, ó participar, así, dunha experiencia máis íntegra que no instante en que os sufriu. Cada nova repetición parecerá, entón, que perfecciona o dominio. Por outra parte, o neno amosa as mesmas ansias de repetición con respecto ós sucesos pracenteiros. Dende a nosa perspectiva, cabería equiparar o marco de representación lúdica ó marco da representación narrativa, de modo que a demanda de repetición no xogo e a demanda de repetición con respecto ó relato avalarían a súa función parella:

O neno non cansa nunca de demandar a repetición dun xogo ó adulto que llo ensinou ou que tomou parte nel, e cando se lle conta unha historia, quere oír sempre a mesma, amósase implacable no que respecta á identidade da repetición e corrixe toda variante introducida polo contista, aínda que este crea con isto mellorar o seu conto. Nada disto se opón ó principio do pracer; é indubidable que a repetición, o reencontro da identidade constitúe unha fonte de pracer¹³.

En consecuencia, diremos que o roce -o pulsional-violento, polo tanto-, e a conseguinte angustia, non debe ser eliminado do texto posto que cumpre unha importante función, sempre e cando compareza escrito, introducido no traxecto do significativo simbólico. Algo vinculado ó horizonte da morte mesmo asoma na angustia, certa ameaza que *debe ser escrita*. Como indica Deleuze¹⁴, os grandes apetitos gravitan ó redor do instinto de morte, *formigean*, dirá, por unha fenda que é a de tal instinto, e, incluso, este constitúe por si só a grande herdanza da fenda. É aí, no marco dese horizonte fendido, percibido como ameazante, onde os actos, as palabras... deben -e poden chegar a- ter sentido.

A FINALIDADE DA ESCRITURA

A dimensión simbólica materializaríase no texto mediante a fundación de tres posicións: a paterna, a materna e a filial, entre as que se establecería un complexo, unha trama de relacións baseadas no conflito. O simbólico, pois, viría a fundar no texto o lugar do inconsciente, na medida en que escribiría a súa propia configuración (cifra) tal e como se atopa no ámbito psíquico. O texto, dado que é simbólico, ofrece unha trama destinada a que a pulsión (o pulsional-violento), esa sorte de ímpeto ou masa enerxética non articulada, esvare, flúa, a través da dita trama e adquira (rememo-

13. Freud, S. (1994): *op. cit.* P. 111.

14. Deleuze, G. (1994): *op. cit.* Pp. 323-324.

re) un sentido (un obxectivo, unha dirección) no plano da verdade: velaí o proceso de fundación do desexo.

Podería dicirse que a pulsión constitúe, literalmente, unha enerxía cega, posto que se trata dunha enerxía sen sentido, e dicimos *sen sentido* porque só cando transcende ó campo do desexo adoita ter un destino. Así, a defensa comprometida dun individuo diante dun tribunal por parte dun letrado tería que ver con esa masa enerxética acoutada nunha armazón simbólica: o que implica o principio de defensa dun ser humano a quen se cre inocente -inscrición do plano da verdade-; ó tempo que semiótico: o que implica o acatamento dun procedemento xudicial. Pero esa enerxía, esa pulsión, pode tamén reverter nun mesmo, velaí o caso dos individuos que se autocastigan nas flaxelacións relixiosas, o que se enmarca nunha armazón simbólica sostida por certa divindade, certa transcendencia, igual ca nunha orde (ordenamento) relixiosa que define a penitencia como vía de purificación da alma e do corpo, ou, se se quere, como unha forma de gozo *consentido*. Tal e como indica Rudolf Otto, na representación bíblica da xustiza divina obsérvase que, a propósito da *cólera de Deus*, faise presente un elemento irracional que lle outorga un horror e un espanto inevitable¹⁵. Otto falará neste senso do *numinoso*¹⁶, e con respecto ó *numinoso*, cabe engadir, o texto pode atoparse transido polo horror -pode ser campo de espaxamento da pulsión-, instalado no gozo sinistro, ou ben pode trazar o traxecto que defina unha experiencia sublime.

Seguindo no camiño do gozo, que é despois de todo o destino da pulsión -do pulsional-violento-, atendamos a continuación ó seguinte fragmento, a través do cal Lacan nos enfrenta ó problema do gozo (sinistro) na súa relación coa transgresión do que chamará a Lei -cabe engadir desde a nosa perspectiva simbólica-.

15. Otto, R. (1998): *op. cit.* P. 30.

16. Otto, R. (1998): *op. cit.* P. 96.

Coñecemos entón o gozo da transgresión. ¿Pero en que consiste?, ¿é evidente que pisar as leis sagradas, que tamén poden ser profundamente cuestionadas pola conciencia do suxeito, desencadea por si mesmo non sei que gozo? Sen dúbida, vemos operar constantemente nos suxeitos esa curiosa actitude, que se pode artellar como a posta a proba dunha sorte sen rostro, como un risco no que o suxeito, ó enxeñarse con el, encontra logo como garantida a súa potencia. ¿A Lei desafiada, non desenvolve aquí o papel de medio, de senda trazada para acceder a ese risco? Pero entón, se esa senda é necesaria, ¿cal é ese risco?, ¿cara que meta progresa o gozo para ter que apoiarse, para acadala, na transgresión?¹⁷.

O pulsional-violento como enerxía sen sentido apunta cara ó gozo da transgresión. Gozo que terá que ver con violentar a Lei dado que é sagrada -para un suxeito, para un conxunto de suxeitos e, incluso, para unha cultura dada-. No gozo da transgresión o suxeito localiza, dun modo narcisista, a medida da súa potencia. Agora ben, pode engadirse ó anterior que o gozo, e a tarefa da operación transcendente, irá nesta liña; pode ser tamén gozo na palabra, gozo na lei, gozo no sagrado.

Por outra banda, cabe preguntarse se existe algunha meta para o gozo. Indicamos, neste sentido, que a pulsión constitúe unha masa enerxética sen sentido manifestada en termos de violencia. Pero a pulsión debe ser considerada como algo máis complexo, non será polo tanto reducible a unha mera tendencia enerxética, entraña ademais unha dimensión que Lacan denomina histórica¹⁸, e tal dimensión maniféstase na insistencia con que a pulsión se presenta, volvendo unha e outra vez, dado que se relaciona con algo que agarda na memoria, que foi memorizado. Quere dicirse, entón, que a rememoración, a historización -seguindo a Lacan- é coexistencia ó funcionamento da pulsión na psique. ¿É que acaso a fonte inesgotable da pulsión comparece, reclama, unha e outra vez ser escrita, reclama suxeitarse a un principio de escritura cons-

17. Lacan, J. (1991): *op. cit.* P. 236.

18. Véxase Lacan, J. (1991): *op. cit.* P. 253.

tante? E por este motivo ¿é que, acaso, a meta do gozo é atopar unha ancoraxe -no significativo simbólico e na traxectoria que este describe-?

Para acometer esta cuestión haberá que convocar, unha vez máis, ó desexo. Só a escritura, a formulación no simbólico do desexo, apuntará á ruptura dos reclamos, dos espellismos, á súa transcendencia. Liberar o desexo ten que ver con iso, con transcender o reclamo en virtude do cal o obxecto imaxinario se evidencia como obxectivo, punto de chegada, receptáculo -e nesa medida, lugar para- do pulsional. Denominámolo reclamo porque introduce á pulsión nos camiños do imaxinario polos que se move esgotadoramente; é este un movemento sen fluctuación. O imaxinario é intransitivo e condena á pulsión a volver unha e outra vez. O único modo de transcendelo será prohibíndoo, o modo de transcender o imaxinario é mediante a súa interdicción, a prohibición do imposible, e a prohibición do principio pulsional do imposible conduce á constitución mesma do desexo no simbólico. Neste senso, cabe acudir de novo a Lacan cando di:

Amoseilles o seu trazo esencial, ese el non o sabía, en imperfecto, que custodia o campo radical da enunciación, é dicir, da relación máis fundamental do suxeito coa articulación significativa. É dicir, que non é o seu axente senón o seu soporte, na medida en que nin sequera sabería calcular as súas consecuencias¹⁹.

A través do texto, como produto da articulación significativa, algo pode ser enunciado. Diremos que nos textos a pulsión pode encontrar a enunciación da súa interdicción en termos éticos -velaí o sentido do texto simbólico ou se se quere da escritura textual- e atoparémonos, neste caso, fronte a textos depositarios e alimentadores do desexo. O problema do humano, despois de todo, será prohibir a pulsión en termos éticos, establecendo uni-

19. Lacan, J. (1991): *op. cit.* Pp. 264-265.

versos -textuais, sociais, culturais...- onde a escritura simbólica do desexo sexa posible, porque esa é a condición de que o inconsciente -que xorde como desexo prohibido- estea dalgún modo garantido: se a pulsión agochada, que parte de *id*, busca algo é unha formulación de prohibición que rememore certo acto fundacional, o que tivo lugar co nacemento mesmo do inconsciente. Velái o radical ofrecemento que, dende unha perspectiva cultural, un texto pode realizarlle ó suxeito.

A necesidade humana é, entón, a dunha vía narrativa -na medida en que é simbólica- para o desexo, e unha boa proposta narrativa debe ser clausurada necesariamente, doutro modo non sería posible a eficacia (simbólica) do relato. Atendendo a unha proposta de Rilles Deleble²⁰, o secreto do eterno retorno -polo tanto, dunha estrutura circular, sen clausura, diremos dende a nosa perspectiva- consiste en que non expresa de ningunha maneira unha orde -debera engadirse, unha orde de legalidade- que se opoña ó caos e que o someta -nós diremos: que permita situar unha posición humana a pesar diso, a pesar de atoparse no medio do caos.

O SUXEITO DA ESCRITURA É O SUXEITO DA ENUNCIACIÓN

A posta en relación con programas televisivos ten, ademais dunha dimensión social, económica, semiótica (discursiva), unha dimensión psicolóxica en virtude da cal o suxeito destinatario consente ser interpelado por determinada figura do *destinador* e determinada figura do destinatario²¹. Xogo de imaxes (formas, figuras), este, no que se tecen certas identificacións que constitúen a base dos procesos de motivación que se desenvolven en tal ámbito. Polo tanto, para unha aproximación ás diferentes unidades que compoñen unha programación televisiva dada, tan relevante será analizar os intereses económicos, como tamén os intereses ideolóxicos dos

20. Deleuze, G. (1994): *op. cit.* P. 265.

21. Véxase González Requena, J. (1989): *El espectáculo informativo o la amenaza de lo real*. Madrid, Akal.

seus axentes, os *destinadores*, e polo tanto as estratexias discursivas e, máis amplamente, textuais, a través das cales os ditos intereses se manifestan. A análise das figuras dos *enunciadores* e dos *enunciatarios* dos discursos programáticos resulta extraordinariamente útil para determinar os efectos psicolóxicos dos ditos programas; a determinación de tales efectos, polo que á presenza de violencia se refire, constitúe o noso obxectivo primordial. Os ditos efectos estarán relacionados, dende o punto de vista da enunciación, coa posición que no texto ocupen as figuras de quen toma a palabra -e/ou a imaxe- e de quen a recibe.

Con respecto ó proceso enunciativo indica Gadamer, aínda que dende unha perspectiva hermenéutica, o seguinte:

Isto, que nas artes interpretativas resulta tan palpable, ensínanos que non só as artes interpretativas requiren unha representación, senón, en certo modo, toda conformación á que chamemos obra de arte esixe do observador diante do que se presenta que a constrúa. Pois ela non é o que é. É algo que ela non é, non algo meramente destinado a un fin do que se faga uso, ou incluso unha cousa material a partir da cal poida facerse outra cousa, senón algo que só no contemplador se edifica ata ser aquilo como o que aparece e ponse en xogo²².

Semella, entón, que o campo do texto artístico, tomado aquí como emblemático, ofrécenos un mundo substitutivo ou de fantasía no que o individuo poida esquecerse de si mesmo. Non se trata, como máis adiante dirá Gadamer²³, dun movemento, construído no propio texto, de fuxida, no que este se evidencia como mero arroubo ou feitizo, isto é, como unha oportuna liberación da realidade propiciando o pracer desa liberdade aparente. Tratarase, polo contrario, dun marco onde o *si mesmo*, en virtude dun proceso enunciativo no que certas figuras subxectivas son convocadas,

22. Gadamer, Hans-Georg (1998): *Estética y hermenéutica*. Madrid, Tecnos. P. 15.

23. Cfr. Gadamer, Hans-Georg (1998): *op. cit.* P. 136.

atope a metáfora do que o define: a pulsión (a crise) feita (o proceso de elaborala, narrativizándoa, no plano do) desexo simbólico.

A teoría da enunciación ocúpase, neste sentido, de como os suxeitos se constrúen nos discursos. Permite, así, diferenciar as figuras do *enunciador* e do *enunciatario*, por unha parte, e do *destinador* e destinatario, por outra. En canto ás primeiras trátase de figuras exclusivamente discursivas -máis precisamente, textuais-, polo tanto, o *enunciador* non será quen tome a palabra e/ou a imaxe realmente, senón a figura, derivada do discurso, de quen di tomar a palabra. No caso do *enunciatario*, non será tampouco quen realmente escoite/vexa o discurso, senón a figura, derivada do propio discurso, de quen se di que o escoita/ve. No caso dos *destinadores*, sen embargo, estes posúen entidade psicolóxica, sociolóxica, económica, logo son a fonte real do discurso ou do conxunto dos discursos, no caso da entidade emisora. De igual modo, os destinatarios posúen entidade psicolóxica e sociolóxica, constituíndo no seu conxunto a audiencia, o público, que recibe efectivamente o dito programa²⁴.

Denomínase, neste sentido, enunciación subxectiva aquela que se caracteriza pola inscrición das pegadas ou marcas do suxeito da enunciación na superficie discursiva. Suxeito que recoñeceremos nos seus múltiples aspectos: como o *enunciador*, o *enunciatario* e, así mesmo, na forma de relación manifestada entrambos.

O proceso enunciativo non implica tanto unha determinada utilización da linguaxe²⁵, como un vehículo textual para que o suxeito do inconsciente se manifeste, é neste sentido que a pulsión pode finalmente orientarse no plano do significante. Trátase, na enunciación posta en marcha no relato, de que o *si mesmo* se vexa afectado e concernido. É o sentido o que aquí está en xogo. E no xogo que marca o sentido deberá recoñecer que as dúas posicións

24. González Requena, J. (1989): *op. cit.* Pp. 34-35.

25. Cfr. o prólogo de Gadamer, Hans-Georg (1998): *Estética y hermenéutica*. Madrid, Tecnos. P. 15.

(subxectivas) implicadas, a do *enunciador* e a do *enunciario*, establecen relacións entre si que, malia que non foron nunca, puideran chegar a ser. O marco do *deber ser* que inscribe a enunciación -levada a cabo nas mellores circunstancias- perfílase, deste modo, como un campo propiamente mítico. Así pois, o que na enunciación se xoga é a posibilidade da experiencia -e a experiencia é (está no) a do límite da linguaxe- precisamente porque apunta o que aínda non foi e a través dela pode experimentalo o ser. Como indicará Gadamer, de novo, referíndose especificamente ó texto artístico:

A intimidade con que nos afecta (a obra de arte) é, á vez, de modo enigmático, estremecemento e derrubamento do habitual²⁶.

A traxectoria da enunciación corresponde á traxectoria que anteriormente denominamos como a *escritura do desexo*; unha escritura (significante) que o acto enunciativo enfronta ó plano do suxeito. Se o texto televisivo mobiliza neste sentido a crise, cabe recoñecer nel a súa relevancia cultural; agora ben, se o texto televisivo se articula, maioritariamente, de costas á *boa* acollida do espacio crítico, entón, convocará gratuitamente a crise; a reflexión sobre as dimensións de tal convocatoria pode derivarse do que viñemos sinalando ata o momento.

25. Gadamer, Hans-Georg (1998): *op. cit.* P. 62.

A COMUNICACIÓN EN GALICIA NO SÉCULO XXI

*Xosé López García, Rosa Aneiros Díaz, Marta Pérez Pereiro,
Manuel Gago Mariño, José Pereira Fariña*
Consello da Cultura Galega

As transformacións sociais dos últimos anos, caracterizadas pola xeración de multitude de movementos e subculturas, a globalización económica e o debilitamento das institucións políticas que xermolaran na Ilustración, esixen nos medios de comunicación unha evolución parella que responda ás recentes demandas sociais. Requírese, ademais, un aproveitamento das novas tecnoloxías que, lonxe de ser inocuas, poden revertir nun gran ben ou pórse ó servizo dos poderes nesta nomeada sociedade finisecular.

Neste sentido, o hipersector da comunicación en Galicia está a sufrir fortes transformacións no cambio ó novo milenio nun esforzo por pórse á altura das últimas tendencias do panorama mediático mundial. Cada un dos medios de comunicación, tendo en conta as súas características técnicas e de influencia social, experimentou cambios que, en Galicia, cómpre que sexan analizados para, dunha banda, observar as tendencias de futuro e, doutra, corrixir as posibles eivas nesta evolución.

Por este motivo, a Sección de Comunicación do Consello da Cultura Galega -en colaboración con outras entidades, especialmente coas universidades galegas- está a realizar un esforzo notable para estudar as devanditas transformacións no panorama galego. En xeral, podemos establecer unha serie de parámetros nos que se moveron os medios nos últimos anos. En primeiro lugar, a evolución tendeu cara á formación de conglomerados empresariais, creados co fin de aproveitar sinerxías, sobre todo as xeográficas, motivados, tamén, pola necesidade de fortalecer as empresas. Nalgúns casos mesmo se tende cara á expansión e a venda de produtos alén das nosas fronteiras. En segundo lugar, obsérvase un grande investimento en novas tecnoloxías, investimento que pasa

pola incorporación dos medios ás redes (Internet e intranet), a dotación en tecnoloxía dixital dos medios audiovisuais, etc. Finalmente, no plano social os medios tenden cara á captación de audiencias cada vez máis localizadas e especializadas, con grande atención ó contido de servicios e lecer, debido a que este tipo de actividades, como, por exemplo, o turismo, teñen cada vez un maior relevo económico no país.

PRENSA

Un dos medios de comunicación no que máis se fixeron patentes os cambios nas derradeiras pisadas do século XX foi a prensa. Unha radiografía do panorama das publicacións escritas en Galicia lévanos a confirmar que a máis profunda transformación que viviron os grupos de comunicación galegos durante o ano 1999 centrouse no eido empresarial. Así, debemos salienta o cambio de denominación fiscal de cooperativa a sociedade limitada de *Diario de Pontevedra* e posterior compra da cabeceira pontevedresa polo Grupo Progreso, así como a fusión, por absorción, da empresa Editores Deportivos del Norte de Galicia S.A., propietaria de *Deporte Campeón*, por parte da Editorial La Capital, dona de *El Ideal Gallego*, como algúns dos trocos máis significativos que confirman a tendencia cara á concentración empresarial mediática patente en todo o mundo.

Pero non tódolos cambios se reducen a alteracións no réxime de propiedade. Cómpre citar os cambios nas sedes dos grupos durante o último ano e alteracións no cadro de persoal e directivo das cabeceiras, así como as profundas innovacións tecnolóxicas que levaron ós xornais a asumiren grandes investimentos en ampliacións de rotativas e embuchadoras ou a creación de departamentos de aplicacións informáticas. Esta toma de conciencia da necesidade de incorporar os últimos adiantos tecnolóxicos trouxo consigo a entrada masiva en Internet e máis a dixitalización da fotografía e dos arquivos internos.

O deseño, contidos e difusión do produto informativo tamén experimentaron alteracións profundas que se manifestan nunha extraordinaria tendencia cara á temática local e especializada, á vez que se incrementan as páxinas dedicadas ó lecer e ós servizos. A viraxe cara ós contidos locais faise evidente a través do incremento das edicións (lembramos que *La Voz de Galicia* consta de 16 edicións e *Faro de Vigo* de 6 coa incorporada de Deza durante o pasado ano). Pola súa parte o interese por contidos especializados e servizos percíbese a partir do aumento do número de encartes, promocións e especiais que multiplican notablemente a oferta informativa. Pero, sen dúbida, as grandes transformacións no panorama da prensa en Galicia viñeron da man do nacemento de novas cabeceiras. Se a entrada masiva na rede con produtos e ofertas que pouco a pouco comezan a se diferenciar das súas vertentes impresas atinxiu a todas as cabeceiras galegas, a aparición de novas ofertas no mercado da prensa alterou a competencia existente ata entón no panorama mediático. Así, debemos salienta o nacemento en 1999 do *Diario de Ferrol* -editado por La Capital, empresa editora tamén de *El Ideal Gallego*- e o 4 de outubro do presente ano do xornal *La Opinión A Coruña* -editado pola empresa *La Opinión da Coruña*, propiedade do grupo Prensa Ibérica. Estas son dúas manifestacións evidentes da tendencia cara ós contidos máis puramente locais e a crenza de que aínda existen ocios informativos por encher en Galicia.

RADIO

O Sistema Radiofónico Galego está integrado por un total de 233 emisoras públicas e privadas, unha vez que se puxeron en marcha as 41 emisoras comerciais outorgadas pola Xunta en marzo de 1998. Do total de emisoras que funcionan en Galicia logo de rematado o proceso de implantación das novas frecuencias, 120 emisoras teñen carácter público -o 51,7% do total- e 111 son comerciais -o 47,8%-, ademais dunha emisora de tipo educativo (Radio Ecca). No último ano, tamén se produciron cambios impor-

tantes na estrutura empresarial deste sector, coma o caso da integración de Radio Voz e Onda Cero coa posta en marcha das tres programacións diarias distintas (Onda Cero-Radio Voz, Onda Melodía-Radio Voz e mais Europa FM-Radio Voz).

Por último, Galicia conta con máis de 40 emisoras públicas municipais, algunhas en fase de posta en marcha. Este espectacular crecemento (dende a transición democrática multiplicouse por cinco o número de frecuencias) trouxo consigo a multiplicidade de ofertas e unha marcada tendencia cara a contidos moi específicos e localistas. Así, ás emisións de cadeas estatais con audiencias millonarias cómpre sumar aquelas outras realizadas por pequenas radios de carácter público con cobertura municipal ou comarcal. No tocante á recepción, a audiencia galega, segundo o estudio realizado polo Departamento de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago en novembro de 1998, acada máis dun millón douscentos mil oíntes a diario, resultado da actitude receptiva de máis de novecentos mil galegos, o que supón o 34,2% da poboación. Os receptores galegos escoitan a radio cunha media de hora e media por día, 6 minutos menos ca media estatal.

O AUDIOVISUAL

O sector audiovisual é un sector económica e culturalmente estratéxico. Tanto o goberno autonómico coma as distintas empresas do sector entenden que as iniciativas audiovisuais son un dos alicerces fundamentais na nova economía galega. Nun primeiro momento, entendemos que todo o relacionado coa produción multimedia forma parte tamén deste sector.

Desde o ano 1985, cando se creou a TVG, a industria do audiovisual foi pasando por diversas situacións ata chegar á actual. Estamos a falar de que hoxe en día están rexistradas preto do centenar de produtoras. Aínda que este dato podería parecer prometedo, é preciso analízalo polo miúdo. Segundo as últimas investigacións sobre o audiovisual, realizadas na Universidade de

Santiago de Compostela a través do Observatorio do Audiovisual, aproximadamente a metade desas produtoras teñen unha produción máis ou menos considerable, das cales non máis de 15 teñen unha concepción industrial do sector. É dicir, só dez empresas en Galicia teñen a capacidade necesaria para desenvolver produtos que sexan rendibles economicamente. A primeira consecuencia disto é que estas quince empresas establecen entre si acordos fundamentalmente de coproducción (xunto con outras máis pequenas que tamén operan en Galicia). Deste xeito, establécense alianzas constantes ou temporais que provocan un importante pulo para a produción audiovisual galega.

Agora ben, esta situación está auspiciada pola Televisión Pública Galega e polo Goberno Autonómico, sen dúbida os dous grandes motores dun sector que no ano 1999 facturou máis de 5.000 millóns de pesetas. Desde a TVG a súa aposta pola produción propia externa, vinculada na totalidade dos casos a empresas galegas, provocou que na actualidade estean en marcha cinco producións de ficción para televisión ademais de numerosos documentais perfectamente exportables a outras nacións, xunto cun incipiente número de producións cinematográficas con máis ou menos éxito.

Desde a administración optouse por regular un sector que demandaba un marco legal ó que acollerse. No ano 1999 aprobouse a Lei do audiovisual galego, que recoñecía a importancia estratéxica do sector e establecéronse os alicerces para a creación dun rexistro oficial de empresas do audiovisual que, segundo teóricos como Margarita Ledo (Universidade de Santiago de Compostela), é o primeiro paso para a creación real dunha industria audiovisual galega.

OS NOVOS MEDIOS

As novas tecnoloxías en comunicación posibilitaron nos últimos anos a aparición de medios nos que Galicia ten que apos-

tar por un lugar de seu no ciberespacio. Trátase, polo tanto, dun sector estratéxico para o futuro, e xa no presente, das comunicacións. A grande importancia que a Rede cobrou fai que calquera iniciativa pública ou privada sexa crucial para o futuro desenvolvemento dun panorama estable e rendible economicamente. Neste sentido, son moitos os traballos iniciados en Internet, como a creación de portais, publicacións, etc. que supoñen ademais un pulo para que os comunicadores galegos busquen novos espazos alén dos medios tradicionais. Os xornalistas saben que na rede hai un territorio aínda non moi explorado para verter contidos novos para unha sociedade nova.

A clasificación de páxinas web ofrecido polo primeiro buscador galego na rede, Vieiros, presenta un total de 2.545 páxinas, das que un 4,2% son medios de comunicación. Son publicacións dixitais que medran en número cada día.

Tamén a prensa tradicional viu na rede un novo punto de encontro cos lectores. Deste xeito, todas as principais cabeceiras galegas teñen xa as súas páxinas, renovadas diariamente e nas que, gracias á interactividade do medio Internet, os receptores comunícanse cos xornalistas e entre si. Mesmo a acabada de nacer *La Opinión* da Coruña conta cun rexistro no ciberespacio para comezar, case simultaneamente, a publicar en rede. Falamos pois das cabeceiras en Internet da maioría dos xornais diarios galegos (www.farodevigo.es, www.elcorreogallego.es, www.diariodepontevedra.com, www.lavozdeg Galicia.com, www.elidealgallego.com, www.diariodeferral.com, www.elprogreso.com) e de institucións públicas coma o caso da Compañía de Radio Televisión de Galicia (www.crtvg.es), ou da Universidade de Santiago de Compostela (xornal.usc.es) e máis recentemente da Universidade de Vigo (www.duvi.uvigo.es). Estes produtos son estables con casos coma os de *El Correo Gallego/O Correo Galego*, que levan na rede desde o ano 1996.

Por outra banda, asistimos ó agromar de multitude de medios específicos da rede, creados e concibidos para cibernautas,

moitos deles con contidos especializados difíciles de atopar en prensa impresa ou medios audiovisuais. Máis que desexos expansivos, estes medios destacan por ter unha vocación local moi definida, na que se impulsan o coñecemento do espacio no que se xera e, por conseguinte, o fortalecemento desa cultura local. Son, en moitas ocasións, publicacións de carácter moi efémero, xa que non hai fortes estruturas empresariais apoiando esta caste de iniciativas e os seus piares están baseados máis en aspectos culturais e de interese divulgativo ca no beneficio económico. Dentro do movemento de crecente glocalización no mundo, entendido como a influencia mutua entre o local e o global, estes medios son un paradigma claro do fenómeno. Ademais, todos estes medios van adquirindo, gracias á experiencia fóra dos marcos do papel, unha configuración propia, tanto nos métodos de traballo como nos contidos ou na recepción desexada, afastándose así dos medios de comunicación máis tradicionais. As posibilidades do multimedia, por exemplo, fan contemplar novas sensacións creando e recibindo información.

Sen embargo, outros proxectos específicos da rede teñen unha estabilidade máis fiable, con certo apoio empresarial. Son iniciativas salientables dentro do xornalismo electrónico, como *Xornal.com* (www.xornal.com), *Galicia Diario Dixital* (www.celtanet.com), *Galicia en xogo* (www.galiciaenxogo.es) ou mesmo a revista de opinión *Ómnibus* (www.revistaomnibus.com).

Por último, a creación de portais e buscadores (Vieiros, U-lo, Culturagalega.org -do CCG-, Xanela.com, Galiciaonline.es) á que asistimos nos últimos tempos permite a configuración dun universo galego dentro de Internet, un espacio dentro do virtual, onde identificarse e compartir experiencias culturais e comunicativas.

Dos datos cuantitativos ofrecidos polo *Estudio Xeral de Medios* correspondentes a maio de 2000 tiramos que Galicia contaba no último mes con máis de 150.000 usuarios (un 6,3% da poboación). Seguimos á cola do que pode ser o uso noutras comunidades autónomas, onde se supera en ocasións o 20% da poboación,

pero sen dúbida é unha audiencia que se consolida progresivamente. Para todos estes receptores galegos e moitos outros de fóra de Galicia que toman contacto coa súa terra por medio da rede é necesario fornecer sitios web propios que lle comuniquen a realidade dende acó. A consolidación da identidade propia pasa por medios de comunicación que fagan un relato propio da actualidade.

GRANDES TRAZOS XERAIS

A xeito de conclusión, cómpre agora recordar cales son os grandes trazos das tendencias do sector da comunicación en Galicia.

Se falamos dos medios de comunicación impresos, observamos como nestes últimos anos se produciu un importante cambio tecnolóxico nos medios. Primeiro coa informatización das redaccións, logo coa modernización das rotativas e, por último, coa adaptación destas empresas ó mundo de Internet, tanto na produción de contidos coma na transmisión de datos e busca de información. Isto provocou importantes cambios empresariais, como por exemplo a creación do terceiro grupo galego de comunicación, o Grupo El Progreso, moi fortalecido despois da compra de Telelugo e *Diario de Pontevedra*.

Os grupos xa existentes reforzaron as súas tendencias de produción de contidos. Deste xeito, o Grupo Voz entrou a formar parte dentro da productora estatal Atlas Televisión e creou unha productora de seu, denominada VídeoVoz.

Ademais destas transformacións empresariais, na prensa galega de fin de século obsérvase unha clara tendencia cara á produción de contidos locais. Todas as cabeceiras asumiron o rol de prensa local para enfocar os novos cambios comunicativos mundiais. Estes cambios fixéronse ben a través da diversidade de produtos, como pode ser a política de *La Voz de Galicia* ou do Grupo Prensa Ibérica (a través do seu xornal *Faro de Vigo*), ou da creación de novos medios coma o caso de *La Opinión* ou *Diario de Ferrol*. Todo isto sen esquecer que as cabeceiras xa de seu locais reforza-

ron a súa oferta con novos contidos (coma o caso do *Diario de Pontevedra* ou *El Ideal Gallego*).

Se nos trasladamos ó sector da radio, obsérvanse transformacións de importancia no que ás empresas se refire (caso da integración RadioVoz-Onda Cero). Do mesmo xeito, é tamén salientable a tendencia das distintas emisoras á produción de contidos locais. Isto está reforzado co nacemento de emisoras municipais e comarcais, que acaparan boa parte de toda a audiencia de radio en Galicia.

Xa no referido ó sector audiovisual, a gran novidade deste sector nos últimos anos é que acadou a categoría de "sector estratéxico", o que supón que é, sen dúbida, o sector máis valorado polas institucións. Isto está reflectido na Lei do audiovisual galego, nos distintos plans de promoción ó audiovisual auspiciados desde a Televisión de Galicia e na numerosa oferta de producións que se emprenderon en Galicia, fundamentalmente no eido da ficción e do documentalismo.

Sen dúbida, se existe algún sector da comunicación que mide a intensidade dos cambios é o de Internet. En Galicia, a meirande parte dos medios de comunicación tradicional (exceptuando as radios e televisións locais) teñen unha páxina web. Estes conviven con produtos construídos especificamente para a rede, ben como xornais, ben como portais. Cada ano que pasa aumenta dun xeito importante o número de usuarios deste novo soporte cunha clara tendencia alcista, tanto de usuarios de dentro de Galicia coma de fóra. Todo parece indicar que este sector se está consolidando, dun xeito moito máis lento que noutras comunidades españolas, pero tamén é certo que o crecemento é sempre progresivo. Pouco a pouco estanse a consolidar as empresas que nacen detrás de cada un destes novos proxectos, polo que todo apunta a que o novo xeito de producir información estase a establecer dentro da cultura galega.

BIBLIOGRAFÍA

Ledo Andión, M. (1993): *O diario postelevisivo*. Lea, Santiago de Compostela.

Ledo Andión, M. (1998): *Televisión e interculturalidade en Galicia, Bretaña e País de Gales*. Tórculo, Santiago de Compostela.

López, X. (1992): *Prensa Local e comarcal en Galicia*. Lea, Santiago de Compostela.

López, X. (coord.) (2000): *A comunicación en Galicia 2000*. Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela.

Pousa Estévez, X. R. (1995): *El sistema radiofónico gallego*. UAB.

Soengas Pérez, X. (1996): *Os informativos na radio*. Lea, Santiago de Compostela.

AS RAÍCES DO XORNALISMO GALEGO

*Xosé López García, Rosa Aneiros Díaz, Marta Pérez Pereiro,
Manuel Gago Mariño, José Pereira Fariña*
Consello da Cultura Galega

A existencia dun centro de formación de comunicadores en Galicia concibiuse de xeito que será capaz de garantir a formación de profesionais, potenciar a investigación e a reflexión sobre dos problemas da comunicación e da cultura e favorecer a reciclaxe permanente de profesionais que teñen que se adaptar ás esixencias dun sector en permanente evolución. Certamente, a situación de tránsito da sociedade industrial á sociedade da información en Galicia entraña unha gran complexidade, o que esixe un grande esforzo de investigación. Pero, ó mesmo tempo, tamén supón un incentivo para afrontar os novos desafíos desde este novo centro de formación de comunicadores que elaborou un proxecto axustado ás necesidades do país. Eses desafíos estaos superando con éxito e neles contará coa colaboración doutras entidades, como a Sección de Comunicación do Consello da Cultura, interesada en fomentar o debate e a reflexión sobre os problemas da comunicación e da cultura. A Sección de Comunicación estableceu como máxima o achegamento ós medios informativos galegos nunha dobre vertente: por un lado a análise do estado actual da comunicación e perspectivas de futuro e, por outro lado, a aproximación á historia do xornalismo en Galicia, un eido a penas explorado e con interesantes campos de investigación aínda sen abordar. Hai, de feito, un baleiro de estudos históricos de prensa en Galicia, que se debe encher para recuperar a memoria, tanto do xornalismo e dos xornalistas (moitos deles esquecidos ou descoñecidos) coma da sociedade que orixinou estas noticias, un estilo e un compromiso con ela. Ás veces, os xornais son o únicos documentos que quedan para sabermos da historia de épocas pasadas.

Así, a celebración do segundo centenario do nacemento do xornalismo en Galicia impón unha profunda reflexión sobre o pasado e presente dos medios de comunicación. A recuperación de *El Catón Compostelano*, primeira cabeceira galega nada o 1 de maio de 1800 da man de Francisco del Valle Inclán, supuxo o inicio dunha serie de iniciativas orientadas ó estudio da historia da comunicación en Galicia e con ela a recuperación de boa parte da nosa memoria histórica. A edición facsímile dos vinteún números conservados de *El Catón Compostelano* ofrece a posibilidade a investigadores e público xeral de coñecer de primeira man as características, temáticas e estilo da primeira cabeceira galega, dese xornal que marcou o comezo da historia dos nosos periódicos. Xunto a este volume, a Sección de Comunicación do Consello da Cultura Galega publicou unha edición crítica na que expertos ofrecen diversos estudos arredor da cabeceira. Xosé Ramón Barreiro Fernández amósanos un perfil do responsable da publicación, Francisco del Valle Inclán; Ramón Mariño analiza o debate lingüístico nas súas páxinas; Xosé López e Manuel Gago determinan o seu modelo xornalístico; Francisco Campos incide no lento despertar empresarial da prensa en Galicia; Xosé Ramón Pousa revisa a Compostela da época e Rosa Cal fai unha presentación do mundo dos xornais no 1800 no Estado español. Esta primeira aproximación permite a toma de conciencia da importancia da primeira cabeceira de prensa galega e unha confirmación da necesidade de afondar nun terreo tan pouco explorado como é a historia dos medios de comunicación en Galicia.

Antes deste traballo, o Consello da Cultura puxera en marcha un proxecto de catalogación das publicacións periódicas galegas en base de datos informatizada. Este labor, realizado por catro persoas durante varios meses, consistiu na realización de fichas nas que se indican os datos principais das cabeceiras galegas como son título, lugar de edición, imprenta, colaboradores, redactores, historia, número de páxinas... A información empregada provén de estudos previos elaborados por investigadores e o labor da Sección

de Comunicación consistiu en aglutinalos e facilitar o sistema de buscas. Con esta base de datos, conformada por máis de 3700 entradas, calquera persoa poderá acceder dende a rede ás características principais de todas as cabeceiras galegas ata o de agora estudadas. Unha das principais funcións deste proxecto é, alén de difundir o elenco de publicacións periódicas galegas históricas, facilitar o traballo de investigadores que, a posteriori, desexen afondar en aspectos máis concretos da historia dos medios de comunicación. Polo tanto, estableceuse un sistema de busca no que o usuario final pode cruzar os datos que precise para atopar a información necesaria. En cada unha das fichas que se inclúen na base de datos figura un campo no que se establece a localización da obra. Polo tanto, o investigador vai coñecer onde se atopa o orixinal da obra xunto coa información que distintos estudos deron sobre cada unha das publicacións periódicas.

Con este mesmo desexo, motivado pola condición do Consello da Cultura Galega de institución pública ó servizo da cultura, expúxose a necesidade de vertebrar unha historia do xornalismo. Esta importante tarefa pretende fixar as cadernas básicas que permitan establecer períodos históricos, cabeceiras e características dos nosos propios medios de comunicación, así como sentar os piares para unha comparación co fenómeno mediático que estaba a ter lugar noutros lugares do mundo. A dificultade deste labor, que esixe un alto grao de interdisciplinabilidade, lévanos a combinar diferentes puntos de enfoque de ciencias como a historia, a documentación, ademais do propio xornalismo. A súa finalidade reside, como mencionabamos, na consolidación dun esquema inicial que se vaia afondando con estudos específicos posteriores. Trátase pois de establecer unha metodoloxía específica para a construción desta historia do xornalismo galego.

Nesta liña, e conscientes da necesidade de definir ferramentas de traballo que faciliten o labor dos investigadores, asumimos unha nova tarefa: o baleirado do xornal *Galicia*. O *Galicia* é unha importante cabeceira nacida no ano 1922 en Vigo. O seu valor resi-

de non só no avanzado modelo xornalístico que ofrecía naqueles anos senón tamén no senlleiro dos seus colaboradores (algúns dos máis importantes representantes da intelectualidade galega daqueles tempos como Roberto Blanco Torres, Castelao, Villar Ponte ou o propio director, Valentín Paz Andrade); a temática ou o seu financiamento empresarial son outros dos aspectos interesantes deste xornal. Este estudio estase a realizar a partir da edición facsímile realizada por Edicións do Castro en 1988 e formada por nove volumes cun total de 624 números. O baleirado consiste na extracción de datos de cada unha das páxinas do xornal e a súa informatización. Así, procedeuse ó deseño e realización dunha base de datos en formato Access con fichas correspondentes a cada noticia. Nelas indícase, entre outros datos, o titular, autor, data e personaxes citados e temática, así como campos abertos con observacións e palabras clave. O deseño desta base, que entre nós denominamos "Sabuxo", pretende facilitar a obtención dos datos máis relevantes para o posterior estudio de aspectos sectoriais da cabeceira. Este labor, que esixe unha alta dose de paciencia e tenacidade (para que se fagan unha idea temos cubertas 700 entradas dun total que, calculamos, ascende a 18.000 do baleirado total) permítenos albiscar aspectos interesantes do xornal nos que pretendemos aprofundar con estudos críticos de cuestións concretas. As buscas facilitarannos, unha vez concluído, a localización de todas as referencias existentes de, por exemplo, publicidade, o número de colaboracións de distintos autores, as preferencias temáticas ou o seu tratamento informativo. Sen dúbida é un traballo inxente pero servirá para, dunha vez por todas, extraer os datos fundamentais a nivel xeral e non quedarmos en estudos parciais que obriguen a futuros investigadores a volver ler todos os números para analizar os aspectos que lles preocupan. É, en definitiva un medio para realizar consultas cruzadas sobre todos os números do xornal.

O establecemento das coordenadas para o estudio histórico dos medios en Galicia, estudos parciais sobre o xornal *Galicia* e mesmo un achegamento ó traballo de Blanco Amor no periódico

arxentino *La Nación* son algúns dos retos que agora nos ocupan e que queremos afrontar ante o desafío de botarmos algo de luz sobre o pasado do xornalismo en Galicia. Pero estas liñas de investigación constitúen só o inicio dun amplo proxecto que contará cos investigadores da Sección e equipos de investigación da Facultade de Ciencias da Información da Universidade compostelá.

EN RESUMO

Desde a Sección de Comunicación do Consello da Cultura Galega estableceuse unha liña de investigación sobre os alicerces teóricos do xornalismo galego. Entendemos que, sen dúbida, a análise histórica é fundamental para coñecer a evolución dos medios de comunicación nun país como Galicia. Nesta análise establecéronse catro liñas de investigación que teñen como obxectivo comprender e avaliar a evolución da comunicación de masas en Galicia a través da análise dos medios, fundamentalmente a prensa. Estas liñas de investigación son, como xa dixemos antes: edición facsimilar e estudo crítico do primeiro xornal galego -*El Catón Compostelano*-, creación dunha base de datos en liña cos rexistros de todas as cabeceiras galegas desde o ano 1800, baleirado científico do xornal máis innovador da prensa galega no século XX -*Galicia*- e establecemento dunha metodoloxía para redacción dunha historia da prensa en Galicia.

Deste xeito, con estes catro proxectos simultáneos establécense os alicerces fundamentais para a creación dun marco de estudo imprescindible para coñecer a historia dun país e, por suposto, establecer as posibles liñas de evolución da comunicación en Galicia.

BIBLIOGRAFÍA

- Barreiro Fernández, X. R. (1991): "Periódicos", en *La Voz de Galicia*, 14-12-1991 e ss.
- Cal, R. (1988): *La prensa alternativa en la zona "No urbana" de Galicia. (1975-1984)*. UCM, Madrid.
- Cañada, Silverio (ed.) (1974): *Gran Enciclopedia Gallega*.
- Carré Aldao, E.: *Geografía general del Reino de Galicia*. Casa Alberto Martín, Barcelona.
- Consello da Cultura Galega (2000): *El Catón Compostelano*. Santiago de Compostela. (Ed. facsímile).
- Couceiro Freijomil, A. (1954). *Diccionario bio-bibliográfico de escritores (vol. I)*. Editorial de los bibliófilos gallegos, S.A., 1951.
- Fernández Pulpeiro, J. C. (1981): *Apuntes para la historia de la prensa del siglo XIX en Galicia*. Ediciós do Castro, A Coruña.
- Hermida García, M. (1987): *As revistas literarias en Galicia na Segunda República. Documentos para a historia contemporánea de Galicia*. Ediciós do Castro, A Coruña.
- López García, X. (coord.) (2000): *El Catón Compostelano [Estudios]*. Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela.
- Llorca Freire, G. (1993): *Historia da Prensa Ferrolá*. Ediciós do Castro. A Coruña.
- Llorca Freire, G. (1985): *Os Ateneos ferroláns e a súa historia. Cuadernos Ateneo Ferrolán*, ano V, n.º III. Ferrol.
- Molina, C. (1989): *Prensa literaria en Galicia (1809-1920)*. Edicións Xerais de Galicia, Vigo.

Rodríguez Porto, R. e Sánchez Moure, A. (1988): *Chantada na súa prensa (1908-1931)*. Deputación Provincial de Lugo, Lugo.

Rosende Fernández, A. M. (1989): “A Prensa no Ortegal (1889-1989)”, en *La Voz de Ortigueira* 17-2-1989.

Santos Gayoso, E. (1990): *Historia de la prensa gallega (1800-1986)*. Tomo I. Ediciós do Castro, A Coruña.

Santos Gayoso, E. (1995): *Historia de la prensa gallega (1800-1993)*. Tomo II. Ediciós do Castro, A Coruña.

Soto y Freire, M. (1982): *La imprenta en Galicia*. Edición Círculo de las Artes (Lugo), Vigo.

Valcárcel López, M. (1987): *A prensa en Ourense e a súa provincia*. Deputación Provincial de Ourense, Ourense.

Vilariño, S. (1990): “El periodismo en Pontedeume”, en *Alfoz*, 1, 1990.

REFLEXIÓNS SOBRE A PRODUCCIÓN CINEMATOGRÁFICA EN GALICIA NA DÉCADA DOS NOVENTA

Carmen Ciller Tenreiro

Escola de Imaxe e Son

O presente texto expónse a modo de reflexión sobre un sector que se está a desenvolver no mundo audiovisual en Galicia desde fins da década dos oitenta: o da produción cinematográfica. Sen dúbida esta viuse impulsada en Galicia a partir de dous acontecementos claves e decisivos, que repercutiron directamente na política económica do sector.

CONTEXTO POLÍTICO-ECONÓMICO DO SECTOR AUDIOVISUAL

No ano 1987 o goberno da Xunta de Galicia inicia unha política de subvencións ás producións audiovisuais en lingua galega. Neste sentido, desde o ano 1989 producíronse unha serie de longametraxes apoiadas economicamente pola Consellería de Cultura. O segundo acontecemento clave e fundamental para dotar de sentido o espazo audiovisual galego ten lugar co nacemento dunha televisión de servizo público, a Televisión de Galicia, que posibilita a xeración de expectativas favorables en prol da implicación do medio na produción cinematográfica. Neste sentido, a TVG detén os dereitos de emisión de case todas as producións cinematográficas galegas.

A pesar de que estas axudas resultaron beneficiosas e posiblemente decisivas para impulsar moitas das películas rodadas (sen esquecer que as producións galegas tamén teñen a posibilidade de optar ás axudas do Ministerio de Cultura), as voces da Producción de Cine en Galicia seguen a reclamar unha política que dalgún xeito aposte de maneira máis contundente polo sector. Un dos logros máis relevantes foi o da aprobación da Lei 6/1999, do audio-

visual en Galicia. Nesta recoñécense a importancia do sector audiovisual, a necesidade de desenvolver a investigación, o ensino universitario e profesional, así como impulsar o apoio á produción, difusión e comercialización do cine e do vídeo en galego. Ademais, remarca o papel dos produtos audiovisuais na construción da imaxe de Galicia en defensa da identidade galega, e velará porque a produción cinematográfica galega estea presente na cota de exhibición de filmes dos Estados membros da Unión Europea.

INVESTIGACIÓN E ANÁLISE SOBRE A PRODUCCIÓN NA DÉCADA DOS NOVENTA

Unha primeira reflexión levaríanos a pensar que o contexto no que se desenvolve a produción de cine en Galicia non se trata nin moito menos dun pozo baleiro onde o cine podería ficar enterrado. Mais existe unha multitude de preguntas que nos arrastran de inmediato ó terreo da investigación.

OBXECTO DE ESTUDIO

Para reflexionar sobre que está a acontecer co cine producido en Galicia ineludiblemente hai que coñecer numerosos datos relativos ás producións, datos que reflicten quen detén a propiedade das producións, se chegan ou non ás salas, se son distribuídas nas televisións, se viaxan ou non ós festivais..., cuestións que en definitiva describan o estado da situación.

METODOLOXÍA

Tras elaborar unha listaxe de todo o cine producido en Galicia¹ na década dos noventa, púxenme en contacto coas distintas produtoras enviándolles un cuestionario. Neste figuraban

1. Labor arduo se temos en conta que no Centro Galego de Artes da Imaxe só teñen a obriga de depositar copia aquelas películas que reciben subvención da Consellería de Cultura.

datos relativos a: título das producións, ano de produción, director, porcentaxe de participación da productora na película, equipo técnico, produtoras implicadas, principais vías de financiamento, tipo de participación da TVG, distribución en sala, distribuidoras que deteñen os dereitos de cine, televisión e vídeo e festivais ós que acudiron.

O resultado do estudio ofrécese nunha táboa incluída ó final deste texto, onde se pode apreciar en que situacións se produciron e distribuíron as producións cinematográficas.

ANÁLISE SOBRE A PRODUCCIÓN DE CINE NA DÉCADA DOS NOVENTA

Na década dos noventa foron producidas en Galicia unhas vinte longametraxes. Se nos remitimos ás táboas, podemos constatar a dificultade que supón determinar que se pode considerar unha produción galega. ¿É longametraxe galega aquela que conta cun director galego, con actores principais galegos, cos xefes dos equipos galegos, con guionistas galegos, que está rodada en Galicia, que a empresa de produción ten a súa dirección fiscal nalgunha das catro provincias?

Por suposto enténdese que toda produción que consegue unha subvención da Consellería de Cultura habería que considerala galega. Así mesmo, todas as producións audiovisuais que contan coa mencionada subvención teñen a obriga de depositar unha copia no Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI) e, en consecuencia, todas estas producións pasan a ser consideradas "producións galegas".

No caso doutras longametraxes nas que non existe unha subvención da Consellería de Cultura e unha productora galega se encontra implicada na súa produción, no CGAI consideran que a película é galega sempre que a productora radicada en Galicia conte cun 20% mínimo de participación. Se nos remitimos ás táboas sobre as producións advertimos que non hai moitas nas que a par-

ticipación sexa dun 100% galega, e si son máis numerosas as producións onde a porcentaxe galega vai desde un 50% ata un 10% nalgúns casos.

A resolución do problema económico-financeiro que soporta a arriscada industria cinematográfica poderíase contemplar como unha das principais causas para dar entrada a fontes de financiamento alleas ó contexto galego.

Mais existe un problema fundamental e decisivo non resolto aínda na produción cinematográfica en Galicia. Tanto as subvencións do goberno autonómico como as compras de dereitos de emisión da Televisión de Galicia están a ser cómplices dunha errónea e falsa política audiovisual que fomenta en Galicia unha produción cinematográfica en español. Durante a década dos noventa unicamente foron rodadas en galego dúas longametraxes. Isto significa que de todas as "longametraxes galegas" producidas e subvencionadas² en Galicia nos últimos dez anos unicamente dúas foron rodadas en versión orixinal en galego, *A metade da vida* e *Érase outra vez*. Sen embargo as estreas cinematográficas en Galicia contan coa complexa política de ser levadas ás pantallas galegas en versións dobradas ó galego para intentar amosar deste xeito que son cumpridoras da lei e que avalan unha política que aposta pola "produción cinematográfica galega". En definitiva, un falso engano do que participa o sector da produción audiovisual (as empresas produtoras e a única asociación de produtoras independentes -AGAPI- que existe en Galicia), as institucións políticas, a Administración e a Televisión de Galicia (cómplice da compra de dereitos ano tras ano de producións subvencionadas e rodadas en español, aceptando versións dobradas das producións).

A situación, despois de dez anos de intentos de consolidar unha industria cinematográfica, móstranos que isto se encontra aínda nos albores da súa existencia. É evidente que existen casos illados de filmes que estiveron en numerosos festivais e acadaron

2. Subvencións á produción audiovisual en lingua galega.

premios. Os que chegaron a ser estreados (porque moitos quedaron sen distribución en sala) tiveron unha ínfima presenza e rapidamente saíron dos cines.

Na actualidade a produción cinematográfica galega, no contorno estatal e europeo, non se caracteriza por nada en especial. É dicir, de cara a fóra non existe. Ben mirado ás veces si existe para produtores estatais que ven nunha productora galega a posibilidade de acceder a unha subvención da Consellería de Cultura ou á compra de dereitos de emisión dunha televisión autonómica, a TVG, para completar o seu financiamento, posibilidade que hoxe aquí tamén lles podemos transmitir ás produtoras finesas. Se podemos rodar películas galegas en versión española e dobralas, ¿por que non en versión finesa e dobralas?

En definitiva, isto non pretende ser máis que unha breve reflexión. A situación do sector cinematográfico en Galicia debería ser tratada con máis seriedade e rigor polas institucións implicadas. A industria do cine é complexa e arriscada, invístense elevadas cantidades de diñeiro e o risco empresarial é moi alto. Se verdadeiramente existe un sector empresarial concienciado de que o seu obxectivo é producir cine e o goberno da Xunta está disposto a apoialo habería que actuar con seriedade e en principio comezar a materializar as ideas propostas na Lei do audiovisual.

	DIRECTOR	AÑO DE PRODUCCION	PARTICIPACIÓN GALEGA (%)	PRODUCTORAS	FINANCIAMIENTO	TVG (particip.)	DISTRIBUCIÓN EN SALA Galicia-España Internacional	DISTRIBUIDORAS DOS DEREITOS (cine, TV, video)
EL TIEMPO DE NEVILLE	Pedro Carvajal e Javier Castro	1990	100%	LOS FILMS DEL BUHO	ICAA Mº Asuntos Ext. Canal +	-	Internacional por M.º Asuntos Exteri.	LOS FILMS DEL BUHO
EL BAILE DE LAS ANIMAS	Pedro Carvajal	1991	25%	LOS FILMS DEL BUHO/IMAGEN.S.A.	XUNTA, ICAA, Sogetel, Canal +	-	Galicia, España, Francia, Bélgica	LAUREN FILMS (Sala: España)
DAME LUME	Héctor Carré	1994	100%	SUN LUA (70%) VICI FILMS (30%)	XUNTA, Canal +	DEREITOS EMISION	Galicia, España	FILMAX
DAME ALGO	Héctor Carré	1997	50%	SUN LUA (50%) BENJAMÍN P. (50%)	XUNTA 3ª VÍA, Canal +	DEREITOS EMISION	Galicia, España	KEVIN WILLIAMS (cine, video, TV)
A NOIVA DA MEDIANOITE	Antonio Simón	1997	100%	MANIVELA P. S.L. (100%)	XUNTA, 3º VÍA, TVE (La 2), Mexico, TV do Leste, UIP	DEREITOS EMISION	Galicia, España	UIP (Cine) FILMAX
NENA	Xavier Bermúdez	1997	100%	XAMALU FILMES (100%)	XUNTA, Canal +	DEREITOS EMISION	Galicia, España	DIORAMA
CONTINENTAL	Xavier Villaverde	1990	100%	JAVIER VILLAVERDE ASOCIADOS	XUNTA, ICAA, UIP	DEREITOS EMISION	Galicia, España	UIP (Cine e TV) CONTINENTAL (Video)
INÉS DE PORTUGAL	José Carlos Oliveira	1995	10%	IMAGEMREAL CONTINENTAL	Instituto Portugués de Arte Cinemat. e Audiovisual, RTP	DEREITOS EMISION	Portugal	CONTINENTAL (cine, video, TV)
FRONTEIRA SUR	Gerardo Herrero	1998	10%	TORNASOL FILMS SOGETEL, ALEPH MEDIA, CONTINENTAL P., ROAD MOVIES VP., BLUE DAHLIA P.	TVE, Canal +, ICAA, INCAA, Fondo EURIMAGES (Programa MEDIA)	DEREITOS EMISION	Galicia, España	ALTA FILMS (cine, TV), FILMAX (video)

	DIRECTOR	ANO DE PRODUCCION	PARTICIPACIÓN GALEGA (%)	PRODUCTORAS	FINANCIAMENTO	TVG (particip.)	DISTRIBUCIÓN EN SALA Galicia-España Internacional	DISTRIBUIDORAS DOS DEREITOS (cine, TV, vídeo)
FISTERRA	Xavier Villaverde	1998	50%	CONTINENTAL P. TORNASOL FILMS	XUNTA, ICAA, TVE, Canal +	DEREITOS EMISION	Galicia, España	ALTA FILMS (cine, TV), FILMAX (vídeo)
CANDO VOLTES Ó MEU LADO	Gracia Querejeta	1999	10%	Continental P. Elias Querejeta PC, Sogetei, Albares Productions, S.A.R.L., Blue Cinematograf., S.R.L.	XUNTA, EURIMAGES, TVE, Canal +, Tele +	DEREITOS EMISION	Galicia, España	WARNER SOGEFILMS (cine, TV) WARNER HOME (vídeo)
A ROSA DE PEDRA	Manuel Palacios	1999	50%	CONTINENTAL P. CANAL +	XUNTA, Canal +	DEREITOS EMISION	Galicia, España	SOGEPAK (cine, vídeo, TV)
SEI QUEN ES	Patricia Ferreira	2000	50%	CONTINENTAL P. TORNASOL FILMS ZARLEK PRODUCC.	XUNTA, ICAA, TVE, VIA DIGITAL	DEREITOS EMISION	Galicia, España	ALTA FILMS (cine, TV) FILMAX (vídeo)
A LEI DA FRONTEIRA	Adolfo Aristarain	-	-	-	-	-	-	-
BLANCA MADISON	Carlos Amil	2000	100% (pendente de estrea)	VICI PRODUCCIONS	XUNTA, ICAA	DEREITOS EMISION	-	-
A METADE DA VIDA	Raúl Veiga	1994	100%	OS FILMS DA FENDA	XUNTA, Deputación da Coruña, TVG	-	Galicia	-
ARDE AMOR	Raúl Veiga	1999	100%	OS FILMS DA FENDA	XUNTA, TVG, Deputac. Coruña.	-	Galicia, España	KARONTE DISTRIB. FILMAX
TIRANO BANDERAS	José L. García Sánchez	-	-	Iberoamericana E., Luz Directa, Atrium, Promociones A. Reunidas, Im. P. Cinematográfica d. P.	ICAA, XUNTA, ICAIC, EURIMAGES, Antena 3, TVG	-	-	UIP

	DIRECTOR	ANO DE PRODUCCION	PARTICIPACION GALEGA (%)	PRODUCTORAS	FINANCIAMIENTO	TVG (particip.)	DISTRIBUCION EN SALA Galicia-España Internacional	DISTRIBUIDORAS DOS DEREITOS (cine, TV, v'ideo)
A LINGUA DAS BOLBORETAS	-	-	-	-	-	-	-	-
A CASA DAS BELAS DURMINTES	Eloy Lozano	2000 (en posproducción)	100%	OFF FILMES	-	DEREITOS EMISION	En posproducción	-
LENA	Gonzalo Tapia	2000	20%-30%	Trafico de Ideas La Iguana Portozás Take 2000	XUNTA, ICAA, Sources (MEDIA), IBERMEDIA, ICAM, TVG, TVE, Canal +	Coproducto, /Dereitos de emisión	En posproducción	ALTA FILMS (cine, video, TV)
O XOGO DAS MENSAXES INVISIBLES	Juan Pinzás	1992	-	ATLANTICO F.	ICAA, XUNTA	-	-	COLUMBIA TRI-STAR
ERASE OUTRA VEZ	Juan Pinzás	2000	-	ATLANTICO F. CINEMA INDIE G.	XUNTA, TVG	-	-	-

A FICCIÓN AUDIOVISUAL EN GALICIA: UNHA PERSPECTIVA NO TRÁNSITO DE SÉCULO

Xavier Lama

Universidade de Santiago de Compostela

A ficción audiovisual galega era hai dúas décadas unha especie de territorio utópico alimentado por unha serie de pioneiros, case sempre afeccionados, empeñados en construír un imaxinario que transcendese a cultura libresca. Hai quince anos, en xullo de 1985, comezaba a funcionar a Televisión de Galicia e abría un camiño de esperanzas, pero tamén de frustracións para moitos deles, postergados ou esquecidos nesa primeira hora.

Catro anos máis tarde, en novembro de 1989, estreáronse conxuntamente as tres primeiras longametraxes galegas, se exceptuamos algún ensaio frustrado como o filme en 16 mm *Malapata* (1980), coincidindo co goberno tripartito formado por Coalición Galega, Partido Nacionalista Galego e PSdeG-PSOE. Referímonos a *Sempre Xonxa*, *Continental* e *Urxa*, que supuxeron no interior de Galicia un particular fenómeno de carácter emocional e, en boa medida, acrítico.

Estaban sentadas as bases, máis voluntaristas ca reais e industriais, para demostrar que o cinema galego era posible, pero desde 1990 ata 1995 virá unha especie de quinquenio en gris para a ficción audiovisual, no que as esperanzas xermoladas non van atopar apoios consistentes. É a partir do ano 1996 cando se constrúen os alicerces para este abrollar da ficción audiovisual que estamos a vivir en Galicia. E neste novo panorama, agora si, a Televisión de Galicia ten un papel fundamental, que certamente pode incluír eivas, pero no que se constatan tamén logros evidentes.

Actualmente, a TVG ten asinado un convenio para o período 2000-2002 coa Asociación Galega de Productoras Independentes (Agapi), co obxectivo de facilitar a creación de longametraxes, series de ficción, *TV movies* e series de animación, que foi cualifica-

do polos empresarios do sector como a achega de capital proporcionalmente máis grande dunha televisión pública en España. Tampouco hai que desbotar o dato de que esa cantidade (1500 millóns en tres anos) supón aproximadamente o 4% do presuposto estimativo da TVG para o mesmo período, unha porcentaxe discreta se temos en conta o custo dos dereitos de emisión do fútbol, que non son susceptibles de reposición e de rendemento a longo prazo.

As empresas integradas na Agapi facturaron 4600¹ millóns de pesetas en 1999 e, coincidindo coa sinatura dese acordo, un directivo da asociación sinalaba que o obxectivo de emprego no sector audiovisual independente era crear en tres anos 975 postos de traballo. Iso significaría, segundo ese cálculo aparentemente moi optimista, pasar de 610 empregos en febreiro deste ano a uns 1600 a finais do ano 2003, sen contar os ocupados na TVG e na TVE en Galicia².

Hai que ter en conta que desde a Agapi estímase que esa produción concreta apoiada pola canle galega con 1500 millóns xeraría un investimento inducido total de 7.500 millóns de pesetas. Tamén aquí convén ser prudentes, xa que é unha práctica frecuente inflar os presupostos para conseguir maior capitalización pola vía da subvención, pero o dato económico pode quedar fixado como un referente ideal.

O FENÓMENO DA FICCIÓN TELEVISIVA

Se algo hai que salientar nos últimos anos é o asentamento das series de ficción televisivas nas grellas da TVG. É a primeira vez en que o público do noso país se sente identificado cunha ficción realizada en idioma galego e interpretada por actores nosos, xa que polo de agora non se deu no cine un fenómeno semellante e faltaba ese punto de entroncamento ou conexión entre a ficción audio-

1. Datos facilitados pola AGAPI para este traballo.

2. Prospectiva do sector exposta por Pancho Casal, ex-presidente da AGAPI, en rolda de prensa. Axencia AGN, 8-2-2000.

visual e o público popular. Hai que ter en conta que o xurdimento da Televisión de Galicia aparece ligado á serie *Dallas* dobrada ó galego, todo un símbolo dunha cultura hexemónica no audiovisual. Daquela nada facía prever que a ficción televisiva no *prime time* sería rescatada en boa parte de Europa das gadoupas das factorías de imaxe estadounidenses.

Nestes momentos coinciden na televisión autonómica tres series (*Pratos combinados*, *Mareas vivas* e *Rías Baixas*) e dentro de moi pouco engadirase unha nova, *Galicia Exprés*. Ademais, hai outras catro series en fase de produción ou pre-produción. Se tivesemos que facer unha sintética presentación das que son xa realidade, habería que sinalar que *Pratos combinados* conta a historia dunha familia de retornados da emigración, pero baixo a filiación dun humor branco que recorre ós equívocos (mesmo ós equívocos verbais), sempre dentro dunha perspectiva amable da vida. *Mareas vivas* está ambientada nunha vila mariñeira e, máis aló das tramas principais que manteñen a tensión argumental, refírese, aínda que sexa colateralmente, ós problemas da xente do mar, á inmigración, ó furtivismo, ás nais que loitan contra a droga, etc. Non é que posúa marcado carácter social, pero si se percibe nela un latexo de fresca realidade.

Polo que respecta a *Rías Baixas*, poderíase salientar que nela conflúen dous asuntos referenciais como son a cultura do viño na zona do Albariño e os conflitos derivados das herdanzas baixo a forma do *culebrón*, pero esteticamente máis evolucionado. Finalmente, *Galicia Exprés* ambiéntase nun tempo de historias laborais en precario e remítenos a un universitario fracasado que recorre ó autoemprego para montar unha empresa de mensaxeiros.

Convén deixar claro que os posibles perfis sociais dalgunhas series constitúen un interesante engadido nestes tempos de televisión plana, amable ou banal, pero que non deixan de ser eso: engadidos, ou aspectos argumentais secundarios.

O CINE ÚLTIMO

O xermolar do cine producido ou coproducido en Galicia permitiu a realización dunha ducia de películas entre 1998 e este 2000. O tótem da longametraxe como un eterno soño incumprido comeza a diluírse. Nestes tres últimos anos xurdiron filmes que responden a formulacións industriais e estéticas ben diferentes. Velaí van os títulos deste trienio: *Fronreira sur*, *Cando volvas ó meu lado*, *A rosa de pedra*, *Blanca Madison*, *Fisterra*, *A lingua das bolboretas*, *A terra de fogo*, *Sei quen es*, *Érase outra vez*, *Divertimento* ou *Nena* (en proceso de montaxe).

O problema é ata que punto se poden considerar como asumiblemente representativas do cinema galego cintas como *Cando volvas ó meu lado*, *Sei quen es*, *A terra de fogo* ou *Divertimento*. Mesmo no caso da irregular *A rosa de pedra*, ou da moi recoñecida e de moi digna factura *A lingua das bolboretas*, as dúas realizadas a partir de relatos de Manuel Rivas, percíbese nelas o selo do director foráneo. Por outra parte, está implícita a pregunta ineludible con respecto a este último filme: ¿cantos están dispostos a privarse da interpretación xenuína de Fernando Fernán-Gómez e cantos por militancia optan pola dobraxe dun actor caracterizado polos recursos da súa modulación verbal?

Polo que respecta a *Fisterra* e *Arde Amor*, hai que falar de películas de produción galega, pero rodadas en castelán e dobradas ó galego para a súa emisión na nosa terra. Non quero con estas observacións alentar perspectivas maximalistas que, ben o sei, están afastadas da realidade industrial e comercial do cinema. Supoño que somos bastantes os que modificamos dalgún xeito as posicións de partida e comprendemos que, máis aló de teimudos idealismos, é preciso asumir que as estratexias idiomáticas poden ser diversas en función das historias, dos actores contratados, ou da posibilidade de participar en coproduccións de interese industrial. Pero non é menos certo que o cinema rodado en galego necesita unha prima favorable por parte das institucións autonómicas,

partindo do que se contempla como obras galegas na propia Lei do audiovisual de Galicia. Non menos obvio é que resulta necesario potenciar a distribución das copias en galego daquelas longame-traxes que, aínda sendo de produción galega, non utilizaron a nosa lingua na realización. Pero deteñámonos nunhas declaracións do propio presidente da AGAPI, Andrés Barbé: "(...) se non fora pola diversidade idiomática non teriamos as subvencións que temos, que están incrementadas por apoiar o idioma, aínda que ó mesmo tempo atópaste co *hándicap* de que te gastas uns cartos nas dobraxes e en facer copias en galego que despois practicamente se depositan aí e aí quedaron, porque ós festivais tes que mandar os traballos en castelán"³.

Non imos descubrir nada novo se sinalamos que o galego é ás veces un pretexto para a subvención. E insisto en que non partimos de perspectivas fundamentalistas. Non teño problema en asumir como fundamentalmente galegas películas de produtoras de aquí e dirixidas tamén por directores da nosa terra, aínda que rodadas en castelán e posteriormente dobradas, como as citadas *Fisterra* e *Arde amor*. Hai que recoñecer que contaron cunha digna distribución en galego e que mesmo no caso da dirixida por Xavier Villaverde conseguiu recadar só en Galicia setenta millóns de pesetas, unha cifra que a produtora Continental equipara ás obtidas por grandes producións estadounidenses na nosa terra. Outra cousa é asumir como pertencentes ó cinema galego os filmes dirixidos por Miguel Littín, Gracia Querejeta, Gerardo Herrero ou García Hernández, entre outros. Porque o curioso é que existe unha corrente de estudos históricos do noso cinema tendente a adoptar como galegas coproducións e mesmo produtos totalmente alleos que teñen a Galicia como marco escenográfico ou como referente secundario.

3. Entrevista con Andrés Barbé, pres. da AGAPI. Revista *Imagen&Comunicación*, n.º 9. Outubro 2000. Pp. 20-23.

Se un mira atrás ós últimos anos percibe nesa ducia de películas unha calidade media certamente aceptable e algunhas delas mesmo estiveron presentes en grandes festivais (Cannes, Berlín, San Sebastián, Moscova). Sen embargo, aínda non apareceu esa película de director galego que acade o éxito e o recoñecemento crítico e que se converta nun fenómeno singularizado que poida encarnar o punto da cinematografía galega.

O PULO INDUSTRIAL DA ANIMACIÓN

Unha das novidades destes últimos anos é a produción de películas ou series de animación creadas mediante a modelación informática en tres dimensións, e neste eido salienta a dimensión industrial de dúas produtoras: Dygra e Bren Entertainment.

Dygra está a realizar a longametraxe de tipo fantástico e ecoloxista *O bosque animado*, baseada na novela de Wenceslao Fernández Flórez, un traballo que conta cun presuposto global de 550 millóns de pesetas, incluíndo as copias e a publicidade. *O bosque animado* recibiu o alento do Programa Media II e comezou a cobrar forma aló polo ano 97. O reto era facer cunha cantidade limitada o que a outros (caso das estadounidenses *Bichos* ou *Hormigaz*) lles pode chegar a custar dez mil millóns de pesetas, coa sorte de que comezaron a xurdir os contratos e precontratos no ámbito internacional. Detrás de *O bosque animado* hai un traballo de pescuda previo sobre os métodos empregados en Hollywood para este tipo de realizacións e tamén unha longa operación de proba continua do guión e do deseño dos personaxes a través de encontros como o "Cartoon Forum", patrocinado pola Unión Europea.

A outra aventura, marcada neste caso por un formato profesional de amplos voos, é a de Brent Entertainment, ligada ó grupo Filmax, que preside desde Cataluña o galego Julio Fernández. Conta cunha sede en Santiago duns 1200 metros cadrados, integrada por unidades de produción e por salas equipadas por unidades informáticas avanzadas que manexan un *soft-*

ware desenvolvido pola propia empresa baixo a denominación *Toonsafe*. Antes da apertura, Filmax asinou un acordo co Igape no que se contemplaba que o investimento non ía ser inferior ós 720 millóns de pesetas e o propio director da compañía elévoa a 1200 millóns de ptas. Neste caso, Bren traballa fundamentalmente o modelado, a composición e o proceso global de realización a partir de referentes argumentais, guións e *story-boards* facilitados pola empresa productora, de xeito que está especializado fundamentalmente na materialización dos proxectos que, na súa maioría, proveñen da unidade central radicada en Barcelona. Os compromisos inmediatos consisten na realización de series centradas en personaxes sobradamente coñecidos no ámbito castelán, como Goomer ou Manolito Gafotas. O obxectivo é producir 125 capítulos de animación ó ano de media hora de duración, o que significa un labor de varios equipos en paralelo e un sistema moi sistematizado de produción⁴.

Bren Entertainment supón unha forte aposta profesional, polo de agora desgaleguizada, pero que nos irá brindando traballos dobrados ó noso idioma. Ademais, co paso do tempo, hai que confiar en que recorra a historias máis nosas que, por outra parte, non teñen por que ser menos universais.

CARA Ó FUTURO

A nosa ficción audiovisual, case sempre precaria e pelexando coa suficiencia económica, encara un camiño de incipiente normalización, alomenos desde o punto económico. Referímonos previamente a eses 1500 millóns de pesetas que achega a TVG e que poderían supor uns investimentos inducidos (a Agapi *dixit*) de 7.500 millóns. Por outra banda, a Consellería de Cultura recibiu críticas agres o ano pasado, 1999, por destinar só 60 millóns de pesetas para subvencións directas ó sector. Pero esa cifra aumentouse este ano a 300 millóns, cifra limitada se se teñen en conta

4. Datos facilitados por Bren Entertainment.

outros investimentos en eventos máis efémeros, pero que o sector saudou como unha aceptable rectificación.

Galicia conta ademais cunha Lei do audiovisual consensuada e aprobada por unanimidade dos grupos da Cámara galega no 1999. Certo que pode primar nela a inconcreción, como denunciou algunha voz crítica, pero tamén se lle pode recoñecer un selo de pluralidade e de capacidade racionalizadora do audiovisual. Alomenos, de agora en diante, para que unha obra audiovisual se considere galega ha ter que contar cuns niveis de participación mínimos dun 50% de "nacionais de Galicia no desempeño das tarefas fundamentais dos equipos técnicos e artísticos, coa participación dun produtor con domicilio fiscal e social en Galicia, con rodaxe polo menos dun 50% do filme en escenarios de Galicia, agás excepcións xustificadas temática e artisticamente, e versión orixinal en lingua galega"⁵. Polo que respecta ás coproduccións, enténdense como tales aquelas con participación galega de non menos do 30% do equipo técnico e artístico e de obrigada exhibición comercial en territorio galego.

Outra cousa é que a lei acabe por concretarse e executarse efectivamente. Isto non obsta para recoñecer que se trata dun asumible marco de partida para o ordenamento da produción, da distribución e da exhibición e que lle outorga ó audiovisual, alomenos formalmente, o selo de sector "estratéxico e prioritario".

Deixando á marxe as cuestións legais, o futuro presenta perfís prometedores por unha circunstancia que se albisca nun horizonte ben próximo. A Consellería de Cultura prevé un mapa para comezos do novo século, é dicir, entre o 2001 e o 2002, que inclúe unha segunda canle dixital da Televisión de Galicia e a saída a concurso para o ano próximo de dúas canles galegas privadas, que emitirán tamén en tecnoloxía dixital. Ábrense a partir de aí perspectivas interesantes pola necesidade imperiosa de contidos. A isto hai que engadirlle o florecemento progresivo en territorio espa-

5. Ver DOG do 8 de setembro de 1999.

ñol de canles televisivas a través de plataformas dixitais, do cable ou do futuro dixital terrestre.

Un elemento máis contribúe a supor que esa demanda de contidos (non só de ficción) vai ser considerable: as televisións autonómicas perderán no ano 2002 os dereitos de emisión relacionados coa Liga de fútbol profesional. É probable que as negociacións futuras lles permitan compartir eses dereitos, pero parece difícil que renoven a actual situación de privilexio. Non faltan observadores que estiman que isto podería liberar considerables recursos destinados a encargos no campo da creación audiovisual.

En definitiva, hai posibilidades máis ca aceptables nos próximos anos para as series de ficción televisivas e para a animación, pero con matices ben diferenciados. Está comprobado que a animación, cando o produto resulta digno, ten unhas enormes posibilidades de penetración nos mercados internacionais. É versátil lingüisticamente e non require dun *star-system*, polo que as diferencias de partida redúcense con respecto ós grandes centros de produción internacionais desta especialidade.

Polo que respecta ás series de ficción de televisión, o futuro preséntase prometedor canto á demanda interna, xa que o custo medio por capítulo resulta moito máis rendible pola súa condición de produtos de *stock*, é dicir, susceptibles de reprogramacións sucesivas. En definitiva, a súa supervivencia parece asegurada, alomenos ata que non cambie a tendencia televisiva nas canles españolas e europeas, pois non hai que esquecer que se trata dun fenómeno inducido. Outro problema diferente é a posibilidade de traspasar as fronteiras con estas series e transcender a tutela excesiva da televisión autonómica. Existe o precedente de *Mareas vivas*, que se comezou a emitir en Telemadrid en castelán e que foi suprimida case inmediatamente. Polo tanto, hai aí unha fronteira entre o endógeno e o esógeno, entre o imaxinario noso e a súa proxección cara ó exterior, que debe ser materia de análise e que afecta tamén ó cine. Porque o que está claro é que non se pode renunciar impu-

nemente ós nosos sinais de identidade, ou diluílos ata a extenuación para manufacturar productos máis exportables.

Polo que respecta ó cinema, xa aludimos á necesidade de que se consoliden talentos do noso país na sétima arte, porque ese é un resorte básico para abrir as portas da transcendencia cara ó exterior. Sería desexable que se afinasen as políticas de axudas no ámbito da coproducción, porque en moitos casos detrás dese tipo de operación agóchanse inescrupulosos capturadores de subvencións. E cando digo afinar, non digo excluír ou eliminar, porque a cinematografía do país necesita o contraste, a diversidade e a colaboración con outras empresas que lle permitan medrar e consolidarse.

Pero asunto máis grave é o da distribución e a exhibición. Necesítase o apoio institucional, pero non basta, porque os organismos públicos ás veces caen no perigo de facer un *totum revolutum* cos productos susceptibles de promoción. As empresas que contan con valores individualizables e cun plus de oferta e calidade con respecto á media tenden a buscar mercados pola súa conta, como sucedeu no caso da moda galega. Neste sentido, as prospeccións de mercado que fai Continental en Latinoamérica ou a relación fluída que mantén con produtoras e distribuidoras foráneas abre interrogantes que terán resposta máis adiante. O que parece imprescindible é partir da creación dun catálogo de producións audiovisuais de *stock*⁶. E tamén comeza a resultar evidente que hai que vender o selo do audiovisual galego e que nesa operación teñen que participar as institucións con xenerosidade de medios e os axentes produtores deseñando estratexias realistas que teñan en conta os *nichos* do mercado. Pero este asunto, o da promoción, a distribución e a exhibición, merece capítulo individualizado pola súa importancia para a supervivencia do noso audiovisual.

6. Idea recollida en: Ledo Andión, Margarita. "O audiovisual". *A comunicación en Galicia 2000*. Consello da Cultura Galega, Santiago de C., 2000, p. 85.

A CREACIÓN ARTÍSTICA COMO FONTE DE INFORMACIÓN PARA ESTABLECER DIFERENCIAS ENTRE O NACIONALISMO FINLANDEÉS E O GALEGO

M.^a Antonia Pérez Rodríguez
Universidade da Coruña

O silencio ou consciente esquecemento que ata época recente tiveron os estudos sobre os movementos nacionalistas semellan agora trocarse por un interese nada alleo á problemática da globalización. No ano 2000, na estrea da chamada "era da información", os grupos humanos portadores de identidades definidas procuran non diluírse dentro da pretendida uniformización; pola contra, tratan de afianzar a súa especificidade¹ renovándose ou reconstruíndose para dar resposta ós retos formulados por un cambio tecnolóxico, presidido pola fragmentación social.

En Galicia e Finlandia, malia propiciar a situación histórica e xeopolítica un resultado diferente, a conciencia nacional esperta a mediados do século XIX, igual ca noutros pobos europeos sen estado. Non vou volver repetir a decisiva influencia que tiveron nisto as consecuencias da revolución de 1848, o romanticismo ou a maniquea teoría sobre as razas. Pero, relacionado con isto último, lembrarei como Gobineau asignaba a cada raza a súa propia lingua natural, e que a lingua constituíu unha peza clave na loita pola independencia²; como todos os países en circunstancias parellas, empregaron a cultura para conquistar o recoñecemento como entidades diferenciadas, para procurar lexitimar e asentar a construción do seu proxecto de nación. Recordarei como invocaron e

1. Castells, M., *La era de la información, economía, sociedad y cultura. El poder de la identidad*, Madrid: Alianza Editorial, 2000.

2. Even-Zohar, I., "La función de la literatura en la creación de las naciones de Europa" en Villanueva, D. (comp.), *Avances en Teoría de la Literatura (Estética de la recepción, pragmática, teoría empírica y teoría de los polisistemas)*, Santiago de Compostela: Universidade, 1994, pp. 356-377.

reinterpretaron (ou inventaron) o seu pasado co fin de dotar de cohesión á comunidade, de gabala, de modelala, de impelela a defender o dereito a configurar un novo Estado.

Baixo estes presupostos comúns, existen diferencias entre como se usaron as distintas pólas da cultura no caso de Finlandia e Galicia. De primeiras, xa se observa unha separación de máis dun cuarto de século no espertar literario de ambas en lingua vernácula, pois Rosalía Castro publica *Cantares gallegos* en 1863 e Elías Lönnrot *Kalevala* en 1835 e *Kantaletar* en 1840. Sen embargo, ambos os países parten no seu espertar nacional de métodos compartidos ó recorrer, para lexitimar as súas aspiracións, ó emprego do idioma autóctono, á tradición e ó mito.

Aquí non se sentían tan afastados da cultura das nacións escandinavas. Lembremos o que Vicente Risco, en 1920, lle recomendaba a Manuel Antonio cando o poeta lle demandou información sobre os novos movementos literarios, sobre as vangardas: "Conte que sempre hemos deprender algo e que debemos estudar eso, aunque ceais nos interese moito mais o estudio do noso Folklore, do Saudosismo portugués, dos haikai xaponeses, da mesma Arte Negra, moi especialmente das literaturas nórdicas antigas e modernas (Celta e Escandinava principalmente)"³. Na propia Finlandia, Galicia, tampouco resultaba descoñecida de todo, pois entre os seus habitantes de fala sueca aínda hoxe en día se conserva (e se baila) un romance, por certo moi longo, con tema xacobeo⁴.

Ata ó redor de 1870 a cuestión lingüística non acadou para os fineses connotacións de problema político grave⁵. A partir desa

3. Manuel Antonio III. *Correspondencia*, Vigo: Galaxia, 1979, p. 77. (Ed. de Domingo García-Sabell).

4. Almazán, V., "Pegadas xacobeas na literatura escandinava", en *Santiago camiño de Europa: Culto e cultura nas peregrinacións a Compostela*, Santiago: Xunta de Galicia, 1993, p. 191, (catálogo).

5. Fol, J. J., *Los países nórdicos en los siglos XIX y XX*, Barcelona: Labor, 1984, pp. 65-69. Neste libro o autor relaciona bastante a historia política de Finlandia co desenvolvemento cultural.

data, o enfrontamento preséntase forte, por veces violento, e só se resolve en parte coa súa independencia de Rusia (1917) e a declaración, en 1919, do finés e sueco como idiomas oficiais, aínda que en 1902 xa se promulgara un decreto outorgando a igualdade para ambos. Malia isto cómpre non esquecer que, a comezos do século XIX, os intelectuais do grupo romántico "Aabo" importaron a Finlandia as ideas do goticismo sueco coa súa sublimación da época viquinga e das sagas, contribuíndo con isto ó despertar do nacionalismo finés. Anos despois algúns escritores e pensadores nesa lingua, como Snellman, Runeberg e Topelius, actuaron coma axentes sociosemióticos e desenvolveron un "rol" social moi dinámico e propulsor de futuras actuacións. Eles tres, de distinto xeito cada un, foron practicamente os primeiros en dar a coñecer as diferencias identitarias ó mesmo pobo que as conservou, sen decatarse como nelas residía o alicerce onde basear o "ser" da nación finesa.

A segunda lingua utilizada, a parte da maioritaria, a finlandesa, era o alemán; nela expresáronse personalidades tan relevantes como Julius Krohn (Suonio) ou Yrjör-Koskinen. Este último funda a mediados da década de 1860 o partido profinés cun programa onde se defendía a economía, a lingua e a cultura autóctona. Esta organización divídese en 1990 en dúas faccións; a liberal, "Nuori Suomi"⁶ (Nova Finlandia), agrúpase ó redor do *Päivälehti*; e a conservadora, arredor de *Uusi Suometar* con Forsman (Yrjör-Koskinen) á fronte. O primeiro xornal, prohibido por Rusia en 1902, igual ca bastantes outros, defendeu a causa nacionalista e o seu equipo non se acovarda ante a forte censura; así, a eses xornalistas débúselles a fundación en 1904 de *Helsinki Sanomat*, o medio con maior implantación na Finlandia actual. O *Helsingfors Dagblad* moi próximo ós intereses do influente grupo sueco, idio-

6. A denominada "Escola dos Järnefelt" desempeñou en papel moi importante dentro deste grupo nacionalista, así como no xornal *Päivälehti*. O pai desta familia era un activo nacionalista e a nai formou arredor dela un círculo literario. Eran fillos seus o pintor Eero, o músico e director de orquestra Armas e a muller do compositor Sibelius, Aino (nome da heroína da Kalevala).

ma no que estaba escrito, considérase o iniciador da prensa moderna nesa nación, onde en 1866 se publicaban 32 xornais e 128 en 1910, case todos eles en finés, malia a forte represión de Nicolás II.

Alí, como en Galicia, lingua, costumes, mito e literatura oral érguense como elemento primordial para afianzar a identidade⁷, e os medios de comunicación⁸ utilízanse como plataforma. Pero nisto último existen disparidades. Aquí, aínda a comezos do XX, os grupos galeguistas e nacionalistas editaban pequenos xornais ou revistas basicamente culturalistas⁹, de aspecto formal tradicional, curta tirada e realizados con medios técnicos pobres; por riba o analfabetismo impedía a súa adquisición a un público diversificado e só a entrada da II República propiciou un aumento relativo de lectores. Pola contra, no país nórdico, a partir de 1870, aparecen xornais de factura moderna para o seu tempo e cun espallamento considerable. Difusión tamén explicable polo alto índice de alfabetización (dentro del as mulleres case se equiparaban cos homes), factor que facilitaba a chegada da súa mensaxe a un público heteroxéneo. Por outra parte, a prensa de contidos políticos aparece alá cando o filósofo Snellman funda en 1844 *Saima*, sendo ese precisamente o motivo polo que Rusia ordena a súa clausura. Mentres tanto, aquí, ata despois de 1916, cando se fundan as Irmandades da Fala, o movemento nacionalista¹⁰ non tomou pro-

7. Con respecto a isto resultan ilustrativos os volumes I e II do congreso *O feito diferencial galego. Antropoloxía*, Santiago: Historia, 1999.

8. Neste punto é de utilidade a parte dedicada especificamente a Finlandia, que se atopa dentro do capítulo da autoría de Sánchez Alarcón, I., "Evolución de la prensa en otros países europeos occidentales" publicado no libro de Pizarroso Quintero, A. (coord.), *Historia de la prensa*, Madrid: Centro de Estudios Ramón Areces, 1994, pp. 363-389.

9. Véxase Molina, C. A., *Prensa literaria en Galicia (1809-1920)*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1989 e Santos Gayoso, E., *La Prensa en Galicia*, t. I e II, Sada (A Coruña), 1990.

10. A evolución do noso movemento nacional aparece tratada no seu conxunto no libro de G. Beramendi, X. e Núñez Seixas, X. M., *O nacionalismo galego*, Vigo: PPG-A Nosa Terra, 1995.

piamente aparencia política e polo tanto tampouco o seu órgano, A *Nosa Terra*. Buscar outros medios escritos en galego que releguen a cultura a un segundo plano, se centren en contidos informativos ou artigos de opinión sobre asuntos da actualidade política, resulta case imposible; todos conxugaban as novas coa literatura e, en moito menor medida, con outras artes.

Confésolles que a min sorpréndeme bastante que Runeberg, Snellman e Topelius, iniciadores do proceso de concienciación da identidade finlandesa, escribisen en sueco; que Nicolás I consentise a constitución da Sociedade de Literatura Finlandesa en 1831, admitise a creación da primeira cátedra desta lingua na universidade e que a súa administración obrigase ós funcionarios, a partir de 1840, a acreditar o coñecemento deste idioma para acceder ós seus postos. Para acadar as dúas últimas conquistas, nós agardamos bastante máis de cen anos con respecto a eles, malia que sosteñan que a total *finlandización* da universidade non se levou a cabo ata 1930. Pero ¿ó remate do ano 2000 tivo lugar a galeguización da nosa ensinanza superior?, ¿e da media ou da primaria? A resposta sábena ben vostedes, as causas supoño que tamén.

Eu non entendo ese proceso sen inscribilo dentro da situación económica e xeopolítica de Finlandia. Non me conformo coa única explicación de que os tsares, especialmente Alexandre II, favorecesen a cultura autóctona como estratexia contra as aspiracións de Suecia sobre Finlandia. Esta nación, en 1809, pasara a formar parte do imperio ruso en calidade de Gran Ducado Autónomo, pero á fin e ó cabo era unha posesión rusa, con ampla autonomía, si, pero unha "colonia" dependendo de Moscova, igual ca antes, durante catro séculos, o fora de Estocolmo. Os historiadores inscriben o trasacordo de Nicolás I, con respecto á denominada "cuestión finesa", dentro das prevencións contra as loitas polo cambio social que trouxo como consecuencia a revolución de 1848. Este tsar, en 1850, tratou de acoutar o desenvolvemento da cultura en finlandés e de afogar a posibilidade de que o pobo levase á práctica o ideario liberal. Pero xa era tarde; coa represión só logrou atra-

sar o segundo porque o nacionalismo contou, só nesta ocasión, co inesperado apoio dun sector, minoritario pero influente, da elite intelectual e económica que se expresaba en sueco¹¹. ¿Imaxinan aquí algo semellante?

O filósofo hegeliano Joan Vilhem Snellman¹² constitúe unha figura clave para entender o nacionalismo romántico en Finlandia, malia escribir en sueco, pois achegou o seu ideario ó pobo por medio de combativos artigos na prensa, ós estudantes coas súas clases na universidade, e ademais dedicouse á política activa. A el se lle deben as bases da economía nacional e a consecución do primeiro estatuto de igualdade entre o idioma finés e o sueco. Este axente sociosemiótico coidaba que cultura e benestar se desenvolven de xeito parello; condenou a visión superficial da paisaxe e da sociedade rural e, respondendo ó paradigma da época, defendeu que na literatura era onde mellor se manifestaba o espírito da nación: "O home pensa, sente, sabe e desexa por medio das súas palabras; o seu pensamento, todo o seu ser racional, móvese e vive na lingua"¹³. En Galicia non se atopa un pensador coa incidencia política de Snellman, nin sequera Viqueira, salvando na comparación todas as distancias conceptuais e temporais.

Como os outros dous membros da tríade antes citada, Johan Ludwig Runeberg¹⁴ pertencía á Sociedade do Sábado. Esta agrupación foi o xermolo da Asociación de Literatura Finlandesa, dunha escola en sueco e do xornal, neste idioma, *Helsingfors Morgonblad*, que el dirixiu dende 1832. Na escrita sublimou ó home e á paisaxe, e deixa ver a un autor socialmente moi conservador. Na obra lírica preséntase como un creador de tendencia idí-

11. Klinge, M., *Historia de Finlandia*, Helsinki: Otava, 1997, pp. 63-94.

12. Jussila, O., "Finlandia como gran ducado" en VV. AA., *Finlandia: Historia política (1809 - 1999)*, Madrid: Espasa-Calpe, 1999, pp. 74-79. Este libro séguese no relativo á historia finesa.

13. Cito por Laitinen, K., *Literatura finlandesa*, Helsinki: Otava, 1997, p. 55.

14. VV. AA., *Dictionnaire des auteurs littéraires*, t. V, editions Robert Laffont, 1989, p. 160.

lico-amorosa, preciso descritor da vida dun idealizado campesiñado e do folclore, bo coñecedor das letras clásicas, sobre todo de Horacio e Virxilio, como se aprecia en *Hanna* (1836) ou na obra de 1844 *Julkvälle* (Día de Noiteboa). Na épica recorre á mitoloxía nórdica, ás lendas do seu país e á "materia céltica"; esta última temática achégao á literatura galega. Como lembrarán, o celtismo constitúe un dos asuntos ó cal apelan os nosos escritores, sobre todo, os románticos¹⁵ e os seus herdeiros da época Nós¹⁶, e fano coa intención de patentizar a diferenza, de destacar os trazos distintivos da nosa identidade; actúan de igual xeito que o escritor finés con respecto ó seu pobo, pero este utilizando o sueco.

Con Runeberg iníciase unha das características da literatura finlandesa duradeira ata máis ou menos 1940. Ó xuízo de bastantes críticos e creadores tamén se atopa na galega; sobre ela escriben os nosos intelectuais de distintas xeracións dende comezos deste século, incluso na súa correspondencia privada¹⁷; como particularidade propia da nosa cultura, e avogando polo seu mantemento, defendeuna ata case 1980 o grupo Galaxia, con Ramón

15. Véxase a Alonso Montero, X., *Constitución del gallego en lengua literaria. Datos para una problemática cultural y sociológica en el siglo XIX*, Lugo: Celta, 1970. Carballo Calero, R., *Historia da literatura galega contemporánea*, Vigo: Galaxia, 1981. Dobarro Paz, X. M. et alii., *Literatura galega. Séculos escuros e Rexurdimento*. A Coruña: Via Láctea, 1988 e VV. AA., *Historia da literatura galega*, Vigo: PPG-A Nosa Terra, 1999.

16. Na revista Nós o interese pola cuestión irlandesa vai da man do uso do celtismo como elemento para assimilar a nosa cultura coa atlántica europea e para, ó mesmo tempo, perfilar e diferenciar nidamente a nosa personalidade como pobo. Isto mesmo, con respecto ó folclore e mais o celtismo, subliña X. M. González Reboredo no seu traballo sobre os etnógrafos dos anos vinte e trinta, titulado "A construción da identidade galega entre o século XIX e XX. O papel do folclore e da etnografía", en *O feito diferencial galego. Antropoloxía*, vol. I, op. cit., pp. 20-51.

17. Pódese apreciar nas cartas de Manuel Antonio a Castelao; ademais nelas compróbase como ó noso poeta máis vangardista do primeiro tercio do século XX o que realmente lle interesaba da paisaxe na pintura era captar a súa "sentimentalidade", non a fidelidade ó modelo, nin a fermosura. *Manuel Antonio III. Correspondencia*, Vigo: Galaxia, 1979. (Ed. de Domingo García-Sabell).

Piñeiro¹⁸ á fronte: trátase do chamado sentimento da paisaxe¹⁹. En *Fänrik Stal sáagner* (*Contos do alférez Stal*) Runeberg recrea nun ton heroico-lendario a guerra ruso-finlandesa de 1808-1809 e o medio natural alcanza igual protagonismo que o tema bélico. Este poema de 1848 exalta o sentimento nacional usando o idioma sueco; sen embargo, o emprego desa lingua non impediu que os primeiros versos dunha das súas partes se convertesen na letra do himno²⁰ finlandés e que se erguese o seu autor á categoría de bardo nacional. Curiosamente tal categoría tamén a gozou en vida Eduardo Pondal, quen publicou primeiro en castelán, co título *Rumores de los pinos* (1877), os poemas que logo traduciría ó galego en 1886 e dos cales un deles pasou a ser a letra do noso himno. A diferenza entre este, con versos tamén alusivos á natureza, e o himno *Värt land* (O noso país) consiste en que neste último faise moito fincapé na descrición dos lagos relegando a un plano secundario lanzar directamente unha mensaxe de orgullo patriótico. Runeberg centra toda a carga semántica do texto na forza da paisaxe, convencido da íntima e indisoluble unión entre ela e os habitantes do seu país;

18. No famoso artigo de Ramón Piñeiro "Significado metafísico da saudade", en *Presencia de Galicia*, Galaxia, n.º 1, Vigo, 1951, non só se aprecia a influencia de Heidegger senón unha concepción dese sentimento totalmente inseparable dunha emotividade configurada polo ecosistema. O feito de considerar que o contorno ambiental contribúe a conformar a saudade pon en relación o pensamento de Piñeiro co de Vicente Risco, quen coidaba que o home galego se atopaba moi modelado pola xeomorfoloxía e polo clima. Neste mesmo número, do que logo xurdiría a revista *Grial*, publícase unha enquisa entre os pintores Laxeiro, Colmeiro, Seoane, Palmeiro, Pesqueira, Díaz Pardo, Prego de Oliver e Manuel Torres; a maioría deles responde que o medio natural inflúe na creación e constitúe un factor moi importante que incide á hora de atopar ese "non se sabe que" que dá personalidade á pintura galega.

19. Lémbrase como na nosa literatura se atopa implicitamente o sentimento da terra. É patente na Xeración Nós, sobre todo en Risco e Otero Pedrayo, e rastréxase facilmente ata aproximadamente 1960, en que comezou unha literatura comprometida coa realidade social do momento. Incluso moitos autores perciben a súa existencia no século XIX, na poesía de Rosalía de Castro, Curros e Pondal.

20. A música compúxoa en 1848 o músico nacionalista E. Paciuso.

para el, o home finlandés estaba conformado pola natureza²¹. Pola contra, algúns versos da segunda parte de *Queixumes dos pinos* (1886) case resultan insultantes para cantos non entenden o noso sentir; e os finais inducen acción, transmiten esperanza, seguridade no logro dos obxectivos e adáptanse máis ás funcións clásicamente asignadas a un himno nacional.

O terceiro escritor en lingua sueca que colaborou a asentar o sentimento finlandés destaca como prosista, malia ser un notable lírico e un coñecido xornalista. Topelius²², idealista, posuidor dun estilo de contida forza dramática na descrición histórica e na da natureza²³, traballou nun eido virxe na literatura do seu país, pero nun eido de vital importancia para configurar o imaxinario dos cidadáns: o conto infantil. Estas narracións resultan fundamentais á hora de definir as bases do mundo lúdico e emotivo, e posteriormente do racional, das persoas. *Sagor e Läsning för barn* reúnen unha serie de textos para nenos que acadaron unha operatividade cívica en Finlandia semellante á obtida polos contos de Andersen en Dinamarca. Tampouco en Galicia contamos cunha figura como a de Topelius, cun creador que soubese ver nas historias para os máis pequenos unha semente. Incluso os etnógrafos, cando nos anos vinte e trinta recolleron a nosa cultura tradicional agraria²⁴, non prestaron especial atención ós contos infantís e non os desvincularon totalmente das lendas; de feito, consideráronos unha manifestación máis do folclore e nin eles nin outros intelectuais da época comprometidos co galeguismo apreciaron o potencial político da súa utilización, sobre todo a longo prazo.

21. VV. AA., *Diccionario de autores literarios*, t. IV, Barcelona: Horas S.A., 1987, p. 2420.

22. Brabo-Villasante, C., *Historia da literatura infantil universal*, t. II, Lisboa: Vega, 1977, pp. 85-86.

23. VV. AA. (coords.), *Cien años de cuentos nórdicos*, Madrid: De la Torre, 1995. Da parte dedicada a Finlandia correspóndelle o estudio a Ursula Ojanen.

24. Como exemplo, *Terra de Melide*, ou o estudio posterior, *A parroquia de Velle*.

Ó mesmo tempo que estes tres autores románticos desenvolvían a súa creación en sueco, realizaba a súa obra o grande personaxe da literatura nacional finlandesa neste idioma: Elías Lönnrot. En 1831 publicou a primeira versión de *Kalevala*, longo poema construído baseándose en lendas, cantos e rituais de asunto mitolóxico ou popular recollidos durante as súas viaxes por Carelia. Dezaioito anos despois edita unha versión dúas veces máis longa que a inicial; neste período de tempo, o pobo xa erguera esta obra á categoría de epopea nacional finlandesa. A súa temática xeral céntrase na guerra entre Pohjola e Kalevala; a victoria da última entendérona os seus compatriotas como o triunfo sobre rusos e suecos. *Kalevala* posúe unha estética romántica, comunica emocionalmente e recorre a elementos propios do código cultural para dialogar empaticamente co lector²⁵. Ambas as dúas características, unidas ó emprego da lingua maioritaria, resultan decisivas para entender a súa influencia no espertar histórico nacional.

En *Kalevala* o sentimento da terra envolve toda a narración²⁶. A agreste e inhóspita natureza, a abrupta e perigosa costa, o duro inverno e as humanizadas e suaves estacións da primavera e verán enmarcan e condicionan a actuación dos míticos protagonistas, que combaten contra un medio difícil de dominar ó tempo que semellan tan integrados na paisaxe coma os accidentes xeográficos. Pero sendo o ecosistema un dos principais actores, compiten con el os obxectos confeccionados polo home, a intriga do asunto e a sorte do heroe que loita co seu destino, co clima e co medio natural circundante²⁷. O seu destino final capta a atención do lector, quen se identifica co tema e a quen a obra no seu conxunto transmite unha mensaxe de esperanza cara ó futuro da súa nación. Nesta peza,

25. *Kalevala* non reúne as características do que Roland Barthes define como texto de gozo na páxina 25 de *El placer del texto*, Madrid: Siglo XXI, 1974. Está moito mais próxima ó concepto de código cultural tal como o define Lotman e a escola de Tartu ó longo de *Semiótica de la cultura*, Madrid: Cátedra, 1979.

26. Lönnrot, E., *Kalevala*, Madrid: Clásicos Bergua, 1967, pp. 6-7 (Traducción, adaptación, noticia preliminar e notas de Bergua, J. B.).

Lönnrot tomou como referente a Homero²⁸, construíu unha epopea dotada de narratividade e intencionalidade simbólicas e utilizou un idioma coidado pero non artificioso; con todo isto amosa a súa preocupación polo efecto da mensaxe sobre o destinatario.

Eduardo Pondal recorda moito a Lönnrot. Ambos escriben unha epopea nacional onde natureza, protagonista e historia se entrecruzan para dar tensión emotiva. Con isto ambos os dous participan dun dos elementos configuradores do horizonte de expectativas da época: o espírito romántico. O noso bardo practicamente inventou e deu forma literaria a un olimpo celta; en cambio, o finés retocou pouco as creacións da literatura oral conservadas polas xentes de Carelia. A súa achega persoal case se reduce ós versos de nexo²⁹; limitouse a recoller os cantos, reformándoos para adaptalos á lectura, da boca dos numerosos bardos existentes na zona occidental do seu país; transcribiu, con modificacións, as rimas e cadencias dos recitados que se dicían en rituais, prantos e conxuros que se continuaban a practicar; a narrar as lendas sobre personaxes santificados polas xentes comúns e pola Igrexa. En

27. Lönnrot, E., *El Kalevala*, Madrid: Alianza Editorial, 1993, pp. 36-37. Correspóndense coa parte da introducción escrita por Joaquín Fernández e Úrsula Ojanen, que así mesmo traducen nesta edición de Alianza, dividida en tres partes, a obra de Lönnrot.

28. Lönnrot, E., *El Kalevala*, Madrid: Alianza Editorial, 1993, pp. 29-30. Corresponden a parte do prólogo de Agustín García Calvo, para quen tamén a epopea finlandesa presenta puntos en común con *Martín Fierro* de José Martí.

29. Os folcloristas fineses repróchanlle a Lönnrot que non respectase os poemas tal e como os recolleu do pobo e os literatos as poucas contribucións da súa autoría. A este respecto no prólogo da tradución de 1984 ó castelán de *Kalevala* lese: "Mucho se ha discutido sobre si Elías Lönnrot era un verdadero poeta o un simple redactor o copista, y sobre si su obra era suya o del pueblo. Gracias a los apuntes y diarios que Lönnrot llevaba minuciosamente a lo largo de sus actividades se han podido hacer detallados estudios al respecto, comprobándose que sólo un 3 % del total de los 23.000 versos era de su propia creación y que, por otro lado, solamente un 33 % de los versos aparece en sus formas auténticamente populares sin que Lönnrot hiciera en ellos modificaciones menores o mayores, ya sin hablar del orden en que aparecen los versos". Lönnrot, E., *Kalevala*, Madrid: Editora Nacional, 1984, pp. 15-16, (Ed. de Fernández, J. e Ojanen, U.).

todas estas composicións seguiu, pero alterándoas, as características da poesía popular finlandesa³⁰: carencia de rima, aliteración e paralelismo.

A diferenza con Pondal, como xa se viu, radica en que este creou toda unha mitoloxía "céltico-galega", tomando como punto de referencia a imaxinativa historia de Galicia do seu amigo e admirado Murguía, na que os versos pertencen á súa autoría, malia inspirarse en lendas, e en que o bardo de Bergantiños tiña vontade de forma³¹. En común posúen o coñecemento da literatura clásica³², xunto co interese por emular a Homero, o coidado do idioma, procurar as fontes na tradición e no pasado mítico, certo distanciamento con respecto á xente común e intención de influír nesta para dotala do orgullo de pertencer a un pobo "glorioso" noutra época e con posibilidades de volvelo ser. Cómpre preguntarse se Pondal tería o convencemento de que os feitos poetizados por el proviñan de fontes fiables que el logo literaturizaba, se era ou non consciente de como o seu amigo historiador intencionadamente "fabricaba" unha historia da nosa Terra asentada no compoñente mítico e non no documental. Lönnrot³³ si considerou a poesía popular como unha crónica onde se atesouraban importantes restos do pasado

30. Lönnrot, E., *El Kalevala*, Madrid: Alianza Editorial, 1993, pp. 1-21, (corresponden a parte do prólogo de Agustín García Calvo).

31. Méndez Ferrín, X. L., *De Pondal a Novoneyra*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1984, p. 26.

32. Sobre esta pegada versa un artigo publicado por Díaz y Díaz en *Primera reunión gallega de estudios clásicos*, Santiago de Compostela: Universidade, 1981.

33. En Finlandia comezouse a recoller a poesía popular cando este país pertencía a Suecia. A comezos do século XIX, baixo o influxo do prerromanticismo e das teorías de Hamanne e de Herder, incrementouse o interese. A Lönnrot considérase como o primeiro en efectuar unha recompilación sistemática de todo tipo de tradición oral; sen embargo, hoxe xa non se presenta a *Kalevala* como a peza onde se reúne toda a literatura popular finlandesa. Nos arquivos da SKK (Sociedade de Literatura Finlandesa) atópanse preto de 1.350 poemas populares, tanto en verso como en prosa; dalgúns ata se conservan diferentes versións. Poveda, A., *Finlandia: Vida y paisaje*, Madrid, 1956, (Impreso en gráficas Magérit).

máis remoto de Finlandia, pasado esquecido polas sucesivas imposicións culturais de Estocolmo e Moscova.

Nos seus poemas líricos, reunidos en *Kanteletar*³⁴, tamén influíu moito a literatura popular, ata o punto de ser algúns deles considerados polos estudiosos versións de cantigas de voda, de berce ou de baladas, pero en xeral a súa lectura transloce un autor embargado dunha certa tristura. En *Cantares Gallegos*, as cantigas e a métrica tradicionais axudan a dar corpo a versos que transforman a aparente sinxeleza conceptual e formal no seu maior valor, pero ese libro constitúe unha obra onde Rosalía estampa a súa personalidade e sentir e onde os poemas, a diferenza dos de Lönnrot, sempre deixan ver con suma e meridiana claridade que son a creación propia da grande autora de Padrón.

Outra peculiaridade de Galicia, a finais do século pasado, consiste en como practicamente todos os escritores se dedicaban á poesía; incluso, tempo despois, a editorial Lar³⁵ só logra manter, e con grande esforzo, a súa colección de narración curta tres anos, de 1924 a 1927. Vendo isto, non estraña que non contemos cun escritor como Aleksis Kivi, a quen se estima como o primeiro novelista e dramaturgo, así como o iniciador da prosa en finés e do realismo costumista en Finlandia. Esta corrente contou con bastantes seguidores nesa nación; cousa explicable, en parte, polo forte impacto sobre os escritores da emigración da xente humilde do rural ós arrabaldes das cidades industriais, onde eran explotados como man de obra barata. Explicable así mesmo porque eran testemuñas das consecuencias das terribles fames causadas polas malas colleitas e os fríos do último trienio da década dos sesenta; nestes anos morreu a décima parte da poboación, outra tanta

34. VV. AA., *Diccionario literario (Obras)*, t. VI, Barcelona: Muntaner y Simón, 1959, p. 415. Posteriormente escritores, como Kivi, Eino Leino ou Aho, músicos como Palmgren ou Kuula, e pintores como Carlstedt, inspíranse neste poema de Lönnrot.

35. Tarrío Varela, A., *Literatura galega. Aportacións a unha historia crítica*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1994, pp. 205-206.

colleu graves enfermidades que a levou á morte nos dez posteriores e un vinte por cento quedou con males crónicos. De feito, Teuvo Pallala aborda esta cuestión, incidindo de xeito áspero na vida dos pobres urbanos. Tempo despois, arredor de 1930, novelistas que introduciron na súa prosa as pautas formais do século XX, como Kilpi ou Joel Lehtonen, malia a súa forte preocupación polo idioma e a estrutura da narración, seguen a plasmar os perentorios problemas da situación material, individual e colectiva do home finés. Como lembrarán vostedes, esta temática non aparece na nosa literatura ata hai corenta anos; coido que na diferente situación socioeconómica e na nosa distancia comunicativa coas áreas xeográficas onde xurdiron as doutrinas sociais do XIX poden residir unhas das explicacións.

Kivi comezou dedicándose á dramaturxia; na súa primeira peza, *Kullervo*, inspírase en *Kalevala*, para xa ese mesmo ano de 1864 en *Nummisuutarit (Os zapateiros rurais)* e logo dous máis tarde en *Kihlaus (O casamento)* afastarse do asunto mítico. El crea o "tipo finlandés" baseándose nas pretendidas características do home finés que se desprendían do folclore. Mais non se cinguiu só a obras centradas no prototipo, como despois farían moitos escritores que caeron nun costumismo estereotipado e irrelevante. A Sociedade Finlandesa de Literatura publica por fascículos *Seitsemän veljestä (Os sete irmáns)* en 1870, novela recibida con moita frialdade, cando non animadversión, pola poderosa minoría culta sueca e que naquel intre acada poucos lectores entre a maioría finesa³⁶. Nela o sentimento da paisaxe impregna unha narración onde o moi abundante diálogo (ás veces semella unha peza teatral) sobre cuestións cotiás, ou a historia de tipo costumista, non afoga canto de realista posúe un relato para moitos estudiosos con influencias de Cervantes³⁷, nunca exento de humor, ironía e ás veces de sarcasmo. Kivi conta o conflito entre o individualismo e

36. Kivi, H., *Los siete hermanos*, Madrid: Alfaguara, 1988, (traducción e posfacio de Fernández J. e Ojanen, U.).

a vida en comunidade, os problemas por non querer adaptarse ós cambios, a loita contra unha natureza hostil que leva os protagonistas a comprender a necesidade da cooperación e a inutilidade de opoñerse ás transformacións sociais; en fin, formula os problemas dunha poboación que se debate entre os avances industriais e o tradicionalismo.

No século XIX o teatro en finlandés contribuíu decisivamente a afianzar a identidade dese pobo, pois os axentes político-culturais déronse de conta axiña da súa importancia como vehículo de ideas; en 1872 creouse o Teatro Finlandés que, en 1902, se converteu en Teatro Nacional de Finlandia. Aquí, tamén os nosos intelectuais galleguistas e nacionalistas foron conscientes diso, pero houbo que agardar ata finais da segunda década do XX para que precisasen a necesidade de utilizar a escena como medio concienciador da diferenza. O momento histórico determinou que isto se levase a cabo só na escrita e, en boa medida, recorrese ó mito e a unha poética próxima á do romanticismo³⁸, como fixera Kivi en *Kullervo* sesenta anos antes. Logo aínda pasaron oito anos dende a edición de *O mariscal* (1926) para que dende as páxinas de *El Pueblo Gallego*³⁹ se escribise en 1934 verbo da utilidade de levar representacións ás nosas pequenas vilas.

37. Ojanen, U., "El encuentro de Aleksis Kivi con Cervantes y otros encuentros entre nuestras literaturas a través de la traducción", en Hannikainen, E. (coord.), *Finlandia, lengua y cultura*, Madrid: Fundación Actilibre, 1999, pp. 53-57.

38. A este respecto, véxase o prólogo de Antón Villar Ponte á obra de teatro *O Mariscal*, escrita por el e Cuevillas. A propia peza constitúe un exemplo do que estamos a falar.

39. Cuadrado, A., "La Barraca de Feria Resol", *El Pueblo Gallego*, sec. "Compostela al día", Vigo, 25 de xullo de 1934.

Carballeira, J., "Para el logro de un teatro nuestro", *El Pueblo Gallego*, sec. "Compostela al día", 15 novembro, 1934.

Fernández del Riego, F., "La necesidad de un teatro gallego", *El Pueblo Gallego*, sec. "Compostela al día", Vigo, 7 de novembro, 1934.

Villar Ponte, A., "Sobre el gran medio de galleguización que supone el teatro", *El Pueblo Gallego*, sec. "Compostela al día", Vigo, 11 de novembro, 1934.

Outra das distincións estriba en como na dramaturxia galega non se abordaron explicitamente temas de contido social revolucionario, pois nas obras de Lugrís Freire ou de San Luís Romero a desconformidade, máis que a protesta, preséntase moi mesurada, respectando sempre a orde establecida e sen tratar de inducir á acción. Na nosa literatura de comezos e finais de século non se deu unha figura como a da feminista e socialista Minna Canth⁴⁰, quen en *Työmiehen vaimo* (*A muller do obreiro*, 1885), *Kovan ommen lapsia* (*Fillos da desgracia*, 1888) ou *Papin perhe* (*A muller do cura*, 1891) condena abertamente a inxusta vida que padecen os traballadores e outorga á muller un papel decisivo no rotundo cambio social que preconiza sen reservas. Nas súas obras teatrais, sobre todo nas da primeira etapa, critica con suma dureza e total sentido igualitario ós responsables dos padecementos da explotada clase obreira, ó poder opresor das institucións conservadoras, incluída a Igrexa, e a marxinação da muller. A combativa Canth non se pode comparar con Rosalía, malia case ser coetáneas; ela resulta máis directa e incisiva cando acusa ós causantes dos problemas colectivos e menos metafísica ó tratar os sentimentos persoais. A creadora de *Tammerfors* pode lembrar algo máis ben a Curros Enríquez, en canto que os dous censuran, ela con moita maior dureza, as desigualdades entre os seres humanos, e neste punto a escritora finesa non distingue entre mulleres e homes.

Unha nova peculiaridade da literatura (en finés e en sueco), e da plástica finlandesa, radica no abundante numero de escritoras e pintoras. En Galicia, as mulleres non entran con forza nas nosas letras ata os anos sesenta, e na pintura ata os setenta do século XX. Volvo repetir que penso en como as circunstancias históricas propician en Finlandia este proceso participativo⁴¹. Non se debe esquecer

40. VV. AA., *Diccionario de autores literarios*, t. I, Barcelona: Horas S.A., 1987, p. 464.

41. Caro Gonzalez, A., "Angel Gavinet y las mujeres en España y Finlandia (1896-1898)", en Hannikainen, E. (coord.), *Finlandia, lengua y cultura*, Madrid: Fundación Actilibre, 1999, pp. 50-70. A rápida emancipación feminina do varón, participación social e influencia da muller no desenvolvemento deste país é salientada en todos os libros sobre historia, literatura e artes plásticas de Finlandia.

que na segunda metade do século pasado a moi rendible produción gandeira, e os seus derivados, atopábase en mans femininas. Este feito axuda a entender que por esas datas Snellman reclamara a igualdade na educación para ambos os sexos; que en 1864 se derogase a lei sobre a súa tutela por parte do varón; que en 1884 a Unión de Mulleres Finlandesas esixisen o sufraxio feminino, reivindicación que conseguen en 1906, cando o tsar consente a constitución dun parlamento nese país. Finlandia é a primeira nación europea onde á muller se lle reconece por lei ese dereito, e xa o practica nas eleccións dese último ano. Coa súa participación duplícanse o número de votantes e transfórmase o mapa político, pois vence a socialdemocracia, e ademais entra unha deputada nesas cortes autonómicas; este partido gañará ata 1916, data en que o superou o socialista. Ó ano seguinte Rusia reconece a súa independencia e a continuación desencadáese unha cruenta guerra civil entre a dereita, "brancos", e a esquerda, "roxos", que, como aquí a nosa de 1936, marcaría moitísimo á poboación finlandesa.

Outra diferenza reside en como en Galicia non se utilizou a plástica para configurar constructos mentais que contribuísen a impulsar a intervención do pobo na construción da identidade nacional. Aquí os intelectuais non alentaron decididamente a arte como medio directo de concienciación; nin existiu quen inducise a empregar as posibilidades da imaxe para transmitir mensaxes identitarias ou ideolóxicas. Curiosamente, isto ocorreu cunha manifestación cultural que posúe moito de icónica, co teatro; como dixen antes, primeiro escribíense pezas con este fin e logo xa se pensa en promover representacións por toda a nosa Terra.

No país nórdico, Topelius impulsa conscientemente o uso da plástica no sentido en que nos estamos a referir, cando escribiu, en 1854, sobre o óleo de Wrigh "Panorama de Hamina"; segundo el, esta mariña constituía un símbolo patriótico e político. A partir desta intervención a natureza ocupa na arte un lugar tan relevante como na literatura e a súa función enténdese do mesmo xeito que

na escrita⁴². Holmberg, Munsterhjelm, Lindholm ou Churberg pertencen a esta liña; nos seus cadros os seres humanos aparecen perdidos ou confundidos coa paisaxe⁴³, e esta preséntase como un espacio de soidade e abandono, cando non o fai por perdurar a herdanza do romanticismo, como un lugar tenebroso⁴⁴, ou posteriormente, baixo a pegada do simbolismo, como un espacio impregnado dunha espiritualidade case mística. Co paso de moi pouco tempo os seus epígonos caeron nun manierismo moi do gusto dun público conservador que mercaba os seus decorativos cadros. O virtuosismo esteticista ou o mero formalismo dalgúns artistas deu lugar a unha dicotomía no tratamento e concepción dos asuntos. Ese enfoque vacuo axuda a entender que o talante dos nacionalistas con respecto a esta pintura non resultase uniforme. Para moitos deles, o tema paisaxístico non xustificaba de por si que se estivese a realizar "arte finlandesa"; para logralo había que penetrar na paisaxe e sentila, extraerlle a súa esencia, plasmala con autenticidade e transmitir o seu espírito empaticamente⁴⁵; se isto último non se conseguía, as obras, por moi fermosas que resultasen e moito éxito que acadasen, non pasarían de ser representacións falseadas da realidade. Constitúe un exemplo disto a postura do filósofo Snellman, quen condenou con dureza as paisaxes edulcoradas que se presentaban como portadoras do "espírito finés". Os cadros con certas tin-

42. Dahl, H. F., "El equilibrio nórdico" en *Luz del Norte / Llum del Nord*, Madrid: Ministerio de Cultura, Consejo Nórdico de Ministros, Generalitat de Catalunya, 1995, pp. 17-22, (catálogo).

Na arquitectura ocorre o mesmo segundo se le ó longo de Núkula, R., *Construir con el paisaje: Historia de la arquitectura finlandesa*, Helsinki: Otava, 1996.

43. Monrad, K., "El ser humano y la naturaleza" en *Luz del Norte / Llum del Nord*, Madrid: Ministerio de Cultura, Consejo Nórdico de Ministros, Generalitat de Catalunya, 1995, pp. 23-31, (catálogo).

44. Hofstätter, H.H., "Pintores simbolistas en el ámbito germánico", en VV. AA., *El Simbolismo en Europa. Nestor en las Espérides*, Las Palmas de Gran Canaria: Centro Atlántico de Arte Moderno, 1990, 76-97, (catálogo).

45. Brummer, H. H., "El paisaje nórdico" en *Luz del Norte / Llum del Nord*, Madrid: Ministerio de Cultura, Consejo Nórdico de Ministros, Generalitat de Catalunya, 1995, pp. 50-58, (catálogo).

guiduras de crítica ou onde se vía a natureza como un elemento duro que facía a vida máis difícil ós campesiños non lles gustaban ós compradores. Mais Eero Järnefelt e Pekka Halonen abordaron a paisaxe sen artificialidade, elevando a auga á categoría de signo e considerando ó pobo un suxeito social activo, sufridor das consecuencias do mal repartimento da riqueza e non como un obxecto que daba prestancia ou adornaba as bucólicas campiñas, os inmensos xeos, doces lagos, cantareiros regatos con fermosas árbores, as alegres festas e os inocentes e belos rituais representados nesas obras de pretendida arte finlandesa que engaiolaban a burguesía.

A finais do século pasado e primeiras décadas do actual, na nosa Terra contamos con abundantes artistas que realizaron pezas deste último tipo; cadros que semellan panos de malas escenografías de comedias de salón. Pola contra, non temos ningún que pintase o traballo real dos campesiños ou dos mariñeiros, nin tampouco que realizase pintura histórica galega, pois a obra sobre o asedio de Lugo de Brocos constitúe un caso illado; nin sequera ocorre isto último cando Cabanillas e Villar Ponte ergueron a Pardo de Cela á categoría de heroe nacional coa publicación da súa peza teatral en 1926. Moito antes, en Finlandia, Alberte Edelfelt executou *O duque Carlos insultando o cadáver do seu inimigo Klaus Fleming*; era o ano 1878, tamén alí a politización dos asuntos que se ían esculpir nos monumentos públicos dáse a partir de 1883, cando se decide erguer unha estatua a Alexandre II e se convoca cunha comisión avaliadora dos proxectos.

A estas alturas resulta obvio falar da pobreza e anquilosamento da nosa arte de finais do XIX con respecto ó desenvolvemento literario, pero a situación non mellorou a comezos do século entrante⁴⁶; basta con follear a revista *Nós* para observar a escasa

46. Pódese apreciar entre outras publicacións en VV. AA., *Plástica galega*, Vigo: Caixa de Aforros Municipal, 1981; en VV. AA., "Arte contemporáneo" en *Galicia - Arte*, A Coruña: Hércules Edicións, 1995, e máis recentemente, e de modo máis completo, nos tres tomos *Rexionalismo I, II, III* de 1999 e o último do 2000 que a editorial Nova Galicia de Vigo, dentro da *Historia da Arte Galega* lle dedica ó período que máis ou menos vai de 1870 a 1930.

importancia que lle concedían estes escritores, malia pertencer a unha xeración onde o simbolismo deixa notar a súa pegada. O sistema sociocultural sitúase na base deste desinterese. Aquí, ó contrario de Finlandia, o número das mulleres artistas contabilízase practicamente en cero⁴⁷, as axudas oficiais eran moi escasas, non existía crítica profesional, nin escola de Belas Artes e o mercado era reducido; quizais por isto non lle prestaron demasiada atención ó papel que podía desempeñar a arte para afianzar ou construír a nosa identidade.

Tampouco en Galicia existe neste momento unha relación conscientemente buscada entre literatura e plástica, conexión directa que se desenvolve no país nórdico sobre todo entre 1890 e 1915. Eino Leino⁴⁸, un dos poetas máis valorado polos seus compatriotas e que uniu o romanticismo co verso libre, bautizou este período como "neorromanticismo nacional". En realidade trátase de creadores que na súa maioría seguen as pautas dos postulados de Jean Moréas, incidindo especialmente na idealización do pasado medieval e prehistórico. O propio Eino Leino en literatura, Eliel Saarinen en arquitectura⁴⁹, Sibelius⁵⁰ en música e Akseli Gallen-Kallela en pintura, denotan con claridade o influxo desa tendencia. No eido das letras, na Xeración Nós a pegada do simbolismo é clara e a herdanza do romanticismo tamén; o mesmo ocorre nos creadores literarios finlandeses destas datas. Pero nas outras artes, ¿onde está o noso Sibélius ou os nosos Lindahl, Thomé ou Saarinen? ¿Pódese máis ou menos equiparar con eles o músico Pascual Veiga, os archi-

47. Este punto e os seguintes tamén se comprobán lendo as publicacións mencionadas na cita anterior. A diferenza con Finlandia pódese apreciar a través de escritos como o de Sinisalo, S., "Las artistas nórdicas" en *Luz del Norte / Llum del Nord*, Madrid: Ministerio de Cultura, Consejo Nórdico de Ministros, Generalitat de Catalunya, 1995, pp. 40-50, (catálogo), ou o libro de Valkonen, M., *El Arte finés a través de los siglos*, Helsinki: Otava, 1996.

48. Laitinen, K., "Los caminos de la lírica en Finlandia, algunas líneas maestras", en *Poesía Nórdica*, Madrid: De la Torre, 1995, p. 17. (Prólogo e antoloxía preparada por Francisco J. Uriz).

tectos galegos que traballan na Coruña e Vigo, ou a Gómez Román? A resposta prefiro que a dean vostedes. É máis, vendo os planos do edificio (1907) da sede editorial Otava, o condicionante socioeconómico asoma de novo ó meu pensamento e non podo evitar lembrar os escasos medios e agradecer a Ánxel Casal o seu esforzado e entusiasta labor á fronte da humilde e digna editorial Nós.

A obra de Pondal non espertou interese entre os creadores plásticos nin, lóxico, entre a clase que ostentaba o poder neses anos. Pola contra, *Kalevala* inspira a bastantes autores⁵¹. Entre os de maior sona foron dos primeiros o sueco J. Z. Blackstadius, quen pintou en 1851 "Väinämöinen coa súa kántele"; o escultor desa mesma minoría, Sjöstrand, co xeso de 1853, "Kullervo rompe os panais"; a finais da década, e posteriormente tamén, segue o poema de Lönnrot o afamado pintor Ekman, quen esaxerou nos seus grandes frisos os trazos étnicos finlandeses; para rematar, o escultor Takanen executa en 1876 o bosquejo da figura da heroína da epo-

49. Saarinen posúe: "Un ansia irresistible de crear símbolos monumentales de significación nacional, así se manifestó en su Kaleve Talo (1892), un 'mausoleo' para los grandes espíritus fineses y al tiempo posible instituto de investigación de la cultura fina". VV. AA., *Saarinen en Finlandia*, Madrid: Servicio de Publicacións da Secretaría Xeral Técnica do MOPU, 1985, p. 11, (catálogo). Na arquitectura finlandesa influída polo modernismo utilizáronse materiais autóctonos, así como decoracións baseadas na vexetación e na flora do país. Isto último ocorre, segundo afirma Cerviño Lago nun artigo para o catálogo (en prensa) da exposición sobre Casares Quiroga e A Coruña, nalgúns edificios realizados nesta cidade a comezos deste século; neles aparecen as follas de carballo. Logo, arredor de 1930, Gómez Román, buscando unha liña de continuidade coas nosa raíces materiais e culturais, emprega o granito e inspírase no noso románico e barroco.

50. Sibelius, como o seu cuñado Eero Järnefelt, tamén se inspira nas paisaxes de Carelia e en *Kalevala* e *Kanteletar* de Lönnrot para compoñer moitas das súas pezas orquestrais. Dernoneourt, S., *Sibelius*, Madrid: Espasa - Calpe, 1985.

51. Os artistas non só toman os seus temas dos poemas de *Kalevala*, as narracións populares serven como asunto a obras de moitos deles; baste de exemplo como as lendas sobre a morte e o demo inspíran ó coñecido pintor simbolista Simberg. VV. AA., *Finlandia*, Helsinki: Otava, 1999, pp. 144-146.

pea nacional (Aino ollando ó mar), e dous anos despois Edelfelt manifestaba o seu interese por pintar a Aino.

Os medios de comunicación desempeñaron un importante papel á hora de crear un ambiente propicio para ilustrar Kalevala, sobre todo os vinculados a "Nova Finlandia", pois este grupo, o igual ca outros nacionalistas do resto de Europa, alentou a utilización da historia e das tradicións como lexitimadoras do seu programa e accións e como elemento de cohesión social⁵², confirmando con este comportamento a opinión de Hosbawm e Runge. Dende estes xornais alentouse a participación dos pintores no concurso convocado con este fin en 1890. Cinco anos antes a Unión de estudantes de Davo e Carelia tivera un fracaso no certame organizado por eles coa mesma finalidade. Pero ó empezar a derradeira década as cousas cambiaran no país nórdico. O nacionalismo tomara forza, e ós iniciais postulados culturalistas unira o interese pola realidade económica, sobre todo do campesiñado e dos obreiros que traballaban nas plantacións de árbores e nas industrias derivadas da explotación forestal. Ademais, explotou decididamente o valor do símbolo e converteu a Carelia nun lugar de referencia identitaria para todo finlandés que se gabase de tal, e utilizou o carelianismo⁵³ como emblema da loita pola emancipación de Rusia. Unha boa parte dos pintores participan dese sentir; así se entende que, igual ca os escritores, peregrinen á zona oriental procurando a autenticidade da vida rural e empaparse da "alma" da nación. Alí acoden, buscando fundirse coas orixes, Emil Wikstöm, Louis Sparre, Eero Järnefelt, Pekka Halonen, etc., e executan paisaxes emocionais, que ese movemento político aproveita como un medio mais para difundir o seu ideario e patentizar as ansias de liberarse de Moscova.

52. Hosbawm e Runge., *L'invent de la tradició*, Vic (Barcelona): Eumo, p. 13.

53. Lönnrot, E., *El Kalevala*, Madrid: Alianza Editorial, 1993, pp. 34-35. Corresponden a parte da introducción escrita por Joaquin Fernández e Úrsula Ojanen.

Axel Gallen presenta ó devandito concurso de 1990 os esbozos dun tríptico inspirado na lenda de Aino, que pouco mostraban en común co académico cadro que sobre o mesmo tema realizara en París un ano antes. O activo nacionalismo de "Nova Finlandia" elevou o seu óleo de 1891 sobre a heroína de *Kalevala*, baseado nos debuxos do ano anterior, e o posterior de 1893, "Paxaro carpinteiro", a símbolos icónicos nacionais concedéndolles a mesma categoría que ó poema composto por Lönnrot e preocupouse de difundilos entre o pobo.

O valor que o nacionalismo lle outorga á imaxe apréciase con facilidade na elección dos pintores e pezas que envían á Exposición de París de 1900, pois a plástica desempeña un papel propagandístico importante. Finlandia acode á capital francesa, a pesar de todos os esforzos de Rusia por impedi-lo, e ergue o seu pavillón co propósito de mostrar a propia identidade. Deséñano Saarinen, Gesellius e Lindgren, e decórano frescos baseados na *Kalevala* de Gallen, quen se convertera no máximo representante plástico do nacionalismo e quen sete anos despois adopta o nome de Akseli Gallen-Kallela. A arquitectura do recinto, construída con base en pedra e madeira, subliña a diferenza dun país que ó tempo ensina o bo momento polo que pasa a súa industria (forestal, gandeira e do ferro), e dentro del exhibense obras de Enckell, Simberg, Westerholm, Halonen, Soldan, Rissanen, Wikström, Vallgren, Stigell, etc. A representación artística, na que predominaba a pegada do simbolismo⁵⁴, espertou interese entre as nacións participantes na exposición universal de 1900, quizais tamén debido á situación política que acompañou a presenza finesa en París. A súa

54. No estudio de Delevoy, R. L., *Diario del simbolismo*, Barcelona: Destino, 1989, p. 186, inclúese a Axel Gallen e a Magnus Enckell dentro da terceira vaga da pintura simbolista, iniciada en Europa, segundo este investigador, arredor dos anos 1890-1895. Sen embargo, Hofstätter, H. H., *Historia de la pintura modernista en Europa*, Barcelona: Blume, 1981, p. 161, cando estudia a pintura de Finlandia nesta época opina que os seis últimos artistas e Gallen-Kallela pertencen ó movemento modernista.

estética gusta e obtén catro galardóns, premios que toman os nacionalistas como un recoñecemento fronte a metrópole.

Antes falei, como contraposición a canto ocorre en Galicia, dunha característica da arte finlandesa desta etapa que estamos a tratar: a presenza da muller como creadora literaria e plástica. A figura da afervoadada nacionalista Fanny Churberg⁵⁵ traspasa esta última dimensión, pois foi, ademais de pintora, pódese dicir que crítica de arte e sobre todo pioneira no xurdir da moderna artesanía fina⁵⁶. Ela volveu os ollos ás creacións do pobo para, a partir delas, deseñar novas pezas con funcionalidade pero conservando canto as tradicionais posuían de orixinal e identitario. Nun manifesto que publica en 1879 avoga pola creación dunha sociedade semellante existente en Suecia para revitalizar a artesanía popular; logo abandona definitivamente a pintura e dedícase a levar a diante este proxecto. Churberg conta con algo de apoio do capital, que sabe do éxito alcanzado en Inglaterra pola industria que segue as pautas do modernismo, así como coa colaboración dalgúns artistas, sobre todo doutra muller, da gran pintora Helene Schjerfbeck, quen tamén realizaba tapices seguindo modelos das decoracións populares.

Na nosa Terra, ata a reactivación de Sargadelos en 1970, non se valoran as realizacións do pobo como fontes inspiradoras dun deseño industrial moderno⁵⁷; houbo de agardar a Luís Seoane e Díaz Pardo. Eles estableceron os fundamentos técnicos e teóricos

55. Sinisalo, S., "Las artistas nórdicas" en *Luz del Norte / Llum del Nord*, Madrid: Ministerio de Cultura, Consejo Nórdico de Ministros, Generalitat de Catalunya, 1995, pp. 40-50, (catálogo). Neste mesmo libro figura ademais a biografía artística da maioría dos pintores citados e un pequeno estudio sobre as súas obras máis representativas.

56. Valkonen, M., *El Arte finés a través de los siglos*, Helsinki: Otava, 1996, pp. 43-44. Este libro ocúpase bastante da relación existente entre o nacionalismo finés e a plástica, así como dos primeiros pasos do deseño dese país.

57. A este respecto, véxase o primeiro número dos *Cuadernos del Laboratorio de Formas de Galicia* e as declaracións realizadas catro anos antes por Luís Seoane nunha entrevista sen asinar que leva o título "Luís Seoane en Galicia", *Madrid, sec. Arte*, Madrid, 6 de setembro, 1967.

para que as pezas confeccionadas nesta empresa resulten utilitarias e sinxelas, se executen con man de obra nosa, nunha fábrica que contribuíse á riqueza de Galicia e para a que traballen xuntos artistas e obreiros; esa cerámica debía recuperar a beleza e simplicidade funcional do popular, cunha óptica contemporánea de valor de uso e da estética máis actualizada, ademais de servir para consolidar a nosa identidade baseándose en transmitir coas súas formas e decoracións a singularidade da nosa cultura.

Segundo Tapio Periäinen⁵⁸, os principios subxacentes no deseño finlandés resúmense en: non concibir as pezas de xeito illado senón dentro do sistema artístico e social, o desexo de beleza e de responder ás necesidades da vida cotiá, a procura de plasmar nas formas unha identidade nacional diferenciada, o sentimento de unión coa natureza, a sinxeleza e a fantasía no deseño e na decoración, seguir a tradición para non romper coa continuidade da cultura, facilitar ó máximo a total colaboración entre artista, traballador e fabricante e non esquecer que as pezas deben ser de utilidade para a humanidade en xeral, pois afirma que o deseño finés ten moi en conta as demandas de colectivos esquecidos ou marxinados pola sociedade do benestar.

Os puntos en común entre os postulados teóricos da factoría de Cervo e algún dos aspectos distintivos enumerados por Periäinen resultan evidentes. Tamén, seguindo o xuízo deste investigador, "A ecoloxía, a historia e a cultura de Finlandia non seguen o modelo do occidente industrializado". Nisto, nós si coincidimos, antes e agora con esa nación nórdica.

58. Periäinen, T., "La formación del diseño finlandés", en *Nuevas formas de Finlandia*, Madrid: Ministerio de Cultura, 1990, pp. 13-19, (catálogo).

O LENTO CAMIÑAR DA PRENSA GALEGA
CARA A UN XORNALISMO DE SERVICIO
A EVOLUCIÓN TEMÁTICA DOS XORNAIS NOS ÚLTIMOS 25 ANOS

Xosé López / Berta García
Universidade de Santiago de Compostela

Hai un cuarto de século a sociedade galega vivía pendente da morte de Francisco Franco. En dúas décadas, instaurouse-consolidouse un sistema democrático, púxose en marcha o inacabado sistema autonómico, a economía empezou a seguir o ritmo marcado pola Unión Europea e, ó mesmo tempo, os costumes e a cultura propios víanse afectados pola denominada "globalización". Ó longo dos últimos vinte anos, os cambios na sociedade galega aceleráronse e foron moitos os actores que interactuaron nos diversos ámbitos. Mentres, os medios de comunicación reflectían, transmitían ou participaban activamente nun mundo que se transformaba a unha velocidade vertixinosa.

Agora, a principios do século XXI, cremos necesario botar unha ollada á historia recente como instrumento de definición de futuro, analizar cál foi o papel que desenvolveron os medios de comunicación na Galicia das últimas décadas, observar qué contaban e cómo relataban a "realidade". Co obxectivo de estudar a evolución formal e de contido dos xornais galegos iniciamos, hai xa tres anos, unha investigación co fin de obter resultados -presentados neste relatorio- que se convertan no primeiro chanzo do seguimento continuado dos medios de comunicación galegos.

LÍMITES E METODOLOXÍA

O ámbito de estudio foi limitado a Galicia xa que se presentaba como un observatorio factible -para un estudio cun tempo determinado (na súa primeira fase)- cun sistema informativo singular e con cultura e identidade propias. Os límites temporais esti-

veron marcados pola chegada da época constitucional -finais da década dos setenta- e a actualidade -remate da primeira parte do estudio-.

A metodoloxía empregada foi a análise de contido e hemeorográfica fundamentalmente. O estudio realizouse a través do exame dos xornais de 1978, 1988 e 1998. Foron estudiasdas dúas semanas de diferentes épocas de cada ano para evitar factores e acontecementos que, pola súa relevancia, puidesen alterar as rutinas productivas e a propia distribución do xornal e distorsionar os resultados (como a aprobación da Constitución, o Estatuto de Autonomía...). Os datos foron recollidos das últimas semanas de xaneiro e outubro.

Co obstáculo causado pola existencia de mercados locais moi consolidados en Galicia e co obxectivo de obter unha mostra representativa da prensa galega, analizáronse os nove xornais existentes ó longo do período escolmado: *La Voz de Galicia*, *El Correo Gallego*, *O Correo Galego*, *El Ideal Gallego*, *El Progreso*, *La Región*, *Diario de Pontevedra*, *Faro de Vigo* e *Atlántico Diario*. Ademais do incremento do número de diarios dende 1970 (na primeira década non se publicaban *Atlántico Diario* e *O Correo Galego* non nace ata a década dos 90), hai que ter en conta que a edición dos luns non existía na primeira data analizada.

En total, examináronse 29.867 textos distribuídos do seguinte xeito: 7.549 en 1978 (1.365 en *La Voz de Galicia*, 1.057 en *El Correo Gallego*, 1.127 en *El Ideal Gallego*, 702 en *El Progreso*, 935 en *La Región*, 887 en *Diario de Pontevedra*, 1485 en *Faro de Vigo*), 9.307 en 1988 (1.502 en *La Voz de Galicia*, 1.377 en *El Correo Gallego*, 1.257 en *El Ideal Gallego*, 905 en *El Progreso*, 1.212 en *La Región*, 756 en *Diario de Pontevedra*, 1.166 en *Faro de Vigo*, 1.132 en *Atlántico Diario*) e 13.011 en 1998 (1.586 en *La Voz de Galicia*, 2.042 en *El Correo Gallego*, 1.274 en *O Correo Galego*, 1.159 en *El Ideal Gallego*, 1.302 en *El Progreso*, 1.369 en *La Región*, 1.385 no *Diario de Pontevedra*, 1.546 no *Faro de Vigo* e 1.348 en *Atlántico Diario*).

A obtención dos datos para a análise do espacio adxudicado a cada un dos temas foi complexa, xa que non había ningunha clasificación teórica que permitise distribuír todas as áreas incluídas nos xornais galegos. Ó longo das dúas décadas os diarios combinaron de xeito irregular os criterios temáticos e xeográficos para a distribución dos feitos susceptibles de convertérense en noticia nas diversas seccións (que foron evolucionando ó longo dos anos e que incluso eran inexistentes nalgún deles nos anos 70).

Dende o punto de vista teórico, os primeiros investigadores no ámbito español que estudaron o xornalismo especializado, Pedro Orive e Concha Fagoaga, dividiron en tres as áreas dun xornal: política, humana e recreativa. A área política traballaría os contidos que directa ou indirectamente inciden na vida política das nacións, as súas institucións e, dentro dela, estarían as seccións de política internacional, política nacional -incluíndo nesta as antigas subseccións de economía, educación, relixión, sociedade, laboral, tribunais...-, política rexional e política local. A área humana nutriárase fundamentalmente dos contidos nos que predominan os elementos de interese humano naquel nivel de interioridade e comunitario que non transcende a vida política en condicións normais. A área recreativa estaría centrada no tempo libre e englobaría seccións como deportes, arte, cine, teatro, espectáculos ou cultura.

Sen embargo, a transformación experimentada pola sociedade e pola axenda dos medios de comunicación durante os últimos vinte anos fixo necesaria a revisión desta primeira clasificación. Mar de Fontcuberta afirma que aínda que as bases teóricas seguen a ser as mesmas vinte anos despois do traballo de Orive e Fagoaga, España deu un salto no campo dos medios de comunicación, e propón unha división en catro grandes áreas: política, economía, cultura e sociedade, recuperada recentemente por Montserrat Quesada.


Nunha obra posterior, os profesores Esteve Ramírez e Fernández del Moral manteñen a mesma clasificación e sinalan que a orixe desta información especializada tematicamente está na esi-

xencia da propia audiencia, cada vez dividida en máis sectores, e na propia necesidade dos medios de ofrecer unha información máis contextualizada e profunda.

Para o noso estudio elaboramos a seguinte clasificación tendo como referencia os estudos sinalados e a propia realidade da prensa galega: local/provincial, política galega, política española, política internacional, sociedade, ocio/cultura, economía.

VELLOS TEMAS, NOVOS TRATAMENTOS

Durante as dúas últimas décadas os xornais incorporaron novos temas para satisfacer a unha audiencia heteroxénea e cada vez máis esixente (consumo, drogas, medio natural...) e, ó mesmo tempo, trataron vellos temas de xeito diferente (son paradigmáticos casos como o da xuventude e a muller). En xeral, o xornalismo evolucionou dende a súa vinculación directa ó poder político -actuaba como correa transmisora do Réxime- ata un xornalismo de servizo, máis preocupado polo lecer e a cultura, esixido pola nova sociedade.




Fonte: elaboración propia

En dúas décadas, a información política dividiu pola metade a súa presenza nas páxinas dos xornais galegos (representaba o 49% de todos os textos publicados nos anos 70 e o 24% nos noventa), mentres se duplicaba a información sociocultural (10% nos 70 e 21% en 1998).

POLÍTICA

Durante os anos da transición á democracia, nos que os medios de comunicación tiveron un papel relevante na consolidación do novo sistema, a información política ocupa case a metade dos textos publicados pola prensa galega. Na década dos 80, o inicio do proceso de descentralización política trasladou a actividade ó ámbito autonómico coa aprobación do Estatuto de Autonomía e a paulatina transferencia de competencias á Xunta de Galicia. Neste período a prensa galega tivo un papel importante na consolidación da autonomía galega que, dende o punto de vista informativo, ten o seu punto álxido na constitución da sección de Galicia. É evidente que non pode haber autonomía real -isto é, personalidade diferenciada- sen opinión propia e sen medios autónomos para expresala. Dado o control central dos medios audiovisuais, a importancia da prensa escrita no proceso autonómico é decisiva.

Como consecuencia, as informacións sobre política española foron rexistrando un descenso importante, mentres que as institucións do goberno autonómico aumentaban a súa presenza nas páxinas impresas.



Fonte: elaboración propia

Nos anos 90, cando os sistemas social, político e económico xa están consolidados, a prensa galega intenta adaptarse á nova realidade e ás esixencias doutra sociedade. O descenso da información sobre as institucións, os actores e a actividade política é importante. Sen embargo, a pesar das críticas sobre a saturación no ámbito profesional e tamén entre os lectores, a política segue a ser unha das temáticas fundamentais na actualidade (ocupa case a cuarta parte da información publicada nos xornais e continúa a ser o tema de apertura principal das portadas, ademais da segunda área de especialización dos xornalistas).

No caso da política no eido internacional foi diferente. Durante o período analizado tivo unha presenza testemuñal pola falla de recursos técnicos e humanos para cubrir a información in situ. Na dictadura, a información internacional tivo un papel fundamental como transmisora dunha imaxe negativa doutros países.

XORNALISMO DE SERVICIO

Durante estas dúas décadas aumentou a información útil para o receptor, é dicir, aquela ofrecida oportunamente que pretende ser do interese persoal do lector-oínte-espectador. Sen embargo, este tipo de noticias son aínda testemuñais, eventuais e relegadas, normalmente, ás fins de semana e períodos de vacacións.

A información de entretemento foi un dos ámbitos triunfadores no período analizado. Da case inexistencia na maioría dos xornais nos anos 70, pasa a supoñer o 5,8% de media da prensa galega nos 90. Ofertas de fin de semana, "suplementos", reportaxes, lecer, evasión, un alto grao de "temporalidade" -incremento os venres e as fins de semana, especialmente en determinadas épocas do ano nas que escasean os temas informativos (descanso no traballo das institucións...)- e demanda de información para un lector que diversifica as súas opcións de lecer e esixe cada vez máis información -por exemplo, á hora de realizar unha viaxe- caracterizan a entrada forte desta sección.

A información de carácter social foi outra das "privilexiadas" durante as últimas décadas. A evolución da distribución das diversas materias e o incremento de temas incluídos na sección mostra o intento dos xornais por satisfacer as necesidades dunha audiencia cada vez máis esixente e heteroxénea e, ó mesmo tempo, o incremento da materia prima para a sección. Na década dos 70 a área de Sociedade xiraba ó redor da información de sucesos (o 72% dos textos) e presentaba referencias puntuais a outros temas como a saúde (7%) ou a crónica social (2%). Na década dos 80 seguen liderando os sucesos, pese ó descenso rexistrado (61% do total de textos), e a ampliación de temas: axudas sociais e marxinação (1%), aborto e eutanasia (1%), medio natural (3%), educación (6%), drogas (1%) e comunicación (4%). Na década dos 90 confirmábase a tendencia: redución de sucesos (36%) e ampliación de novos temas: axudas sociais/marxinação (1%), infancia/adopción/familia (2%), xuventude (2%), aborto/eutanasia (2%), muller (2%), inmigración e problemas raciais (1%). Tamén a informática, co avance que introduciu a tecnoloxía na vida cotiá, e o consumo-aparición/consolidación de asociacións que defenden os dereitos dos compradores e a esixencia por parte destes incrementaron a súa importancia na sociedade e tamén a súa representación nas páxinas impresas.

De todos os xeitos, a sección de Sociedade segue sendo a materia pendente do xornalismo galego. Ademais da escasa importancia mostrada ó longo das últimas décadas, a falla de coherencia no interior da sección e a grande homoxeneidade de temas convertérona nun "caixón de xastre" nas redaccións dos xornais, onde ían parar todos os temas que non tiñan, polas súas características, unha localización definida. Soamente a crónica social, a saúde e os sucesos teñen relevancia hoxe nas páxinas impresas galegas. O resto das materias non supera case nunca o 6% en ningún dos diarios. Hai grandes ausentes nesta sección: os temas propios da realidade galega e outros que permanecen sumidos nun tratamento

superficial e estereotipado (terceira idade, discapitados, racismo, insubmisión...).

A temática máis constante cuantitativamente ó longo das dúas últimas décadas foi a Economía, pero sufriu importantes variacións no tratamento: dende as primeiras folgas e manifestacións, ata unha información útil para os pequenos inversores e lectores que cada vez teñen máis presente a economía na súa vida. Os anos 70 foron os da crise, o peche de empresas, o incremento do paro, o aumento da conflictividade sociolaboral, mentres que a mediados da década dos 80 a consolidación e a mellora da situación económica do país provoca a introducción da economía na vida diaria e, como consecuencia, a necesidade de obter información útil para lograr mellores resultados.

Ó LADO DO LECTOR

Ó mesmo tempo que a política perdía peso fronte ós temas de carácter social e cultural, os xornais redescubrían o valor da información local fronte ó proceso de globalización como elemento diferenciador e cara a un público moi definido e localizado xeograficamente.

Por un lado, a prensa galega intenta achegarse ó lector aproximando as historias contadas á vida cotiá mediante dúas estratexias: a edicionalización e o incremento da información local (duplica o espacio ocupado). Sen embargo, esa aproximación ó lector non supuxo un cambio no tratamento da información. As seccións de local reproducen o esquema do xornal a escala máis pequena: a política municipal ocupa un lugar privilexiado (supera o 30% da área) fronte á presenza testemuñal doutras institucións (Deputación, Xunta, Goberno central...), e o camiño cara a un xornalismo de servizo é paulatino (os temas sociais superan o 30% e ocupan o segundo lugar -fronte ó 15% que representaban na década do 70- e a cultura pasou dende o 4 ata o 9% en dúas décadas). Tamén neste caso o descenso da información económica é impor-


tante pola baixada da conflictividade laboral e pola normalización da situación económica do país.


E, por outro lado, a prensa galega intenta poñerse en sintonía co país no que se desenvolvía. A imaxe de Galicia, soterrada nas páxinas impresas durante case corenta anos, foise construíndo de vagar ó mesmo tempo que se incrementaba a materia prima e a demanda por parte dos lectores.

PRIMEIRAS PÁXINAS

O camiño cara ó impacto visual e a busca dunha conexión inmediata co lector guiou as diferentes transformacións das primeiras páxinas dos xornais galegos nas últimas décadas. Co uso da cor, a inclusión de publicidade e o cambio de maqueta, as portadas de 1978 -nas que se concentraba de xeito caótico un alto número de noticias- transformáronse en "escaparates" cun deseño semifixo no que cada vez ten máis importancia un elemento único destacado encargado de chamar a atención do lector no primeiro contacto visual co xornal. Durante dúas décadas primaron, como criterios de selección de apertura, a actualidade e a "exclusividade" e, como temas, a política e aqueles relacionados co ámbito local.

TEMAS DE APERTURA NA PRENSA GALEGA






Por outra parte, na década dos setenta xurdiu a Society of Newspaper Design (DNS), asociación de deseño de xornais que pretendía facer máis competitivos ós medios impresos mediante as grandes transformacións formais ante a forte influencia dos medios audiovisuais. Os xornais galegos no foron alleos ó imperio da imaxe para gañar lectores. A renovación tecnolóxica e a primacía da imaxe fixeron esquecer, en parte, os contidos das páxinas impresas a favor dunha información "prefabricada", áxil, de rápida lectura en groseira imitación dos medios audiovisuais. Se a evolución dos contidos foi paulatina, o avance tecnolóxico e a aplicación á presentación da información -non tanto á elaboración e tratamento- foi importante na prensa galega nas últimas décadas.

O primeiro dato relevante é o emprego dos elementos gráficos, que case se multiplicou por trece nas últimas décadas. A dis-

tancia entre os 579 rexistrados nos anos 70 e os 7255 da última década marca o camiño cara ó xornalismo visual, en prol dunha información nítida e de rápida lectura.



Deste xeito, caóticas páxinas, nas que cada texto adaptaba o espazo ás súas necesidades informativas, foron substituídas por maquetas menos flexibles cun número determinado de informacións, espazos e deseños predeterminados onde os elementos gráficos incrementaron a súa presenza.

O incremento máis espectacular rexistrouno a imaxe informativa. O número de fotografías empregadas na prensa galega multiplícase por oito en vinte anos. Pese a que o trepidante panorama descrito polos números debe ser relativizado polo incremento de páxinas editadas para cada xornal, a introducción de imaxe das páxinas impresas foi espectacular. As razóns poden ser diversas: os avances tecnolóxicos -que permiten reducir custos, tempo e ofrecer maior calidade-, a televisión e a proliferación de axencias especializadas na edición de fotografías, co que os xornais sen capacidade para enviar correspondentes a lugares afastados suplen unha carencia que na década dos 70 podía impedir a elaboración de información ou reducir o espazo dedicado a un determinado tema. A evolución foi paralela a dous fenómenos: o aumento da imaxe como noticia e o incremento da información local (menor custo e maior facilidade para conseguir a fotografía).

Paralelamente o incremento do número de fotografías publicadas nos xornais galegos diminúe o seu peso dentro dos ele-


mentos gráficos empregados nos rotativos. Debuxos e, sobre todo, gráficos informativos e infografías ocupan cada vez maior espazo, primeiro como complemento da imaxe fotográfica e, máis tarde, substituíndoa. Tres factores poderían agocharse trala evolución dos dous últimos: avance tecnolóxico, que permite cada vez maior calidade; maior complexidade da información xornalística, sobre todo a económica; e o incremento da demanda dunha información de servizos máis sinxela, máis clara, de rápida lectura e tendencia continuada á "credibilidade dos datos".


PRESENTACIÓN

A evolución das páxinas caóticas dos xornais galegos na década dos 70 ata o actual deseño estivo marcada pola redución e a xerarquización dos textos dentro da páxina, a consolidación das seccións establecidas con estrutura propia e o emprego de maquetas semifixas.

O tratamento da información, cada vez máis elaborado e profundo, en contraste coa información inmediata dos medios audiovisuais, provocou o descenso de informacións pequenas e o incremento das de catro e cinco columnas (do 7 ó 20% e do 3 ó 15% respectivamente).

PRESENTACIÓN DOS TEXTOS NAS PÁXINAS INTERIORES





Fonte: elaboración propia

Os xéneros e as fontes informativas foron os dous elementos que sufriron menos cambios nos últimos anos. No primeiro dos casos o predominio da noticia/información é nítido e, no segundo, a orixe institucional da información anda sobre o 80% nestas décadas.

Os xornais galegos decátanse da necesidade de ofrecer información útil, de interese para a vida cotiá do lector, fundamentalmente a partir da década dos 80, cando xa está consolidado o novo marco político e a vida social faise cada vez máis complexa. Neste obxectivo o punto fundamental é o emprego de datos útiles que, ademais de modificar o tratamento, alcanzan forza no conxunto da información e permiten estender o concepto de utilidade a todas as seccións do xornal.

LINGUA

O camiño dende a case inexistencia do galego nas páxinas impresas no inicio da democracia ata a situación actual estivo potenciado por diferentes factores: cambio de sistema político, incremento do uso do galego na sociedade e política lingüística. Sen embargo, agás no caso de *O Correo Galego* (xornal editado integramente en galego), a presenza do galego nos medios de comunicación impresos segue sendo testemuñal.

CONCLUSIÓNS

En definitiva, a análise dos datos recollidos constitúe unha aproximación á evolución da axenda mediática galega en momentos de grandes crises e transformacións en todos os ámbitos da vida social, económica e política. Malia que a década dos 70 foi a da información política e os conflitos laborais, nos 80 a da realidade galega e nos 90 a do xornalismo de utilidade, coa chegada do novo milenio a prensa galega debe "loitar" coa entrada masiva duns medios electrónicos que ofrecen a inmediatez, orientando os seus contidos cara a novos públicos, coa innovación no tratamento de vellos e novos temas e, sobre todo, coa calidade no produto ofrecido. Os xornais galegos, centrados durante os últimos anos nunha revolución tecnolóxica que foi acompañada de importantes cambios formais e de imaxe, non deben perderse na imaxe e esquecer, nesta nova etapa, a cerna da comunicación: a mensaxe.

* Este equipo de investigación foi dirixido por Xosé López e estivo integrado por Luís Álvarez Pousa, José Baamonde Silva, Francisco Campos Freire, Lois Celeiro Álvarez, Sonia Fernández Parrat, Fermín Galindo Arranz, Berta García Orosa, Miguel Tüñez López e Xosé A. Neira Cruz.

BIBLIOGRAFÍA

- Armentia Vizuete, José Ignacio (2000): *El Diario Digital: análisis de los contenidos textuales, aspectos formales y publicitarios*, Barcelona, Boch.
- Diezhandino, María Pilar (1994): *El periodismo de servicio*, Ed. Bosch, Barcelona.
- Fernández del Moral, J.; Esteve Ramírez, F. (1999): *Áreas de especialización periodística*, Ed. Fragua, Madrid.
- Orive, Pedro; Fagoaga, Concha (1974): *La especialización en el periodismo*, Dossat, Madrid.
- Pérez Vilariño, José (1982): *Los periódicos ante las autonomías*, Ed. Akal, Barcelona.
- Quesada Pérez, Montserrat (1998): *Periodismo especializado*, Ediciones Internacionales Universitarias, Madrid.

HEMEROTECA

La Voz de Galicia
El Correo Gallego
O Correo Galego
El Ideal Gallego
Diario de Pontevedra
Faro de Vigo
La Región
Atlántico Diario
El Progreso

A INFORMACIÓN DE GALICIA NA RADIO EN GALICIA

Manuel F. Rodríguez

Xornalista

Os espacios informativos son o único modelo da grella de programación radiofónica con alcance galego que se emite habitualmente para o conxunto de Galicia. Tras algún intento illado a principios-mediados dos setenta de difundir información, máis ou menos encuberta, de alcance galego a través de magacíns de actualidade, como *Galicia de noite*, na COPE, foi a SER a primeira cadea que puxo en marcha, en 1978, un espacio exclusivamente dedicado á información diaria do conxunto de Galicia. Sucedeu medio ano despois de que o Goberno do Estado decretase a liberdade informativa na radio. E era a resposta da radio á intensa actividade política que empezaba a xurdir en Galicia en relación coa futura redacción do Estatuto de Autonomía e a posta en marcha de institucións políticas propias.

Nacía así a información de alcance galego na radio, nun proceso ó que se unirían a primeiros dos anos oitenta as outras dúas cadeas existentes naquel momento, RNE e COPE. Os restantes medios, que apareceron a partir de 1983 ó abeiro das sucesivas concesións administrativas de novas emisoras de FM, tamén crearon espacios semellantes.

Co paso do tempo, os fracasos da iniciativa privada no intento de creación dalgunha cadea comercial de proxección galega, así como a falta dunha aposta decidida dos distintos gobernos da Administración autonómica en tal sentido, levou a que non chegase a concretarse un espacio radiofónico de comunicación plural e propio de Galicia. Só a Radio Galega, emisora pública autonómica, vén respondendo con regularidade a un esquema de programación orientado cara á esta comunidade. Os restantes medios son de proxección estatal e acaban sempre por actuar abertamente como tales na elaboración da súa grella de programas. Esta situación sitúa

o día a día da radio en Galicia como unha aposta inconcreta, como un proceso socio-empresarial non resolto desde o ámbito comunicacional galego e, ademais, como unha representación da realidade propia moi cativa e parcial.

Esta conxuntura, firmemente consolidada, só deixa unha mínima ventá radiofónica para difundir brevemente, aínda que de xeito regular, a expresión colectiva do pobo galego: os espazos informativos, tal e como xa se apuntou. O resto da programación da radio convencional -coa excepción da Radio Galega- aparece ocupada case sempre por espazos de alcance estatal, fóra de pequenas "desconexións" a nivel local para a emisión, sobre todo, de magacíns informativos.

A realidade descrita desvíanos decididamente dos elementos esenciais do que sería un espazo radiofónico de comunicación propio de Galicia: pluralidade de medios centrados nesta comunidade autónoma, diversidade de contidos galegos nas programacións e o uso máis ou menos estándar do idioma galego nestas. Este espazo comunicacional presenta, ademais, dificultades evidentes para a súa propia denominación e a da escasísima programación que emite -¿autonómico, territorial, rexional...?-.

Pero ata os propios informativos de proxección galega semellan máis unha obrigación que unha aposta claramente manifestada. Nas cadeas estatais é relativamente frecuente a supresión dos informativos autonómicos en canto xorde algún acontecemento máis ou menos de alcance, ó que se lle dá total preferencia. Así mesmo, nas cadeas privadas obsérvase practicamente a ausencia de informativos que se inicien en horarios estándar para a información -nas horas en punto e nas medias-, frecuentes cambios nos momentos habituais de inicio e na duración, a falta de concreción dunha imaxe de marca ben definida para estes espazos, etc. Inestabilidade, en definitiva.

Se nos fixamos tamén nos contidos informativos, estes presentan unha diversidade temática xeral que non acabaría de resultar abertamente representativa do conxunto plural da sociedade galega. E dicimos isto aínda tendo en conta que os espazos informativos non

teñen "a culpa" de seren o único modelo da grella de programación de alcance galego da gran maioría dos medios radiofónicos con presenza en Galicia e, en consecuencia, non están obrigados a reflectir con amplitude a "actualidade" da comunidade autónoma, xa que o seu obxectivo é a información inmediata, da xornada.

De acordo coa tese de doutoramento realizada por quen isto escribe, que abrangue a información radiofónica de alcance galego durante os anos 1996/97*, o tipo de fontes, protagonistas e temáticas das noticias presentes nestes espazos ó longo dos anos noventa non ofrece variacións significativas.

Pois ben, de acordo cos resultados obtidos no devandito traballo, estes informativos presentan un notable nivel de especificación de fontes: no 75% das informacións citan expresamente algún tipo de fonte, situándose no contorno desta porcentaxe a totalidade dos medios. Sen embargo, entre o medio que inclúe unha maior porcentaxe de fontes diferentes (Radio Voz) e os dous que menos (Radio Galega e Onda Cero) hai xa unha distancia significativa. A primeira cadea alcanza un nivel de diversificación de fontes do 92% sobre o total das que cita, mentres que a Radio Galega e Onda Cero quedan no 86%, coa porcentaxe menos favorable.

Todos os medios coinciden en ofrecer o maior nivel de reiteración de fontes no ámbito político-institucional, que representa o 50,4% do total das especificadas, coa única excepción da COPE, onde alcanzan tamén unha notable presenza os sectores socioeconómicos. Do alto grao de reiteración das fontes político-institucio-

* No bienio 1996/97 eran seis os medios de radio convencional que realizaban regularmente espazos informativos con contidos de alcance galego. Dous eran públicos -RNE e Radio Galega- e os catro restantes de xestión privada -SER, COPE, Radio Voz e Onda Cero-. Neste traballo, fundamentado nas mostras tomadas nos dous anos referidos, aparecen reflectidos estes seis medios, aínda que debe precisarse que no verán de 1999 Radio Voz e Onda Cero chegaron a un acordo de integración en Galicia, centralizando desde ese momento os seus informativos galegos no indicativo Onda Cero-Radio Voz. É este o único cambio relevante producido na estrutura radiofónica galega nos últimos anos.

nais fala o feito de que se consideramos cada fonte presente unha soa vez no conxunto dos medios -nivel de diversidade global- impóñense claramente as sociais (53,7%), fronte ás primeiras (37,7%). Neste nivel de análise, tamén se situarían en primeira posición as fontes de orixe privada (58,8%), fronte ás públicas (41,2%). Polo tanto, estes resultados permiten constatar que os medios analizados conceden unha gran preponderancia ás fontes político-institucionais, que se reiteran constantemente, fronte ás procedentes dos contornos sociais que, sen embargo, si logran, como acabamos de sinalar, unha presenza significativa se as observamos desde os niveis de diversidade.

Nas fontes relacionadas cos axentes sociais dáse unha gran presenza das de orixe económica, que representan preto do 55% do total daquelas, pero sempre tendo en conta que o nivel de identificación/identidade destas é menor que o concedido ás político-institucionais. Os dous medios públicos optan por dar preferencia á citación de fontes empresariais, mentres que os privados inclínanse polas socioculturais. A gran distancia das fontes económicas sitúanse as deportivas (14,8%), as xudiciais (10%) e as culturais (8,7%), obtendo resultados case inapreciables as restantes (educativas, relixiosas, científicas, medios de comunicación, etc.).

Así mesmo, se nos fixamos na atención que prestan os espazos a aquelas fontes menos tradicionais, que aquí imos denominar como "novos motores sociais" -as vinculadas con anovadas formas de expresión, organización e influencia social, que van máis alá das canles habituais definidas por gobernos, partidos, sindicatos, empresas, universidades, etc.-, o resultado é que estas só están na orixe do 3,5% do total de fontes especificadas. Resultan, polo tanto, simplemente anecdóticas na meirande parte dos medios, coa única e leve excepción de RNE, a Radio Galega sitúase na peor posición. Maior incidencia (11%) logran, sen embargo, as fontes procedentes das voces ocasionais da rúa e as que actúan só con sentido de servizo, que aquí denominamos como "anónimas", xa que non amosan un interese mediato ou inmediato de presenza

nos medios, pero que, de xeito puntual, colaboran a completar o mapa dos contidos radiofónicos.

O nivel de contraste de fontes é relativamente baixo en conxunto. Sen embargo, son os dous medios públicos e Onda Cero os que conseguen un mellor resultado, especialmente no ámbito político-institucional, no que se realiza, con diferenza, o maior contraste de fontes, demostrando así de novo o peso e influencia que, en conxunto, conceden os medios radiofónicos galegos a este tipo de información.

En canto ó sentido crítico das fontes, a COPE é a que maior presenza concede ás que actúan abertamente nesta liña, observándose unha clara preponderancia das que ofrecen contidos crítico-negativos. A Radio Galega, pola contra, ofrece a menor proporción de fontes con sentido crítico-negativo, pero, a cambio, é a que máis fontes crítico-positivas especifica.

Se nos fixamos agora nos "protagonistas sociais" dos informativos -as institucións, entidades ou individuos nos que se fundamenta a apertura e o "corpus" central dunha información-, o predominio absoluto correspóndelles, de novo, ós representantes políticos e institucionais, que copan o 50,3% das noticias, seguidos a distancia polos axentes sociais (36%), os "anónimos" (5%) e os novos motores sociais (1,2%). Este predominio resultaría case asoballador en medios como Onda Cero (61% das noticias) e a Radio Galega (56%), dado que ten a menor presenza en RNE (44%). A muller é protagonista só do 3,9% das noticias, e case todas vinculadas ó mundo político.

O gran "protagonista" da información é a Xunta de Galicia -considerada como organización e a través dos seus representantes- xa que centraliza preto do 20% das noticias, situándose case sempre na parte inicial dos espazos. Pero o gran protagonista individualizado da información en calquera nivel de análise que establezamos, xa sexa como institución ou entidade, xa sexa como persoa física institucionalizada ou a título individual, é o presidente da Xunta, Manuel Fraga. O máximo mandatario galego ocupa como

"protagonista" o 48% das informacións referidas á Xunta. Só un reducidísimo grupo de políticos do Goberno autonómico -Xosé Cuiña, sobre todo- e o presidente da patronal galega, Antonio Ramilo, logran unha presenza máis ou menos habitual, pero sempre a moitísima distancia de Manuel Fraga.

O segundo posto no protagonismo político-institucional, pero xa a unha distancia moi considerable da Xunta de Galicia, aparece ocupado polas Administracións locais, con a penas o 9% das noticias, situándose tamén moi próximos a esta porcentaxe os partidos políticos e a Administración central, á que os medios radiofónicos, case sen excepcións, conceden un notable realce informativo.

As noticias do ámbito social teñen nos sectores socioeconómicos os seus grandes protagonistas. Os medios manteñen un claro equilibrio informativo entre o protagonismo concedido ó sector empresarial e ó sindical, coa única excepción da Radio Galega, que presta unha mínima atención ós segundos. Destaca, así mesmo, o relativamente significativo número de noticias nas que os protagonistas son sectores relacionados coa xustiza e o narcotráfico, fronte ós do ensino, a ciencia, a sanidade e os restantes marcos de acción social, entre os que se sitúan os "novos motores sociais", que son protagonistas de pouco máis do 2% das noticias. Pola contra, os suxeitos "anónimos" logran unha notable presenza protagonista (máis do 5% das noticias), sobre todo a través dos sucesos e as informacións máis ou menos curiosas ou ocasionais. A peor posición, en calquera caso, corresponde ós "protagonistas" da cultura galega, que unicamente logran unha certa frecuencia en RNE e COPE, sendo case ignorados polos restante medios, que só atenden con certa regularidade ás grandes figuras da cultura e da música españolas e internacionais que se achegan á comunidade galega.

Tamén son aquí os protagonistas das noticias político-institucionais os que soportan un maior nivel crítico-negativo, centrado nas institucións gobernadas polo Partido Popular (Xunta, Goberno central, concellos e o propio partido) e PSdeG-PSOE

(algún concello e o propio partido). SER, RNE e Radio Voz inclúen proporcionalmente o maior número de elementos críticos cos protagonistas, xa que a Radio Galega e Onda Cero ocupan as posicións contrarias. A emisora pública a penas achega referencias crítico-negativas relacionadas coas forzas políticas e as institucións, sexan do signo político que sexan. En conxunto, a penas o 7% das organizacións ou individuos que os medios sitúan como "protagonistas" aparecen afectados por contidos crítico-negativos, xa sexa polo propio tema da noticia ou xa sexa por valoracións procedentes doutros elementos con presenza secundaria nesta.

Se atendemos ós contidos temáticos, obsérvase que os informativos non manteñen unha estrutura precisa a través da tradicional división en bloques ou seccións. En calquera caso, as seccións temáticas de política, sociedade e economía/laboral alcanzan unha frecuencia informativa do 100% -n.º de espazos nos que están presentes alomenos cunha noticia-, seguidos de deportes -70%-, axenda/servicios -50%- e cultura -36%-. A presenza informativa da política increméntase notablemente se nos fixamos no nivel de incidencia dos axentes políticos nos restantes bloques temáticos. A mediación política alcanza ó 43% das noticias de economía/laboral, a máis do 30% das de sociedade e cultura e ata ten presenza nas deportivas (8%). Esta "influencia" política é especialmente alta na Radio Galega, que chega a situar nesta liña ó 50% das noticias dos bloques sinalados, mentres que a SER se coloca na posición contraria, con só o 15% das devanditas informacións. En conxunto, case o 49% das noticias son de temática política ou están mediatizadas en maior ou menor proporción por esta.

As noticias do bloque político, sobre todo, constrúense preferentemente a base de declaracións "do día" efectuadas polos representantes político-administrativos e parlamentarios máis significativos. Trátase case sempre, e en todos os medios, dunha información que poderíamos definir como de contido lineal e plano, sen máis sorpresas e revelacións informativas que as previsibles,

predominando claramente as valoracións xenéricas e o debate escénico sobre a información precisa, reveladora, nova, de servizo.

Para un país como Galicia, cun significativo nivel de desvertebración socio-territorial, tamén interesa fixarse no grao de representatividade temático-informativa das súas cidades e comarcas. Neste sentido, as cidades da Coruña e Vigo, as dúas máis poboadas, resultan ser os dous grandes centros xeradores de información propia, situándose Santiago en terceira posición, dado que nesta cidade -o principal referente informativo de Galicia- non se contabilizaron como propias desta as informacións xeradas polas institucións socio-políticas galegas nela radicadas. Non se observa unha especialidade temática claramente predominante en ningunha urbe ou zona de Galicia, se exceptuamos Ferrol, da que se veu difundindo moi preferentemente información socio-laboral, case sempre relacionada con situacións de crise non pechadas, e as zonas rurais e pequenas localidades, nas que os sucesos supoñen máis do 70% das noticias que lles son vinculables.

Se nos fixamos agora nos contidos específicos propios de cada bloque, constátase a presenza de só catro temáticas "estrela" -aquelas que alcanzan unha frecuencia informativa por espazos igual ou superior ó 60%-: a acción político-institucional, a situación política xeral, os sucesos e o fútbol. Resultan máis numerosas as que aquí denominamos como temáticas "habituais" -aquelas que logran unha frecuencia situada entre o 59% e o 30% dos espazos-. Son a dinámica sociolaboral, a actividade empresarial, as socioeconomías do mar e o agro, os asuntos de tribunais, o narcotráfico e a loita contra a droga, a educación e a información do tempo. Constátase, así mesmo, a presenza dunha serie de asuntos sectoriais que non alcanzan en ningún caso o 30% de frecuencia, pero que si superan o 5%. Son os que aquí consideramos como temáticas "subproduto": macroeconomía, grandes infraestructuras, medio natural, saúde e calidade de vida, ciencia e literatura. Finalmente aparecen preto de 20 temáticas, moi diversas, que non chegan ó 5% de frecuencia e que serían puramente anecdóticas.

O medio que ofrece un maior número de temáticas -polo tanto, o que logra unha maior diversidade de contidos temáticos- en cifras absolutas é RNE, con 27, situándose na posición contraria a SER e Onda Cero, con 18 en cada caso. Sen embargo, se temos en conta a relación entre o número de temáticas e noticias, é Radio Voz a que logra claramente un maior nivel de diversidade de contidos, seguida de preto por RNE, ocupando as peores posicións a COPE e a Radio Galega, situación que resulta aínda máis crítica se temos en conta que estes dous medios son os que ofrecen os informativos máis longos.

Pode apuntarse que, en xeral, o número de temáticas presentes no conxunto dos medios é notable (41 en total) pero, se nos fixamos en que só 12 delas superan ou igualan o 30% de frecuencia informativa e que outras 20 a penas alcanzan o 5%, daquela a situación non semella tan positiva.

Resulta tamén necesario fixarse na publicidade, que aparece unicamente no 50% dos espazos -non incluímos na relación a RNE, ó non emitir cuñas por política de empresa-, ocupando a penas o 2% do tempo dos informativos e unha presenza só significativa en Radio Voz e, secundariamente, na SER e na COPE. Apréciase, por certo, unha relativa progresión do idioma galego nesta parte en relación coas noticias. Case o 43% do tempo para publicidade foi ocupado por cuñas en galego procedentes das institucións, pero tamén de varias empresas privadas.

O notable número de cuñas dos informativos de Radio Voz -ocuparon o 8% do total do tempo de duración dos seus espazos- e a súa diversidade temática evidenciaría as posibilidades da publicidade neste tipo de soporte de proxección galega. Esta notable presenza incidiría, ademais, no feito dificilmente comprensible de que nos restantes medios non se observase, sen embargo, unha aposta "agresiva" en tal dirección. Tampouco se estaría a producir unha demanda decidida en tal sentido do empresariado galego, se temos en conta que a primeira empresa de orixe e mercado galegos non aparece ata o posto número 5 da lista de anunciantes máis

habituais. Indirectamente, estes feitos volverían a nos facer mirar cara a unha escasa consideración dos espazos informativos de alcance galego -e do propio espazo comunicacional galego en xeral- na grella de programas dos distintos medios, sempre máis atentos á produción local e, sobre todo, á programación da cadea de ámbito estatal.

DAS FOTOGRAFÍAS DE I. K. INHA Ó MULTIMEDIA MODERNO EN FINLANDIA

Hannu Vanhanen
Universidade de Tampere

O tema da miña presentación trata da fotografía finesa multimedia dende 1890 ata os 90: dende a fotografía de viaxes de I. K. Inha ás viaxes virtuais de Marita Liuilia. Na era da dixitalización e da realidade virtual na comunicación visual e a fotografía produciuse a máis grande revolución dende que a televisión foi inventada. Os fotógrafos e os artistas multimedia da miña presentación teñen as súas raíces na fotografía analóxica.

Aínda que se trata de fotógrafos documentais que confían na mímese son cada vez máis os fotógrafos que usan a fotografía non como unha ferramenta para a arte, senón como material para a súa arte, especialmente para o seu traballo multimedia.

I. K. Inha é coñecido como un pioneiro da fotografía do século XIX en Finlandia. Jooni Roos do Taller Multimedia da Compañía de Radiotelevisión Finesa fixo en 1996 un traballo multimedia sobre a fotografía de Inha e sobre a súa vida. Este traballo multimedia está localizado en Carelia, unha rexión situada na fronteira entre Finlandia e Rusia.

O traballo de Inha está baseado no forte espírito nacional como o do seu amigo compositor Jean Sibelius. O seu estilo fotográfico podería denominarse realismo romántico. Os seus traballos están no núcleo da historia da cultura e da fotografía finesa. Inha chamáballe á fotografía arte negra. Os seus libros de fotografía máis coñecidos son *Finland in the pictures* (1985) e *Finnish Landscapes* (1909).

Frames (1998) é unha enquisa de fotografía finesa contemporánea en Finlandia. Foi publicada pola Fundación Finesa de Intercambio de Arte. *Frames* céntrase na última década do século XX. Describe a riqueza das múltiples formas de ver a fotografía. O temperán estilo documental creou a figura do *finés*. A fotografía

posmoderna conceptual finesa desafia o artista e o espectador. Dá unha nova luz ó moderno e urbano estilo de vida finés que non perdeu as súas raíces no pasado.

O tema principal de *Frames* é o concepto de identidade cultural nórdica e como os fotógrafos o adaptan. Quizais non resulte chocante que a paisaxe fose a definición central da arte finesa. A paisaxe non é a mesma que I. K. Inha amosa nas súas fotografías poéticas da natureza finesa.

Mesmo o noso respectado fotógrafo de natureza Hannu Hautala, quen manipulou algunhas das súas fotografías no seu libro de fotos sen dicírllelo ós lectores. A discusión sobre a realidade é máis complicada e está relacionada con cuestións de tipo ontolóxico e metodolóxico. Ó mesmo tempo, a tecnoloxía dá impresionantes posibilidades para facer imaxes virtuais que moitas veces non teñen ningún referente no mundo real.

Finlandia é un estado limítrofe, como un cúmulo de moitas fronteiras diferentes: Suecia, Noruega e Rusia. Resulta imposible falar de fotografía finesa ou do *finés*. A sociedade finesa introduciuse nunha dirección máis intercultural durante os anos 90, despois de que Finlandia se unise á UE. O proceso de urbanización e post-industrialización é vibrante. Existen novos centros de tecnoloxía e cidades universitarias a onde a xente nova se desprazou dende pequenas vilas e dende o campo. Finlandia foi dividida en centros urbanos ricos e campo pobre. En certo modo volveu a sociedade de clases: mesmo falamos de xente de tipo A e B de Finlandia.

Un dos máis coñecidos fotógrafos fineses no estranxeiro é Esko Männikkö. Foi elixido artista novo do ano 95 de Finlandia en Tampere. O seu traballo tense exhibido no mundo enteiro. Esko Männikkö atraeu a atención coas súas "imaxes de folk". Podemos denominar este folk como a xente B de Finlandia. Männikkö é un fotógrafo que representa o campo finés, algo que semella curioso para a maioría dos fineses aínda que sexa unha "cousa real" polas persoas que el fotografía.

Männikkö comezou a súa carreira como fotógrafo de natureza, pero logo se amosou interesado en mostrar o modo de vida da xente no campo e no interior. A vida e o traballo, a soidade e independencia desta xente son elementos totalmente alleos para os habitantes das cidades modernas. Unha fotografía realista, chea da realidade cotiá, revela moitas verdades, desigualdades e estilos de vida tradicionais que non poden ser desenvolvidos. Männikkö pode ser situado no contexto internacional de documentalistas clásicos, que comeza con Walker Evans.

Cando Männikkö amosou por primeira vez as súas imaxes dos fineses do norte, a resposta a estas foi que se trataba dunhas imaxes demasiado locais e exóticas. Eu mesmo seguín as reaccións da xente ás súas imaxes nos museos en Finlandia e Noruega. Moitas veces os visitantes ríanse das fotografías. A empatía xorde da admiración da xente destas fotografías.

As novas fotos de Männikkö en Texas e os panoramas feitos en Finlandia, Alemaña, Estados Unidos e Brasil mostran que a arte de Männikkö é unha actitude, un modo de ver as cousas e a vida ó noso redor. Männikkö revela imaxes que poden ser definidas como pertencentes ó noso suprimido contorno consciente. Non queremos saber sobre estes lugares.

As fotos do fotógrafo e xornalista Markus Jokela dan unha visión moderna da clase media das cidades finesas e do estilo de vida semiurbano. O seu libro recentemente publicado *Under a pale sun* é unha nova "maammekirja" (un libro da terra). O estilo de Jokela está próximo ó estilo do documental británico dos anos 80. O fotógrafo de cor americano William Egleston tamén influenciou o estilo de Jokela. Emprega unha cámara de formato medio e un flash. Isto proporcionálles detalles ricos ás fotos e unha especie de luz teatral ás súas vivas e convincentes imaxes.

O fotógrafo de Magnum Martín Parr de Inglaterra e Markus Jokela teñen a mesma actitude irónica cara ó consumidor, actitude que reflicten nas súas fotos. Markus Jokela di que quere fotografar "cousas ordinarias". Jokela fixo algunhas reportaxes con Ilkka

Malmberg, un escritor do xornal e revista *Helsingin Sanomat*, que ten a maior difusión en Escandinavia, arredor de medio millón de copias ó día.

Jokela dixo: "Queríamos fotografar o proceso de cambio en Finlandia. Como a pizza cubriu a nación ó completo. Ou como cambiaron as noites dos sábados". Jokela quita fotos da súa familia e parentes. O seu libro de fotos amosa un punto de vista da Finlandia dos 90. As familias pasan o seu tempo cos seus fillos no centro comercial, en parques e nas Illas Canarias de España. As casas están cheas de obxectos raros e novos, no campo construíronse edificios estraños. Finlandia foi considerada un dos países máis americanizados de Europa.

Marita Liulia é unha pioneira do multimedia e a máis coñecida artista multimedia de Finlandia. É artista, autora multimedia, e directora do Medeia (www.medeia.com/). "¡O meu obxectivo como artista é combinar arte, investigación, tecnoloxía e estraño sentido do humor!". Medeia é unha compañía de produción multimedia que produce e distribúe fundamentalmente os traballos da artista multimedia Marita Liulia.

O debut de Liulia co CD-rom de *Maire* (1994) foi o primeiro traballo de arte publicado en formato CD-rom nos Países Nórdicos. O seu traballo interactivo multimedia *Ambitious Bitch* (1996, [2ª ed. 1998]) e *Son of the Bitch* (1999) foron premiados en festivais multimedia. Os seus traballos visualmente impresionantes cos seus orixinais sistemas de navegación introducen ó espectador en labirintos de espazos virtuais. Ambos CD-roms, *Ambitious Bitch* (AB) e *Son of a Bitch* (SOB), tratan o tema da sexualidade feminina e masculina.

O CD-rom *Maire* é unha viaxe ó modernismo finés. Tomando un apuntamento dos anos 90 *Maire* presenta unha mirada moderna ó modernismo, ó movemento que se converterá nunha dramática influencia en Finlandia. *Maire* segue a evolución do modernismo dende os anos 30 ata hoxe.

Ambitious Bitch é unha enxeñosa e divertida aventura no mundo da muller e da feminidade cun forte impacto visual e un orixinal sistema de navegación. *AB* foi un completamente diferente "CD-rom para rapazas": un CD-rom sobre a muller e a feminidade.

O CD-rom *Son of a Bitch* é unha misteriosa viaxe polo mundo do home. *SOB* lévanos ó apartamento virtual de Jack L. Freud, un psicanalista e experto na masculinidade. El mesmo desaparece sen deixar rastro pero as súas humorísticas, enxeñosas e sorprendentes ideas sobre o home moderno están esperando por ti. O visual feito por Marita Liulia e o son por Ari Hirvonen crean un traballo artístico seductor, parecido a un xogo e rico en contido. O traballo ten unha interface de Quick Time Virtual Reality (QTVR). O usuario é guiado por "Esco", un híbrido de teléfono móbil e multimedia. Isto encaixa coa situación de Finlandia, que ten o índice máis alto do mundo en teléfonos móbiles; aproximadamente a metade da poboación ten un.

O proxecto multimedia non coñecido de Marita Liulia é *Tarot*. A presentación mundial tivo lugar no Gloria Theatre en Helsinki en outubro de 2000. *Tarot* é unha combinación de entretemento e xogo en liña e un traballo multimedia de alta calidade artística e de deseño. Os 78 personaxes clásicos son recollidos das rúas de Europa e deseñados de acordo coa moda do estilo do Millennium. *Tarot* atópase en varios formatos: CD-rom, www, sen fío (SMS+WAP), tarxetas imprimibles e exhibición de imaxes orixinais.

Todo o traballo de Liulia está baseado na fotografía. Liulia ten dito que o seu maior entretemento é traballar con imaxes. "Podería tal vez pasar sen escribir, pero realmente sufriría se non puidese crear imaxes. É unha necesidade imperiosa para min. O tempo no que vivimos é un tempo de imaxes. Os artistas deberían beneficiarse disto en vez de asustarse das novas ferramentas profesionais".

Liulia foi considerada unha ciber-feminista. A través da súa carreira artística fai unha volta ó seu propio corpo, visualizándoo, sacando fotos del, dándolle forma en Photoshop, disfrazándoo, metamorfoseándoo noutras caras, outras persoas. Os proxectos de

arte de Liulia son tamén proxectos de investigación. Esta é a razón pola que lle leva tantos anos acabar un proxecto.

Recentemente Liulia centrouse fundamentalmente nos roles da muller contemporánea e nas identidades. O seu traballo non está atado a Finlandia per se. Podería telo feito en calquera outro sitio. A finais dos anos 80 estivo moi frustrada polo mundo da arte e dos medios. Traballou durante anos como xornalista/fotógrafa e viaxeira. Liulia está constantemente en movemento como I.K. Inha hai cen anos. Mentres que Inha viaxaba en bicicleta e en moto, Liulia viaxa virtualmente. Utiliza Internet como unha estrada ou autopista para comunicarse e interactuar coa audiencia espallada polo mundo. Cando Inha publicaba libros de fotografía, Liulia facía arte multimedia en CD-rom.

BIBLIOGRAFÍA

Jaukkuri Maaretta: *Seeing things as they are. Mexas, photographs by Esko Männikkö*, photography book, 1999.

Jokela Markus: *Under a pale sun*, photography book, 2000.

Liulia Marita: *Ambitious bitch*. Version 2.0, CD-rom, 1998.

Liulia Marita: *Son of a bitch*, Version 1.0, CD-rom, 1999.

Lovink Geert: "Art in the Age of the Mobile Phone Text Messages from Finland - An Interview with Marita Liulia", www.medeia.com, 2000.

Ilmonen Anneli: *Männikkö Esko, Young Artist of the Year*, exhibition catalogue, 1995.

Rossi Leena-Maija: *Frames viewing Finnish contemporary photography*, CD-rom and catalogue, 1998.

Roos Jonni: I.K. Inha: *In Carelia, Finnish Broadcasting Company*, CD-rom, 1996.

Väkiparta Kirsi: *Welcome to Bitch World, NU - Nordic Art Review*, 9/1999.

GALICIA E FINLANDIA

Antón Santamarina

Universidade de Santiago de Compostela

Se dobramos o mapa de Europa pola diagonal Galicia e Finlandia tócanse. Iso quere dicir que considerando esta pequena parcela do mundo (o occidental), estamos nas extremas. Case non hai países máis distantes. Cando o Camiño de Santiago se facía a pé (se é que había camiño) levaba ben 6 meses chegar de alí a aquí. Por iso debeu de haber poucos peregrinos finlandeses antes de se inventaren os avións. Na Catedral de Santiago, onde había cregos "lenguaraces" que podían oír a "confessio" en todas as linguas de Europa (mesmo na "ungarica"), a "lingua fennica" era das poucas que compartía coa nosa a vergoña de non ter confesor, porque ambas eran ignoradas (no noso caso no sentido de "menosprezada" pola igrexa do país e no caso da finesa no sentido de absolutamente "descoñecida").

Certamente, que os cóengos de Santiago ignorasen o finlandés non era de estrañar. Finlandia está moi lonxe, lingüisticamente é moi distinta, demograficamente é moi pequena e mesmo como país independente hai menos dun século que existe (1918, ou 1920 se consideramos o Tratado de Tartu a data da independencia definitiva). Aínda así, os fineses estiveron case igual de próximos a nós, coma calquera outro pobo europeo que compartise co noso o latín como lingua de cultura e o cristianismo de tipo non-oriental como relixión. Por iso non é de estrañar que un país tan distante se integrase na UE moito antes do que outros que fisicamente están máis cerca do Benelux.

Aínda así, é raro ver finlandeses por aquí; mesmo no resto de España. Eu lembro perfectamente a primeira vez que vin un, e que o recoñecín como finlandés. Foi no ano 1965 (seguramente en setembro) nun congreso de Filoloxía en Madrid. Aínda era eu estudante e o tal finlandés, daquela xa un home de idade, delgado e

de pelo branco, era un dos maiores especialistas en latín vulgar que houbo nunca: Veikko Väänänen, coñecido entre nós por un célebre manual que publicara en francés na Academia Finesa das Ciencias, que despois foi traducido ó castelán. E chamoume a atención non só que fose un gran latinista, senón que fose finés. Despois coñecín outros. Na esfera da hispanística hai un reputado conxunto de estudiosos (algúns deles presentes neste coloquio) que deixan oír as súas autorizadas voces tanto nos estudos gramaticais como literarios. Mesmo Galicia ten espertado curiosidade entre os estudiosos finlandeses. Na Universidade de Helsinki hai un grupo de alumnos que estudian galego guiados pola profesora Taina Hämäläinen, que é autora dun breve vocabulario galego-finlandés feito en colaboración con varios alumnos; hoxe outros dous alumnos preparan un glosario do galego medieval; ela mesma, a prof^a. Hämäläinen, é autora dun traballo *pro gradu* (¡escrito en galego!) sobre as afinidades das historias lingüísticas das dúas comunidades, que son bastantes, e sorprendentes, só que onde nós poñemos latín e castelán eles poñen latín e sueco pois tiveron como lingua alta primeiro o latín, e despois o sueco e durante un tempo moi longo viviron unha situación diglósica en que o mobilidade social só era posible en sueco; polo tanto as clases altas foron, coma as nosas, estonadas (*écremées*) e obrigadas case a seren traidoras á súa patria. Por mencionar un paralelismo máis, que non é anecdótico, para eles o día da súa festa nacional é o día 28 de febreiro e chámanlle o día do *Kalevala* porque ese é o día en que no ano 1835 publicaba Elias Lönnrot a primeira recolla do famoso libro; 28 anos despois publicaba a nosa Rosalía os seus *Cantares* un 17 de maio, que é tamén para nós desde hai case 40 anos como unha festa nacional (outros teñen a toma da Bastilla ou a data dalgunha batalla; eles e nós temos a aparición dun libro).

Volvendo ó caso: o proceso de emancipación política acabou gañando para o finlandés todo tipo de usos sociais (ademais do familiar e do relixioso); e igual que a outras emancipacións os galeguistas miraron desde aquí a finesa con admiración e envexa;

tiñamos máis próximos outros casos contemporáneos, como era o de Irlanda; a liga gaélica foi en certa medida a inspiradora das Irmandades da fala e das aspiracións políticas dos movementos autonomistas e nacionalistas (como en Irlanda érguete e anda); pero de ningunha maneira pasou desapercibido o proceso de emancipación lingüística e política de Finlandia.

Cando eu era rapaz e lector de Espriu sabía de memoria o *Assaig de càntic en el temple*, onde hai uns versos que dicían (foron escritos nunha etapa sórdida de historia de España):

*Oh com m'agradaria d'allunyar-me'n nord enllà
On diuen que la gent es lliure, neta, desvetllada i feliç...*

E eu pensaba en Finlandia. Nunca aló fun pero teño seña-
dade dela e hei de ir algún día.

Deixémonos de lirismos e escoitemos xa os participantes na mesa, dous galegos (Camilo Nogueira Román e Xosé Pérez Oya) e un finlandés (Timo Rihio), que nos van falar das afinidades políticas, económicas e lingüísticas destes dous pequenos países.

VERBO DA COMUNICACIÓN E DA CULTURA: OBSERVACIÓNS DUN ECONOMISTA RADICAL

Xosé F. Pérez Oya
Economista

É un elemental deber de cortesía agradecer a amable invitación que fixeron os organizadores desta reunión para compartir con eles algunhas reflexións sobre temas que a todos nos interesan. É un elemento que se engade ó dito anteriormente sobre o feito de que, como é sabido, as opinións que se apartan dunha liña de pensamento dominante teñen escasas ocasións para expresárense. Como economista disidente, radical e heterodoxo os motivos de agradecemento increméntanse. No seu, por desgracia, póstumo libro *Figures du pensable*, Cornelius Castoriadis advertíanos sobre a insólita regresión ideolóxica que aflixe ás sociedades occidentais que fai que certas críticas non sexan nin discutidas, nin refutadas senón soamente silenciadas. Na mesma liña, H. Shutt sinala que o poder dos medios de difusión de masas só permite unha aparencia de debate dentro dun espectro de opinións moi limitado; atribúe Shutt esta situación á interferencia de grupos de interese moi poderosos propietarios destes ou que poden influír neles de xeito determinante como, por exemplo, retirando unha existente demanda publicitaria. A autonomía da vida universitaria viuse tamén minguada pola detración dos fondos públicos, consecuenta cunha suposta "crise financeira" do estado e a entrada, nun desprazamento da investigación cara a criterios de pragmática rendibilidade, como perigoso mecenas, do sector privado empresarial no seo das súas actividades. Isto redundou nun abandono de liñas de investigación básica e nunha contracción do horizonte temporal das súas actividades. A consecuencia máis lamentable das tendencias que operan sobre os *media* e a produción cultural en xeral é, como di Bordieu, que se está xerando unha ideoloxía construída sobre o presuposto tácito de que unha ideoloxía é digna de creerse

só polo feito de poder refusala e de que poida ser cuestionada, fenómeno que Bordieu chama "doxa".

Vivimos, evidentemente, tempos de grandes cambios e confusión que se reflicten nunha proliferación de interpretacións diferentes e contradictorias desde os campos do saber que tratan de aprehendelos. Pero tamén é certo que certas realidades impoñense a nós cunha forza irresistible que frecuentemente nos obriga a abandonar vellos esquemas conceptuais, categorías gastadas, ou a tomar posicións éticas e políticas diferentes. Entre estas realidades destacan evidentemente as ameazas de deterioración do medio natural, as persistentes tensións internacionais, que seguen resolvéndose mediante a utilización de medios bélicos, a frecuentemente negada ou ocultada crise económica, que se manifestaron nun menor crecemento da economía mundial e unha crecente disparidade de ingresos entre países ricos e pobres.

Deterémonos nalgunhas destas tendencias, tratando de explicalas, pero agora imos indicar, dun xeito necesariamente breve e dogmático, as diverxencias de método que sufriron certas escolas económicas con relación a outras ciencias humanas e destacar a inadecuación da corrente dominante en economía para explicar certos cambios sociais fundamentais inducidos, en gran parte, pola ciencia, a tecnoloxía e a difusión do saber.

Calquera que se achegue ós problemas suscitados pola comunicación e a cultura desde o estreito ámbito dun saber especializado das ciencias sociais (política, economía, socioloxía, lingüística, filosofía, estética...) pode percibirse rapidamente desde as enormes limitacións do "seu saber" e da necesidade de aceptar un enfoque multidisciplinario para captar unha problemática de enorme complexidade na que non existen a penas áreas de consenso, pois non só os datos seleccionados para seren analizados non concordan, senón que tamén, incluso nos raros casos nos que parece que se parte dunha realidade fáctica compartida, os esquemas interpretativos son tan diferentes que conducen a diagnósticos e visións de futuro totalmente incompatibles entre si. O problema

agudízase máis cando tomamos conciencia de que na elaboración dos modelos interpretativos, nas súas especificacións, interviñeron opcións morais e políticas que se mantiveron tácitas, ocultas, pero que condicionan os seus resultados.

T. Adorno distingue entre concepto e contido da cultura pois incluso cando estamos de acordo na súa definición podemos concibir contidos moi diferentes nas sociedades diversas. Segundo a miña opinión, as políticas culturais nun sentido amplo inclúen a influencia da economía e as súas institucións sobre elas; as tomas de posición, enfoques ou calquera outra praxe social no terreo da cultura cambian notablemente segundo ampliamos ou restrinximos o que se entende como cultura. Hoxe tendemos, en xeral, a preocupámonos da cultura como algo que informa ou integra a vida social e adoitamos incluír nas nosas preocupacións culturais unha meditación sobre a influencia e o alcance das novas tecnoloxías. Isto é particularmente perceptible no campo da comunicación, onde os novos instrumentos, actores e configuracións se consideran non só polas súas posibilidades puramente pragmáticas, senón tamén polo efecto que poidan ter sobre os contidos do que se transmite.

Como Caune, nas discusións sobre información e cultura, o primeiro destes termos invócase xeralmente desde un enfoque instrumental, e o segundo, de xeito máis substantivo. Así sucede que nas disquisicións sobre as novas tecnoloxías da información e a comunicación (NTIC) atopamos tratados, sobre todo, temas tecnolóxicos e as repercusións sociais e económicas que poidan ser; entre outras os efectos das NTIC sobre a produtividade sectorial ou macroeconómica, o custo e as dificultades para introducir tecnoloxías foráneas, as súas repercusións sobre a balanza de pagamentos, a necesidade de formar unha man de obra que poida utilizalas, e, incluso, nun contexto xeral de discrepancia entre os tratadistas, as súas repercusións sobre o emprego. Contrastando con isto, os temas relacionados coa cultura fórmulanse desde unha visión máis ampla, social, política, histórica e filosófica. Alí encontramos tratados temas coma os de identidade, calidade dos conti-

dos difundidos polos medios de comunicación de masas (en adiante: *media*), o papel que ten ou debería ter o Estado na supervisión ou ordenación das formas de resistencia que se desenvolven para enfrontarse a novos xeitos de imperialismo, etc. Evidentemente as fronteiras entre estes enfoques son fluctuantes e permeables, o que en certa medida pode ser unha vantaxe ó permitir enfoques máis interdisciplinarios e flexibles. É, non obstante, evidente que o longo camiño percorrido desde a que foi, no seu tempo, considerada escandalosa declaración de Malraux sobre que o cine era tamén unha industria, ata os nosos días moitas actividades de "alta cultura" seguiron un proceso de crecente mercantilización que, moi lentamente vai suscitando maior atención entre os economistas de diferentes escolas. Este perigo percibiuse desde diferentes ámbitos: ciencia, arte, etc. Este temor deu lugar a diferentes análises; poñamos como exemplo disto o libro de M. Gibbons e B. Wittrock (*Science as a Commodity*. Logman, 1985).

As reflexións que seguen son desordenadas, parciais (visto o enorme alcance dos temas) e non se encadran dentro dun sistema, o modelo ben estruturado. O seu único e modesto propósito é o de dar breve noticia de certos enfoques parciais, que merecerían un desenvolvemento máis amplo, e en descubrir a enorme impregnación ideolóxica dos temas tratados. Desde o punto de vista daqueles que operamos dentro dunha óptica crítica e materialista o maior elemento de sorpresa vén dado polo sintomático paradoxo de que, mentres as tendencias invasoras de *comodificación* da cultura intensifícanse, vimos, nun paralelo que non se pode considerar aleatorio, xurdir unha serie de correntes filosóficas (estructuralismos, posmodernismos, enfoques hermenéuticos, etc.) que enfocan o cambio social desde un terreo de extrema abstracción, tinguido en moitos casos de esencialismos ou funcionalismos ahistóricos (que H. Lefvre non dubidaba en chamar *eleatismos*) que, desde o noso punto de vista, poden facilmente conducir a pirronismos estériles, relativismos autistas ou, o que é peor, a ser-

vir de coartada a intereses poderosos que practican unha estratexia de feitos consumados.

Todos sabemos que moitas ciencias humanas víronse influenciadas nos seus métodos e obxectos de estudio polo chamado "enfoque cultural" ou "inflexión cultural" (en inglés *cultural turn*). Baixo este termo, necesariamente vago, inclúense a complexa serie de influencias que se deron na socioloxía, antropoloxía, a crítica artística ou literaria, sobre as que, por outro lado, non existe acordo metodolóxico nin valorativo entre os que as practican, pero si en subliñar a realidade da súa existencia. O meu sentimento, como economista, foi de certa sorpresa ó verificar que, salvo para as correntes marxistas, institucionalistas e evolucionistas, as influencias antes apuntadas, perceptibles noutras ciencias sociais, foi nula.

É unha realidade que a maioría da poboación percibe xeralmente os cambios sociais baixo formas culturais vehiculadas polos *media*. As causas económicas destes cambios ou as súas consecuencias adoitan aparecer ocultas. Os economistas, en cambio, tenden en xeral a abstraer o económico do social. Por se isto fose pouco, a escola dominante tende a estudar todo de modo cuantitativo ou dentro da descarnada orde da abstracción de modelos matemáticos nos que os resultados do modelo están en boa medida determinados polo deseño das súas especificacións. Un exemplo do dito anteriormente vén dado polo eco entre a prensa económica de fusións coma a de AOL-Time Warner, que se centrou case exclusivamente en subliñar a importancia dos capitais en xogo deixándolles ós sociólogos, politólogos ou raros socio-economistas temas coma os aspectos tecnolóxicos (como por exemplo a influencia no balance de distribución entre cables e satélites), rozando só levemente os temas sociais (como o emprego), desentendéndose dos culturais, morais e políticos (como que consecuencias pode comportar a creación dun importante oligopolio sobre o fluír informativo), a posibilidade de prácticas de censura, (exercitada para ocultar informacións que algún membro do cártel estime nocivas

para os seus intereses), ou a posible desatención (por motivos de rendibilidade ou outros) ás necesidades culturais ou de información de grupos minoritarios.

Na época de clásicos como A. Smith xa aparecen diferenciadas claramente as actividades culturais das productivas. En xeral, as actividades culturais aparecen integradas nas non-productivas, posto que non poden dar lugar a unha acumulación de capital. Sen embargo, Smith di que aínda que non se poida dar lugar a un incremento da riqueza, si son útiles. A súa utilidade aparece xa, prefigurando a Durkheim, como integradora socialmente, ou interpretándoa con certo cinismo, como analxésico. Posto que nos di Smith "entreteñen e divirten ó pobo" evitando ese "humor sombrío e tendencia á melancolía que son case sempre alimento da superstición e o entusiasmo". É evidente que cando Smith evoca a superstición e as desordes sociais consecuentes ó fanatismo, está influenciado polo recordo das guerras relixiosas, pero tamén a función que atribúe ás actividades culturais se achega ó vello adagio latino do "panem et circenses".

Dado que a cultura se institúe como mercancía, as leis que a rexen correspóndense crecentemente coas leis e tendencias que operan dentro do mercado. Pero así, como nunha mercancía un valor de cambio, por moi simbólico que sexa, debe asentarse socialmente nun valor de uso identificable, mediata ou inmediatamente, o valor do uso dos bens culturais non pode identificarse individualmente, senón que vén polo seu valo de integración social. A coexistencia de varias culturas presupón un nivel superior de integración, a miúdo organizado xerarquicamente, que evite a fractura social dos antagonismos existentes. O seu valor útil vén, polo tanto, dado polo seu valor funcional que é evitar que os antagonismos sociais (encarnados en prácticas e valores) traspasen unha fronteira ou límite que poida romper os mecanismos reequilibradores ou homeostáticos do sistema no seu conxunto. Pero ese "valor" non é cuantificable, como requiren os criterios do mercado.

O economista membro da escola dominante parte de presupostos implícitos, cun carácter histórico e definidor de categorías non explícita. Por exemplo, presupón que a actividade social está definida e escindida en esferas diferenciadas funcionalmente (esferas do político, o económico, o cultural, o artístico, ...). Esta crítica, de orixe marxista, vén corroborada polos traballos da antropoloxía moderna que nos recordan que en moitos pobos primitivos a actividade social-humana non se vive en esferas separadas. Non existe nesas sociedades unha separación excluínte e binaria entre traballo e ocio, entre o útil e o fermoso. Por exemplo, na construción de certos obxectos, que desde o noso contorno social vemos como útiles (como podería ser unha canoa), non diferencian o lúdico do productivo, o ornamental do útil, o artístico, como pode ser o canto ou ritmo musical que acompaña unha actividade, do carácter útil ou productivo desta. Insistindo nese mesmo tema F. Furedi (no seu libro *Mytical Past, elusive Futuree*, Pluto Press, 1992) sinala que: "Na modernidade a capacidade expresiva do traballo perdeuse na mercancía, negación atomizadora dunha comunidade simbólica e no esquecemento das actividades creadoras constitutivas de valores socialmente útiles. Os rituais de modernidade non poden encarnar un sentido de comunidade senón o de dominación ou de poder de persuasión que unha clase exerce sobre outra".

Nun brillante epílogo ó libro *Beyond the Cultural Turn* Hayden White prevennos contra a falsa ilusión de que se poida construír unha ciencia social que non estea "contaminada por preconcepcións ideolóxicas". White coincide con Lukacs en pensar que calquera punto de vista que se adopte sobre a sociedade está sempre impregnado, atravesado por contidos ideolóxicos, pero, contrariamente ós que se consideran seguidores dunha aparente neutralidade científica de tipo weberiano, White opina que é un feito afortunado que "calquera ciencia social se manifeste a favor dunha certa concepción de xustiza social, equidade, liberdade ou progreso, é dicir, desde unha idea do que una 'boa sociedade' poida ser".

Acostuma ser unha constante entre os medios de difusión de información o non diferenciar -cando se dá conta da opinión dun economista- sobre a que escola de pensamento pertence. Iso é particularmente lamentable pois dá a falsa impresión de que existe en economía, como nas ciencias "duras" (como pode ser a química), unha opinión unánime, o que lle serve á escola dominante que usufructúa as prebendas conferidas desde as proximidades das diferentes facetas do poder social para reafirmarse no seu virtual monopolio ideolóxico dos media. Nun relativamente recente libro sobre o pensamento económico (D. Mair and A. G. Miller, *A modern guide to economic thought*, E. Elgar, 1991) aparecen recollidas non menos de sete grandes grupos de teorías. Non é a miña intención entrar nunha discusión taxonómica das diferentes escolas así que, só dogmáticamente e a título indicativo, sinalarei as principais adaptacións que me pareceu detectar, nas diferentes escolas de economía, para dar conta da importancia dos salientables cambios técnicos que tiveron lugar nas últimas décadas. As escolas marxistas ocupáronse do cambio tecnolóxico pero moitas veces as súas análises foron pouco adecuadas por seguir aferradas a unha interpretación unidireccional e mecanicista do esquema "base-superestrutura".

Contra as interpretacións mecanicistas do modelo base-estructura xa nos advertira Engels o século pasado. Segundo el, os graos de liberdade superestructural (ou plasticidade sociocultural) aumentaban tanto ou máis canto máis nos afastabamos na base material dunha sociedade. Unha mesma base material podería dar lugar a variadas formas culturais. Pero tamén observaba que estes graos de liberdade non eran infinitos, pois namentres unha mesma base podería xerar elementos integradores superestructurais variados, o abano de posibilidades estréitase notablemente ó existir superestructuras que excluían certas praxes económicas, ou alternativamente actividades productivas que imposibilitarían a asunción de certos valores culturais ou éticos. Nos debates sobre multiculturalismo intégranse elementos moi dispares, nos que operan esquemas conceptuais moi diversos, que reflicten opcións morais,

políticas e incluso estéticas contrapostas e moitas veces non explicitadas. O multiculturalismo, adaptado a contextos sociais, pode servir de táctica de dominio dentro dunha estratexia globalizadora que opera desde a base económica, constituíndo así unha especie de camaleónica adaptación mercadotécnica. O libro de P. D'Iribarne e outros *Cultures et Mondialisation* trata temas estreitamente vinculados con estes.

A escola institucionalista ocupouse moito no progreso técnico pero non soubo ás veces deslindar claramente os aspectos económicos dos símbolos ou rituais que, dentro da realidade social, encaixaban na súa aceptación metodolóxica dos aspectos cerimoniais dentro dunha actividade económica e social. Entre todas as escolas a máis recente é a constituída por un grupo de economistas que en Europa se agrupan na EAEPE (Asociación Europea por unha Política Evolucionista). As achegas deste grupo no campo da influencia cultural sobre a economía son importantes, dado que non se desatenden os aspectos sociais e políticos dos cambios que se producen. Unha achega ben coñecida destes economistas foi a elaboración do concepto de traxectorias económico-sociais e tecnolóxicas que por un fenómeno de inercia limitan, despois dun certo tempo de iniciadas, o campo das opcións posibles (traxectorias pechadas). Un exemplo moi claro disto vén dado polo teclado que nestes momentos estou utilizando, ou teclado *qwerty*, que foi deseñado para obviar certos erros das primeiras máquinas de escribir pero que fan máis torpe a súa utilización nos ordenadores.

As novas formas de comunicación e a nova integración dos media están exercendo unha influencia extraordinaria sobre o que, seguindo o filósofo francés Gilbert Durand, poderíamos chamar o "imaxinario social". E máis xeralmente sobre a capacidade e contido da imaxinación simbólica. Como sinalan B. Tomas e B. Delamotte (*Problemas económicos* número 2667: "a batalla da información vai máis alá do acceso ó seu contido ou os seus servicios. A nova conquista será a do imaxinario e a da busca dun sentido", que debería ser socialmente aceptado como mecanismo lexitima-

dor. Moitos autores ocupáronse destes temas, que aínda tendo consecuencias sociais e económicas desbordan con moito a miña capacidade de análise; entre estes destacarei os de Mark Dery: *Escape velocity*, Gove Press, New York, 1996, así coma os de Kellner, Stallabras e Jordan, mencionados na bibliografía.

Stallabras: "O mundo real quizá estea nunha fase terminal de decadencia e ameaza con enterrar ós seus habitantes baixo os bens de consumo obsoletos e unha onda de lixo. O ciberespacio é á vez a imaxe ideolóxica invertida do mundo e algo que axuda a manter o poder dos que gobernan". En *Gargantúa* trátase de probar como a coherente e unificadora ideoloxía capitalista vehiculada pola cultura de masas conduce a unha crecente homoxénea identidade dos consumidores.

H. Rheningol (*The Virtual Community*, 1994) (citado por Stallabras) advertía do perigo dos novos amos dos *media*; non van permitir que as redes de comunicación, que deteñen control e propiedade, sexan os conductos polos que discorra toda clase de informacións que poidan diseminar cidadáns libres ou organizacións non gobernamentais. A retícula informativa permite, por agora, certo potencial liberador porque aínda non caeu totalmente dentro do control absoluto dos grandes monopolistas dos *media*. A ideoloxía de "porta aberta" da "net" choca contra o *ethos* comercial da sociedade na que vivimos. A comercialización da rede introducirá problemas de formación de prezos, de acceso, de censura, de dereitos de autor e propiedade intelectual etc., é dicir, todo o que os seus propietarios desexan protexer.

O momento actual da globalización caracterízase pola universalización clasista e hexemónica dun mesmo sistema productivo e o seu desexo de afirmarse fronte ás aspiracións identitarias e culturais de individuos ou conxuntos sociais. Para cumprir este propósito a nova cosmopolita clase dirixente globalizada trata de promover novos xeitos de integración social a través das múltiples formas culturais. Nesa acción, como sinala Hartman, a política é un xeito de interpretación á vez que de acción e trata (no seu afán de

integración social, que noutros tempos correspondeu á relixión) de empregar para os seus fins a axuda de formas culturais incluso aparentemente tan afastadas da política coma da arte. Neste sentido, Hartman sinala citando a Debord que "a cultura é o lugar de busca da unidade perdida. Nesta busca de unidade a cultura como ámbito separado está obrigada a si mesma". Nunha sociedade dividida en clases estratéxicas multiculturalistas outorgadas desde a cúspide do poder aparecen como unha condescendente forma de representar certa hipocrisía do privilexiado cara ás culturas pobres ós que a dita cúspide non quería de ningún xeito acceder.

En canto á corrente dominante (*mainstream* en inglés), despois de longos anos de enfocar o progreso técnico coma un factor esóxeno, tratouno de incorporar facéndoo baixar das nubes do esóxeno á realidade social, valéndose para isto das teorizacións que xiran arredor da idea de "capital humano" e das novas teorías do crecemento endóxeno que incorporan a nivel macro e microeconómico os resultados do esforzo en investigación. Parecía por tanto que a escola dominante foi capaz de incorporar ó seu paradigma certos aspectos da vida social que baixo unha ampla definición "tayloriana" de cultura (de tipo decimonónico e antropolóxico) xustificaría as políticas económicas de esforzo público en educación e apoio, directo ou indirecto, á investigación como medio de potenciar incrementos na produtividade do sistema. Sen embargo, aínda que estas readaptacións na periferia do seu paradigma tiveron consecuencias socialmente beneficiosas, non é menos certo que o cadro teórico no que se desenvolven as ditas readaptacións está invalidado na súa raíz para comprender, máis alá dun enfoque estreitamente tecnolóxico, a problemática moito máis ampla da información, da comunicación e da cultura, baixo calquera definición por pouco ampla que sexa.

O tema da incapacidade do paradigma neoclásico, da escola dominante, para enfocar o concepto da información foi tratado de modo maxistral por Michael Perelman en dous dos seus libros, a saber: o titulado *Information, Social relations and the economics of*

high Technology (1991) e *Class warfare in the Information Age* (1998), ambos publicados pola St. Martin's Press de Nova York. Como nos di Pereleman: "debemos ter sempre en conta que o concepto de escaseza é dentro da lóxica de mercado (...) e o propósito de dereito de propiedade é incluír a xente a economizar o uso dos recursos escasos". Agora ben, sucede, e isto é fundamental, que segundo a xerga dos economistas a información constitúe un ben non exclusivo (*nonrivalrous* en inglés). Isto remítenos a un punto crucial e simple; os bens exclusivos pérdense ó ser consumidos ou transmitidos, se eu sirvo un prato de sopa dunha hipotética sopeira detraio unha cantidade que outros non poderán servir ou consumir. A sopa, nesta conceptualización, é un ben exclusivo. Non sucede así coa información, incluso coa máis banal. Non existe unha programación biolóxica que cause unha amnesia do emisor sobre o obxecto dunha información que se transmita. Así pois a información non é un ben escaso. Transmitila non empobrece senón máis ben o contrario, ó inducir as sinerxías positivas da comunicación; pero a escaseza está na base da lóxica do mercado. A solución, para manter a operatividade do mercado, só pode ser introducir obstáculos, barreiras artificiais, e a súa difusión, pois, como sinala K. Arrow nun famoso artigo citado por Pereleman: "as patentes e os dereitos de autor son innovacións deseñadas para crear unha escaseza artificial alí onde non existen naturalmente". Dito doutro xeito: "utilizar o mercado para excluír á xente da información comporta unha contradicción insalvable" e isto porque o concepto de escaseza é totalmente inaplicable no caso da información. Cantas máis dificultades ou barreiras impoñamos á información menos capaces seremos, dado o seu carácter socialmente recíproco do ben social complementario, de utilizala de xeito excluínste. En efecto Marx elaborou o concepto de "traballador social" (que é o axente activo da acumulación de forzas de produción técnico-organizativa) pero a expansión deste potencial creador podería vir freada polo da apropiación privada e excluínste

das ditas forzas, que quedarían coartadas polo segredo e a mercantilización dunha riqueza de orixe social.

O mesmo Arrow sinalou outra contradicción, na que navega o concepto de "mercado da información". Este é o caso en que o mal chamado mercado da información difire do doutras mercancías, pois, namentres en todos os mercados se presupón que para o seu bo funcionamento os clientes estaban ben formados (incluso para lograr a dita información os seus actores incorren en custos para obtela, aínda que só sexa do tempo empregado para lograr informarse), non sucede así no caso da información. Pereleman ofrécenos o exemplo de que se queremos mercar unha determinada peza de roupa debemos ir a un ou varios comercios para probala e para comparar prezos e calidades. Non sucede así no caso da información, xa que a información sobre o produto e o produto coinciden.

Posuímos unha información sobre o produto ó coñecela. É por iso que os propietarios da información tratan de manter o segredo sobre ela. Un mercado informado da información é por isto mesmo unha *contradicción nos termos*. Arrow lémbra-nos tamén que un dos postulados básicos da economía (na corrente dominante na que el se sitúa) é o de que todo produto debe ser vendido con custo marxinal (en termos comprensibles para todos, isto equivale a dicir con custo da produción do último exemplar producido, dunha mercadoría específica). Agora ben, aínda que é certo que a obtención da información pode ser custosa (pensemos por exemplo no que custa un acelerador de partículas nos estudos de física), o custo marxinal da súa difusión, o custo de informar, é ínfimo. A información é polo tanto un ben escaso só na medida en que creemos barreiras artificiais de escaseza, gracias á práctica do segredo e ó establecemento de dereitos de propiedade.

Abandonado a si mesmo o mercado non dá lugar necesariamente á diversidade nin ó pluralismo na esfera da comunicación. Como acontece noutras ramas industriais mediáticas, réxense principalmente pola lóxica

do beneficio e pola acumulación de capital e non existe unha necesaria correlación entre a lóxica do beneficio e o cultivo da diversidade.

J. B. Thompson: *The Media and Modernity*; "A social theory of the media".

Desde un ángulo ideolóxico non deixa de ser un elemento paradoxal o feito de que os mesmos ideólogos e políticos que exaltan con celo evanxélico as virtudes do libre mercado e repiten insistentemente que vivimos na sociedade "da información", na que esta se converteu no recurso productivo fundamental, as propias "leis" da teoría económica aceptadas polos que así falan demostran a inanidade do discurso ó non constituír esta un recurso escaso. Pero ben é certo que xa R. Mergers no seu célebre artigo de 1955 ("The Economic Impact of Intellectual Property Rights", *Journal of Cultural Economics*, vol. 19, n.º 2) afirmaba e demostraba que as patentes e outras formas de propiedade intelectual naceron como resposta a un fracaso de mercado. Como sinala Pereleman, pagar un prezo por un ben público, mesmo segundo a definición que deles fai a escola dominante, supón unha dilapidación de recursos sociais. Para moitos produtos de información, como por exemplo as chamadas telefónicas de longa distancia, o maior custe das transaccións constitúeo o custo administrativo de cobrar o servizo (asociado cun dereito de propiedade) mentres que o custo da chamada para a compañía é virtualmente nulo. O mesmo Pereleman advírtenos de que proclamar que os produtos da información son "bens públicos" non resolve os problemas económicos, e prosegue: "a sociedade terá aínda que decidir cantos dos seus recursos deberán dedicarse a crear novos teatros, a facer novos filmes, ou á implantación da capacidade de liñas que poidan afrontar esas tarefas. Pero esas institucións necesariamente deberán diferir moito das existentes na actual economía de mercado.

Nun brillante artigo (publicado no libro do que son coordinadores Y. Ezrahi e outros *Technology, pessimism and postmodernism*, University of Massachusetts Press, 1994) R. Pippin reprocha

lle a Habermas non ter suficientemente en conta, nas súas coñecidas teses sobre a modernidade e sobre a interacción comunicativa, a latente crise filosófica que arranca co nominalismo. Segundo Pippin sería "difícil entender o porqué do fomento da utilidade, isto é, o noso interese en converternos en amos e señores da natureza, desprazaría a noción de coñecemento como contemplación... a importancia do desenvolvemento da tecnoloxía non podería acadar un lugar tan exaltadamente prioritario na orde do día social nin ser acompañado polo punto de vista, esencialmente moderno, de que a orixe da maior parte, senón de toda a infelicidade humana, era a escaseza... e que a escaseza era un problema susceptible de ser resolto tecnicamente". A pertinencia destas observacións con carácter de sociedade da abundancia, predicada pola sociedade da información, salta evidentemente á vista.

Se as críticas de Pippin son demoledoras para certa ortodoxia económica, a incorporación ás nosas reflexións de campos máis abertos dentro das ciencias humanas, como a socioloxía ou a política, bota máis dúbidas sobre o destino das nosas sociedades. Como pode colixirse da lectura dun recente libro de Emmanuel Pedler, é difícil comprender o sentido, a significación histórica e máis aínda as perspectivas de futuro que poida ter o recente procedemento de cambio técnico nas comunicacións debido todo isto á complexidade do fenómeno. Sinala este autor que se dá un contraste evidente entre as poucas enquisas que existen sobre a utilización destes avanzados medios técnicos e a plétora de datos de cifras e de numerosas estatísticas que "non permiten avaliar as recepcións concretas fronte a tal ou cal proposta tecnolóxico-cultural". As visións de futuro que nos presentan outros expertos en teoría da cultura e da comunicación son contradictorias, pero entre elas predominan as pesimistas.

Desde o punto de vista da maioría das escolas de economía os vectores económicos da actividade cultural, como actividade especializada socialmente, considéranse (insatisfactoriamente, ó noso xuízo) baixo o mesmo ángulo e respondendo en xeral ós mes-

mos mecanismos que rexen outras actividades en canto que estas poidan considerarse económicas. Convén lembrar, non obstante, que certas categorías utilizadas polos economistas están moi erosionadas ideoloxicamente e impiden enmarcar certas realidades económicas dentro dunha perspectiva xeral.

CONFUSIÓN DE CATEGORÍAS EN ECONOMÍA

A tarefa principal dun cidadán debe ser, entre outras cousas, a de tratar de romper a costra ideolóxica de falsidade e de ocultación que se deposita en moitos conceptos. No campo que nos preocupa trataríase dun labor de depuración dunha praxe que nos permitise ir desde a información á comunicación e desta a unha cultura, digna dese nome, desposuída do mercantilismo que sofre na nosa sociedade. Este percorrido seguiría un camiño inverso ó da dinámica seguida polas diferentes formas de poder.

No campo da economía os exemplos de perversión lingüística abundan. Seguiremos en certa medida a tarefa proposta por Confucio nunha das súas *anacletas*, nas que di que o principal papel do goberno é o de diferenciar os nomes, o que posiblemente se refire (segundo a suxestión de G. Newey) á necesidade de toda boa ordenanza social de acadar un acordo sobre os obxectivos sociais finais e non os meramente instrumentais. A nosa sociedade semella caracterizada por un desexo patolóxico de acumulación que só beneficia a un sector social cada vez máis restrinxido a causa de crecentes desigualdades sociais a escala planetaria. A ausencia de obxectivos finais compartibles dentro da estreita lóxica do sistema parece inalcanzable. Hobbes advertíanos de que as palabras son instrumentos de pensamento para os discretos pero só moeda de cambio dos necios, pero para ben pensar é preciso someter termos usuais a un escrutinio crítico. Comecemos cun exemplo obvio: todos falamos sobre "os consumidores" sen decatármonos de que esta categoría grupal e heteróclita oculta a realidade ó subsumir baixo un mesmo concepto a Bill Gates e a un esmoleiro.

As metáforas levan con elas, sobre todo nas ciencias sociais, unha carga de ambigüidade que, aínda que pode ter a vantaxe de arredarnos dunha maneira de pensar binaria, comporta o risco de polisemia ou semántica confusa. Un exemplo disto vénnos dado pola biolóxica metáfora da "mestizaxe", palabra de moda que se repite insistentemente e que vén, no mellor dos casos, case inconscientemente impulsada por unha implícita valoración positiva de calquera oposición á posibilidade dun "racismo" exclusivista. Sucede sen embargo que, prolongando a metáfora, podemos dicir que existen cromosomas dominantes e recesivos e que a diversidade da cultura (como biodiversidade) pode verse afectada pola perda de cromosomas recesivos nunha poboación na que estes prevalezan. Así aconteceu no que deu en chamarse clinicamente encontro de civilizacións e de culturas e que, a pesar de fastos e rituais como os realizados con motivo do quinto centenario do "descubrimiento" de América, só supuxeran a case total destrución de certas formas culturais pola acción doutras máis avanzadas militar e tecnoloxicamente. Se persistimos aínda máis na metáfora, aparecerásenos, con claridade, a dificultade imponente ou insalvable de introducir unha "manipulación xenética" que nos libre dos xenes patóxenos resultantes da "mestizaxe" mentres ó mesmo tempo nos permitan conservar os caracteres autóctonos máis desexables. Aínda sen caer en esencialismos holistas ou nas hipóteses Mc. Luhan sobre a determinación do contido pola forma só poderíamos tentar evadirnos do risco teórico desa "manipulación" ó operar dentro da entelequia un modelo de determinismo mecanicista que non deixase ningún reducto de entrada á continxencia ou a calquera opción humana de liberdade. No caso de certas culturas vinculadas a pobos demograficamente pouco importantes como Finlandia ou Galicia, así como naqueles que se atopan nunha etapa intermedia de desenvolvemento económico e tecnolóxico, é particularmente difícil o deseño do que se deu en chamar unha política cultural, pois as tensións entre as tentacións *celotistas* ou *herodianas* maniféstanse entre as súas elites dirixentes e intelectuais con particular virulencia. O reforzo

dunhas existencias de busca de nichos adoptivos parecería, dentro do contexto dun mundo conflictivo, global e competitivo, unha opción moi racional.

Se as formas relacionais humanas (clase a clase, grupo a grupo, persoa a persoa) veñen medidas por instrumentos de comunicación simbólica ou códigos (incluíndo os comportamentais) cunha evolución técnica que se xestou no seo doutra cultura (na que se constituíu socialmente e que polo tanto incorpora as tensións, conflitos ou mecanismo de resolvelos, propios desta sociedade de orixe), formúlase lexitimamente o temor a que esa "importación", instrumental ou simbólico-institucional, poida ser ou non adaptada a un contexto social diferente. ¿Poden quizais as sociedades orais incorporar tecnoloxías que presupoñen un alto grao de alfabetismo, isto é, de transmisión cultural escrita? Algunhas teorizacións económicas discuten amplamente sobre as dificultades consecuentes á adopción de tecnoloxías productivas adaptadas a etapas do desenvolvemento económico menos avanzadas e polo tanto á necesidade de elaborar tecnoloxías máis atrasadas e outras máis avanzadas. O tema poderíase enfocar de xeito un tanto parecido ó das ideas expresadas por Toymbee sobre o mimetismo *herodista* e *celotismo* fundamentalista.

Outro exemplo ofrécenolo a chamada era da información, na que o coñecemento, o saber, é o máis importante medio de produción. Parece isto moi xusto pero evoquemos a Veblen e un texto, case esquecido, dese heresiarca que apareceu no ano 1908 na revista estadounidense *Quarterly Journal of Economics* vol. 22. Neste escrito, que merecería ser comentado integramente e con detemento, Veblen dicía:

(...) polo menos desde que a humanidade acadou unha etapa de hominización a unidade económica básica non foi a do "cazador en soidade" senón a dunha certa forma de comunidade na que, con toda seguridade, foron as mulleres o elemento máis importante. O "capital" posuído por este tipo de comunidade (como por exemplo o do grupo de indios caza-

dores californianos) era cuantitativamente desprezable... o cal era de importancia vital para o grupo e, de feito, o que era esencial para a súa supervivencia era o saber acumulado polas mulleres, a tecnoloxía que determinaba a súa situación económica... a perda dalgúns dos bens tanxibles que facilitaban a produción nestes grupos non pasaba de ser un inconveniente transitorio. Pero o coñecemento acumulado e tradicional sobre os mecanismos e medios precisos para repoñelos ou producilos era o resultado dunha longa experimentación que, unha vez conseguida, facía que a súa adquisición fose doada. Parece, polo tanto, que a base substancial de todo o "capital" é a riqueza inmaterial e que os obxectos materiais que constitúen formalmente o obxecto da propiedade capitalista son, comparativamente, de natureza transicional e adventicia. Pero se esta opinión fose aceptada calquera esquema de distribución do ingreso de xeito "natural" entre capital e traballo saltaría polos aires. Sería difícil determinar que regra de equidade "natural" definiría que parte outorgar ó capital polo seu monopolio dunha determinada parte do acervo intanxible da comunidade considerada no seu conxunto.

O paralelismo destas ideas coa conceptualización marxista do "traballador social" salta á vista así como a súa influencia sobre os textos de Arrow citados máis arriba. Así pois, a economía da información ou era do coñecemento pode terse iniciado co "homo habilis". O que si se produciu (como sinala G. Johnson nun interesante artigo titulado "Population, food and knowledge" na *American Economic Review*, marzo de 2000) durante os dous últimos séculos, como aconteceu no renacemento, debido á influencia da imprenta, foi unha aceleración desta tendencia nos países máis avanzados. Se comparamos o vigor destas ideas coas das últimas utopías tecnolóxicas, chegadas dos Estados Unidos, como a do libro de J. Rifkin *A era do acceso* non poderemos evitar un sentimento de que somos testemuñas dunha época de regresión teórica.

O efecto ideolóxico do discurso dominante, a súa efectividade desmobilizadora de calquera conciencia crítica compartida, veñen hoxe dados non tanto por unha coherencia interna senón máis ben por unha fragmentación dos símbolos ou as imaxes dunha certa realidade que se ofrece a través dos *media*. A realidade

ofrécesenos descontextualizada de calquera causa profunda que a provocase. Todos temos, por exemplo, próxima na nosa memoria a aterradora imaxe (premiada por certos medios de información de masas) dun voitre agardando para devorar a un neno desnutrido. Esta técnica "informativa" precisa tamén dunha certa capacidade técnica. Mentres Brech pretendía co seu "efecto de distanciamento" crear un espacio crítico que facilitase a interpretación das causas profundas dunha determinada realidade, e puidese levar ó espectador a unha praxe negadora, os oligopolios da información mediática lánzannos imaxes de forte contido emocional que obnubilan a capacidade crítica do público receptor. Esta capacidade crítica vén subsidiariamente aínda máis minguada non tanto por unha distorsión ou ocultación da realidade (aínda que en casos de necesidade como aconteceu durante a Guerra do Golfo se acuda ó engano non encuberto) senón por unha dispersión espacial ou temporal das realidades significantes relacionadas entre si.

O mecanismo anteriormente sinalado aparece profeticamente descrito por Walter Benjamin na súa obra *Sobre algúns temas de Baudelaire*, nos que el chama principios fundamentais da información periodística definidos como "curiosidade, brevidade, comprensión doada e, sobre todo, desconexión das noticias entre si". A eficacia dos mecanismos descritos por Benjamin vese hoxe incrementada pola imaxe televisiva, que non necesita a penas un esforzo estilístico ou lingüístico para lograr transmitir un descarnado, puro "en-si" do sucedido. A política informativa, por exemplo da CNN, segundo declaracións públicas do seu director, segue case ó pé da letra os principios que Benjamin describe, co agravante de engadir a estes o principio de tratar de aproximar temporalmente ó máximo a imaxe ou información ofrecida do suceso. Isto obriga ós seus receptores a seguir unha vertixinosa sucesión de informacións, tan rápida na súa secuencia que cega a comprensión do seu significado, a non permitir tempos de reflexión para a avaliación xerarquizada da súa importancia. O tan repetido clixé da "fin das ideoloxías" descobre oblicuamente a realidade dun poder social

terminal que, consciente ou inconscientemente, percibe que os seus mecanismos lexitimadores (ideas de progreso, igualdade, democracia etc.) fóronse baleirando de contido e só pode ofertar a vacua idea do cambio como fin en si mesmo, como discurso nihilista carente de contido, un cambio que xa non pode presentarse como progreso senón como mera temporalidade sucesiva, carente de intencionalidade ou proxecto.

Poderíamos facer longas consideracións sobre outros conceptos como o de *nova economía* pero iso faría demasiado extenso este documento. Engadamos, non obstante, algo dogmáticamente, que os cambios no funcionamento da economía capitalista foron considerables, entre eles, desprazamento do capital industrial polo financeiro, nova cultura empresarial centrada nos mercados de capitais ou recolocación de certas actividades productivas. Algúns destes cambios foron facilitados, pero nunca exclusivamente causados, polos avances nas tecnoloxías da información e a comunicación que veñen sempre asociados co difuso termo de "nova economía".

As observacións anteriores conduciríannos lóxicamente a tratar dun fenómeno complexo como o de todos os cambios que se agrupan baixo o confuso e ideolóxico termo de "globalización" que, como todo termo ideoloxicamente cargado, describe, á vez que agocha, certos elementos da realidade. Limitarémonos, pois, ante a amplitude do tema, a unhas poucas observacións.

Nun interesante libro, *Digital Capitalism* (Mit, 1999), D. Schiller insiste na enorme influencia das políticas económicas neoliberais que rexen os sistemas de telecomunicacións e que conduciron a reforzar o poder das grandes empresas e a acentuar as desigualdades sociais. Son estas mesmas forzas sociais as que impulsaron o movemento cara á globalización e cara a un aparente menor protagonismo social do estado. Citando a R. Kapulcinki diremos: "No cabaré da globalización o estado leva a cabo un strip-tease que fai que, ó final do espectáculo, fiquen só co máis fundamental dos seus panos menores, o seu poder de represión... a nación-estado

convértese simplemente nun mero garda de seguridade das mega-compañías...".

O tema do foxo crecente de desigualdade que se segue abrindo entre países e rexións pobres e ricas foi tratado dende diferentes fontes. Nós limitarémonos a lembrar, entre a plétora de datos que ofrecen os informes do Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento, os últimos datos referentes á discrepancia existente nos *media* entre rexións. Non obstante, trataremos de ofrecer certos mecanismos causa destas desigualdades que raramente aparecen conxuntamente.

Con respecto ós *media*, o informe sinala que "O acceso dos países pobres ás novas tecnoloxías da información é moi insuficiente, así, mentres que un 26 por cento da poboación estadounidense pode navegar por Internet, só un 0,8% poden facelo en América Latina, un 0,1% na África subsahariana e un mero 0,04% no sueste asiático. Neste punto debemos recordar incidentalmente a toma de postura intermedia do noso país, no que a cifra para Galicia é de aproximadamente un 7% mentres que para o conxunto do Estado é dun 10,5% e o de Cataluña un 16%.

¿Cales son algúns dos mecanismos que conducen a este lúgubre estado de cousas? Mencionaremos só algúns moi evidentes e difíciles de impugnar.

O primeiro consiste nun mecanismo social descrito polo que foi secretario xeral da Comisión Económica para América Latina, R. Prebish. Nos países ricos a clase obreira está organizada en sindicatos que operan como mecanismos para lograr que os aumentos de produtividade acadados dentro dun determinado país se repartan con certa proporcionalidade, relativamente constante, entre capital e traballo. Isto redunda nun aumento dos ingresos reais dos traballadores, e en maiores niveis de consumo e produción de bens manufacturados. Isto non sucede nos países pobres, que teñen unha poboación traballadora dispersa, desorganizada e empregada en sectores primarios ou de cabeceira, onde un aumento de produción moitas veces repercute nunha caída des-

proporcionada dos prezos, coa consecuencia de niveis de ingreso máis baixos e deterioración da relación de intercambio con relación ós prezos de produtos manufacturados, exportados polos países máis avanzados.

Un segundo mecanismo do sistema consistiría na diferenza xeográfica entre a creación dun valor útil e a súa realización como valor de cambio. Un exemplo é dabondo para ilustrar este factor. Unha camisa ou un par de zapatos producidos en Indonesia ou nunha das múltiples zonas francas de China onde operan empresas transnacionais véndese en Nova York, Londres ou París nun prezo frecuentemente vinte veces maior ó percibido no lugar da súa produción. A sobre-explotación da forza do traballo local vén facilitada polo monopolio nas redes de distribución, controladas igual có deseño e as patentes de marca polo capital foráneo. No libro de M. Chossudovsky: *The Globalisation of Poverty* (Zed books, 1997) trátase en detalle deste mecanismo.

O terceiro mecanismo ó que desexamos facer referencia é de particular interese porque descobre o baleiro teórico das doutrinas *desenvolvemntistas* hipocritamente difundidas dende os países do rico "centro". En efecto, os sacerdotes do neo-imperialismo manteñen que todos os países poden acceder a un nivel de prosperidade máis elevado seguindo o seu exemplo, especializándose na exportación de produtos nos que gocen das vantaxes comparativas e abrindo sen restricións as súas fronteiras na entrada salvífica de capital foráneo. A experiencia dos países recentemente industrializados é testemuño fidedigno da inanidade de tal doutrina. Tanto Corea, como a provincia chinesa de Formosa, como Singapur demostran que os seus éxitos conseguíronse gracias a un capital nacional moi protexido por un estado de tipo intervencionista. As vantaxes comparativas non existen, consideradas dinamicamente, senón que son froito consciente da acción de certas minorías que, apoiadas dende as estruturas políticas, logran impoñerlles á maioría das súas poboacións sacrificios enormes. Pero iso demostra algo máis profundo, e é a crecente dificultade dos países pobres para

entrar nunha competición desapiadada de competitividade que pola súa mesma esencia comporta que "moitos serán os chamados e poucos os elixidos". Isto é unha consecuencia directa dunha das características máis importantes do progreso técnico e é o seu carácter de estar encarnado, de estar incorporado, a bens de capital que xeralmente, salvo en períodos moi contados, tenden a aumentar de prezo moi rapidamente e a incorporaren tecnoloxías de aforro de man de obra consecuentes coas relacións sociais existentes nos países desenvolvidos. Nun artigo, xa non moi recente (de 1983), o economista xaponés Shigeto Tsuru daba conta das consecuencias da introducción da robótica na industria automobilística xaponesa. E ocorreu que a produción, nesta rama da industria, incrementouse entre 1975 e 1973 nun 287'5 por cento e isto tivo lugar cun incremento do 200 por cento no acervo de capital e un aumento do emprego do 39'6 por cento. En contraste co ocorrido no período anterior o aumento de produción durante os anos 1975-1980 foi do 52'3 por cento e chegouse a un incremento do capital do 52'5 por cento e da man de obra de só o 0'6 por cento. O corolario de todo o anterior é moi claro e é que a masa crítica para a creación dunha industria propia vai sendo cada vez máis difícil de alcanzar e isto porque malia que nas primeiras fases do capitalismo podíase crear emprego cunha relación, relativamente favorable, entre capital investido e forza de traballo empregada, esta relación foise deteriorando. Así pois, mentres a xeración dunha masa de aforro nacional impuña uns niveis de aforro (para financiar o investimento) relativamente asumibles en épocas pasadas (aínda con grandes sacrificios e sufrimentos nas súas clases traballadoras), na actualidade estes niveis de aforro serían case inalcanzables excepto nun marco social extremadamente autoritario e represivo.

NOTAS BIBLIOGRÁFICAS

1: Destacarei pola súa utilidade: V. E. Bonell and L. Hunt, (eds.): *Beyond the cultural turn*, University of California Press, 1999; Ortner, S. B. (ed.): *The fate of culture, Geertz and beyond*, University of California Press, 1999; Harris, D.: *A society of signs*, Routledge, 1996; Faubion, J. D. (ed.): *Rethinking the subject*, Westview Press Inc., 1995; Thompson, J. B.: *Ideology and modern culture*, Polity Press, 1990. Entre os libros en francés destacaríaa: Caune, J.: *Culture et communication*, Presses Universitaires de Grenoble, 1995; Corcuff, P.: *Les nouvelles sociologies*, Nathan, 1995; Mattelart, A.: *Histoire de l'utopie planétaire*, Éditions la Découverte, 1999; Pedler, E.: *Sociologie de la communication*, Nathan, 2000. En castelán sinalarei: Azcuy, E. A. (e outros): *Identidad cultural, ciencia y tecnología*, Fernando García Cambeiro, 1987; Picó, J.: *Cultura y modernidad*, Alianza Editorial, 1999 e, finalmente, Muñoz, B.: *Teoría de la pseudocultura*, Editorial Fundamentos, 1995.

2: As achegas de Andrew Feenberg, relativamente pouco coñecidas en España, son fundamentais tanto no campo dos estudos culturais, a historia da ciencia e da tecnoloxía, como tamén nos da filosofía da ciencia e da tecnoloxía. Recomendamos con verdadeiro entusiasmo a lectura dos libros: Feenberg, A. E. Hannay, A. (ed.): *Technology and the politics of knowledge*, Indiana University Press, 1995; *Alternative modernity. (The technical turn in philosophy and social science)*, University of California Press, 1995; *Questioning technology*, Routledge, 1999 e *Lúkacs, Marx and the sources of critical theory*, Oxford University Press, New York, 1986.

3: Existe unha gran riqueza de textos que tratan das influencias mutuas e das retroaccións que se producen entre tecnoloxías, sociedade e cultura, nun sentido amplo, de maneira desordenada mencionaremos: Pacey, A.: *Echnological systems*, MIT, 1987; Basalla, G.: *The evolution of technology*, MIT, 1998; Elliot, B. (ed.):

Technology and social process, Edinburgh University Press, 1988; MacKenzie, D., Wajmcmman, J.: *The social shaping of technology*, Open University Press, 1985; Golhaber, M.: *Reinventing technology*, Routledge and Kegan Paul, 1986; Satnley, M.: *The technological conscience*, University of Chicago Press, 1978 e un clásico como Veblen, T.: *The place of science in modern civilization*, Viking Press, 1919. Libros de utilidade en francés son: Scardigli: *Les sens de la Technique*, Presses Universitaires de France, 1992; Salomon, J. J. et Schemeder, G.: *Les enjeux du changement technologique*, Economica, 1986 e Brachet, P.: *Science et sociétés*, Publisud, 1987.

Russell Jacoby: "O segredo da diversidade cultural é a súa uniformidade política e económica. O futuro aparece como o presente con máis opcións. O multi-culturalismo anuncia a derrota da utopía. A alza do multiculturalismo correlaciónase coa decadencia da utopía e o esgotamento do pensamento político". *The end of Utopia, Politics and Culture in an age of apathy*. Basic books, 1929).

R. Barnet and B. Muller: "os homes que dirixen as empresas globais son os primeiros na historia coa organización, a tecnoloxía, o diñeiro e a ideoloxía para tentar dun xeito plausible, dirixir o mundo como unha unidade económica integrada".

Andreff, W.: *Les multinationales globales*, La Découverte, 1996. Este autor sinalaba xa a tendencia a unha certa eliminación das fronteiras entre os sectores secundarios e terciarios e a constitución de conglomerados, ou cárteles globais, entre industria e servicios. Esta tendencia xa era particularmente visible nas tecnoloxías da microelectrónica, da informática, das telecomunicacións, dos satélites e fibras ópticas dedicadas á produción de servicios. Como consecuencia, a economía tende a facerse máis inmaterial. As multinacionais realizan un mecenado que combina a promoción da "sociedade do espectáculo" cunha función de mercantilización; así, o "Comité Americano para as Artes" promove o financiamento dos grandes conglomerados de actividades como concertos de rock,

grandes competicións deportivas e mesmo misións humanitarias difundidas polos *media* nos espazos publicitarios dos cales aparecen moi destacados os produtos dun consumo globalizado (Coca-Cola, McDonald's, Nike, etc.).

Eu: Se a globalización conduce a unha maior desigualdade económica, redundando en estruturas socioeconómicas máis diferenciadas, a adopción de tecnoloxías foráneas por un país subdesenvolvido, ou nunha situación de desenvolvemento intermedio será moi difícil, ó térense desenvolvido estas tecnoloxías ata unha etapa de madurez (excluente de novas opcións) nun medio socioeconómico diferente. O heteromorfismo, é dicir, a discrepancia entre a lóxica social (ou o que algúns autores marxistas como Mszaros chamaban "metabolismo social") e a lóxica interna a unha nova técnica que quizais se desenvolvera gradualmente no seu país de orixe requiriría, como sinala Furedi:

- A) Un esforzo de adaptación grande para poder facer encaixar a nova técnica nunha estrutura social moi diferente conservando a estrutura social do receptor.
- B) Unha actitude social de capitulación tecnolóxica ante a tecnoloxía importada que conduza a alterar as formas de produción e reprodución socioculturais para adaptárense a ela.

A política de "modernización" respondeu case sempre a estratexias capitulacionistas do tipo "B" mentres que unha política tecno-económica ou cultural ideal sería mixta e consistiría en:

- a) Readaptar unha tecnoloxía "pechada" ou madura a unha formación social autóctona, ou
- b) modificar certas institucións para facelas máis permeables a unha incorporación dos cambios tecno-culturais, que se valoren positivamente, preservando, non obstante, uns sinais de identidade fundamentais.

Arnold Toynbee, citado por Serge Latouche (*Les dangers du marché planétaire*, Presses de Sciences po., 1998), distingue dúas actitudes básicas ante o "imperialismo cultural" que chama *herodianismo* e *celotismo*, a primeira correspondente á actitude "B", e a segunda correspondería a fundamentalismos esencialistas negadores de calquera influencia foránea. Latouche considera que as formas de resistencia cultural cobren, ou deberían cubrir, un nivel imaxinario (cultos sincréticos, profetismo, etc.), un nivel social, que trataría de reforzar certas estruturas neoclásicas solidarias, e un nivel tecnolóxico, no que a distribución e o consumo inseriríanse en novas formas de sociabilidade. Latouche considera con certo optimismo, que non comparto, que "a nebulosa da economía informal demostra ser dunha eficacia considerable".

"Hoxe a reinvenção dunha esfera pública debe ter lugar nun contorno simbólico que xa está informado por unha concentración importante de recursos e que se estende ben máis aló das fronteiras de calquera nación-estado".

"É posible regular as actividades dos grandes cárteles mediáticos para tratar de crear un contorno simbólico no que eles non sexan os únicos protagonistas... pero imaxinar que os debates académicos sobre formas ideais de propiedade e control sobre as industrias mediáticas poidan exercer unha influencia importante sobre as súas actividades nun van propósito".

"A globalización das comunicacións creou un eixe simbólico no mundo moderno, o eixe de difusión globalizada e apropiación localizada, no que o proceso de apropiación segue sendo esencialmente contextual e hermenéutico. Neste proceso de apropiación os produtos dos *media* incorporan un conxunto de prácticas que dan forma e alteran a súa significación... Unha característica deste proceso é o distanciamento simbólico dos contextos espacio-temporais da vida cotiá. ((Eu) bar de México como contemplación de Dallas. James Lull TV dános un modelo ó resto do mundo... recur-

so para pensar criticamente sobre as súas propias vidas e condicións de vida").

Schiller, Dan: *Digital capitalism*, MIT Press, 1999. "As políticas económicas neo-liberais, ó servizo do mercado, influencian e regulan o sistema de telecomunicacións, incrementan o poder das empresas multinacionais do sector e ó mesmo tempo aumentan as desigualdades sociais existentes".

"O ciberespacio ofrece un instrumento flexible e particularmente acertado a unha ideoloxía consumista globalizada".

"O capitalismo dixital invade espacios crecentes da vida social e o seu impacto é determinante xa no terreo da educación, no que se impón de xeito crecente a lóxica patrimonial causada polos mecanismos de mercado".

BAIXO O SIGNO DO PLURAL

Margarita Ledo Andión

Universidade de Santiago de Compostela

Vou achegarme á nosa relación co mundo dende o fóra de campo, dende o que a penas se ve pero que determina o significado. Achégome a partir da relación entre lingua, industrias culturais e política. E vou cara ó mundo a través da viaxe. Da viaxe no espacio, no tempo e no coñecemento, os tres xeitos de viaxe, dicía Michel Serres para un filme, *Les traces du rêve*, sobre un amigo de seu, Pierre Perrault, que se presenta a si mesmo como escritor, como cineasta e como quebequés. Como "sens papiers".

Porque se falamos dunha das versións da Europa multicultural, a Europa que se quere representar na pluralidade lingüística entendida como territorio e como pertenza, temos que derivar o discurso cara ós seu obxectivos funcionais: as linguas a servir de barreira e de freo á invasión da produción *usamericana*. Pero se falamos de Estados plurinacionais as cuestións complicáanse porque fai que nos poñamos a falar do Poder. E os "sens papiers" teñen, por forza, que falar do Poder.

En canto escenario, a Europa acolle un proceso profundo de reconfiguración que toca non só o seu artellamento institucional senón que amosa o inicio dunha fenda no propio concepto, no modo regrado de pensar ó "cidadán", no que a parte máis visible é a das migracións aquí e alén mar. O Estado español é un máis de entre outros casos, como o é a eurorexión Galicia-Norte de Portugal, unha área de sete millóns, unida por actividades varias entre as que está, ó noso pesar, a lingüística, o estraperlo e o cultivo do estereotipo. As perspectivas de aniquilación comezan a agromar e ás veces disimúlanse por entre medidas formalistas que afastan do horizonte a intervención política que é, na fin, o que adoito nos convoca para falar de contidos audiovisuais e multime-

dia como práctica da diferenza e como posibilidade para a comunicación intercultural.

Quizais nin teña eu que facer explícita, diante de vostedes, a miña posición crítica verbo dos autores da "terceira vía", daquel máis citado, en particular Anthony Giddens, da súa elaboración dun pensamento sobre o "global" que pasa pola abolición do espazo, do tempo -e da sociedade, engadimos nós-, que pasa polo reforzo do estado-nación convencional como garante da desregulación, da aniquilación de referentes -velaí o paradoxo- e pola queda nese campo de durmideiras que é o determinismo tecnolóxico. Non me gusta o Giddens nin me gusta a parella de baile do global/local. Por iso articulo, sempre, a entrada nos dilemas so o signo do tres*: o espazo (p. ex. o do filme *Galicia/BBAA*, como proba na historia); o tempo e os procesos no tempo, a memoria e a reacción á memoria; a sociedade, onde se produce a identidade, tamén pensada en termos de fluxos (de persoas, de cartos, de imaxes -se as houber- coma este *cinhome*, esta filmación afeccionada, único ronsel que foi ficando do secuestro, vai para corenta anos, do Santa María). So o signo do tres, do que foi o século XX para nós: os vinte, a pasaxe do rexionalismo ó nacionalismo, a cristalización nun programa de acción ata a súa formalización no PG, o "partido dos escritores" na II República. Despois as pasaxes foron clandestinas, vía Portugal, para Francia, e dende os campos de concentración en paquebotes para América, México, Bos Aires, lugares con tradición política revolucionaria, republicana e galeguista, lugares de exilio sen os que hoxe mal andaríamos. A guerra fría, os anos sesenta, Cuba, Arxel, os negros, a Nova Fronteira, o "Santa María" e a reorganización do movemento opoñente no interior. E, na fin, os noventa, a Unión

*Proxección de fragmentos da película *Galicia y Buenos Aires*, José Gil, 1931; da filmación feita polo pasaxeiro Xoán Noia nos días en que o "Santa María se chamou Santa Liberdade" e da película *Kompostela Kapital Bravú*, de Basilio Martín Patino, a resultas dun posgraio da USC-Facultade de Ciencias da Comunicación.

Europea, a grande exclusión, a ficción financeira e como imaxe de nós outra peza documental: *Kompostela Kapital Bravú*.

Dende o Un e o múltiplo son innúmeras as posibilidades; son reducidas dende o Dous, dende pares de contrarios coma os que establece, por exemplo, a *Global Bussines Class* co resto do mundo nun proceso abismal de exclusión.

A lingua o Un e o Múltiple. O século XX comezaba para nós o ano 1916, o mesmo ano en que se congregan os dadaístas en Zürich, no "Cabaret Voltaire", ó pé da canella do Espello e da morada no exilio de Lenin. Un ano, o 1916, en que un xornalista, Antón Vilar Ponte, fai un chamamento a prol do idioma galego e arredor desta acción ten a súa orixe a primeira organización político-cultural do nacionalismo galego, á que se lle dá o nome de "Irmandade da Fala". O século concluíu para nós con outro chamamento a favor do idioma, que rubrica Francisco Fernández del Riego, o presidente da Real Academia Galega. Mais nesta ocasión os destinatarios non son os animadores da Modernidade en Galicia, non se trata de axuntar a aqueles heroes problemáticos que deran o paso da literatura ó xornalismo. Nesta ocasión os destinatarios son os medios de comunicación; son as institucións, incluída a Igrexa; é o sector empresarial. O Dous entre nós, estradas en paralelo que nin se recoñecen agás para os cerimoniais.

No derradeiro número da revista *Imagen y Comunicación* un entrevistador sen nome preguntalle ó arestora presidente da AGAPI, asociación que reúne a corenta e dúas productoras, sobre o que chama "censores lingüísticos" e a resposta rezou como reproducimos a seguir: "Esto es muy peligroso y políticamente incorrecto, pero al mismo tiempo si no fuera por la diversidad idiomática no tendríamos las subvenciones que tenemos, que están incrementadas por apoyar el idioma, aunque al mismo tiempo te encuentras con el handicap de que te gastas un dinero en los doblajes y en hacer copias en gallego que después prácticamente se depositan ahí y ahí se han quedado, porque a los festivales tienes que mandar los trabajos en castellano".

O múltiplo levaríanos cara ó debate sobre a calidade e a representatividade da produción, sobre as razóns da ausencia de política de distribución, sobre a febleza do propio proxecto -sectorial- e quizais nacional e a subseguinte difícil incardinación, tamén, na Europa multicultural. Porque as industrias culturais non só son constitutivas da identidade como da alteridade, da relación co Outro, e están na declaración de base do "espacio cultural europeo" como espacio público común. Cavilen como non é casual que saíse do Foro de Cinema de Copenhaguen no 1973 e que o seu eco, como política defensiva, reapareza coa "exclusión cultural" na Rolda Uruguai do entón chamado GATT, na Conferencia de Birmingham (1998), que pon énfase na distribución e constata o auxe das producións de selo nacional, en Amsterdam, no 1997, onde se engade un protocolo que define os sistemas públicos de radiodifusión como parte das necesidades democráticas, sociais e culturais e coa necesidade de preservar o plural.

Sen que queiramos facer pasar unha relación causa/efecto dende "o lugar", é obvio que cada contexto ten os seus propios ecos, e Birmingham tivo a Stuart Hall e as súas propostas verbo da identidade como categoría, como atributo, como diferenza (ser galego é non ser español) e, así mesmo, como proceso, como produción histórica -que é a que nos vimos acollendo- con variables que son culturais, que son de clase, que son de xénero, que son ideolóxicas e que teñen -coma no Quebec- que ver co Poder.

Porque nós -velaí un outro paradoxo- aínda sen entrar en campo, fomos mundo denantes de ser nación, concluía Marilene Correia, da Universidade da Amazonia no XXIII Congreso da INTERCOM. Nós elaboramos unha *imagined community* -no interior e alén-; ó lonxe -emigrantes ou exiliados-; nós actuamos movidos polo sentido republicano de pertenza que transformou, por uns días, ese coche de liña -A Coruña, Vigo, Lisboa, Curaçao, Caracas...- no "Santa Liberdade". Pero fomos, dende nós mesmos, persoas "sen papiers", membros dunha nación sen Estado no tempo dos Estados, número regrado para a exportación no

Instituto Español de Emigración. E nos países de acollida tampouco tiñamos dereito de cidadanía. Non falo só, por exemplo, da campaña do "mata galego", polos anos dez, no Brasil. Falo de represión directa na Suíza para o estranxeiro que decidise esa heroicidade que era meterse por entre a política.

Non é nova a mundialización, nin se pode manter que a hibridación é un efecto das redes en lugar de falarmos das relacións sociais de comunicación. O que seguramente sexa novo -porque cómpre enxergar unha ardua reflexión-, para o que quizais non teñamos referentes sobre os que evolucionar, o que seguramente é produto dunha outra fenda é o dominio da ideoloxía tecnolóxica, o que Wolton chama o "tropismo técnico", nunha fase na que o sistema extremou os seus mecanismos para acumular e premiar o capital en exclusiva, deixando tocado o cadro de diálogo, de negociación, que as relacións de produción articularan nos derradeiros douscentos anos. Neste temor, investigadores como Mattelart únense ós que postulan unha necesidade urxente de retorno á independencia crítica na abordaxe do real ó nos dicir: "creo que a cuestión da técnica é unha cuestión que non fixo súa a cidadanía como problema da democracia" e lembra que xa nos vinte Freud tiña tratado do desaxuste entre a técnica e mais a sociedade.

Estamos a piques de pasar, segundo Wallerstein, do sistema-mundo, un sistema en que o vínculo universal co territorio se establece dende a pertenza -de seguido pararemos en Rancière-, sexa republicana, sexa comunitarista, a un sistema incerto que me trae para a man un outro filme premonitorio de Basilio Martín Patino, *La Seducción del Caos*, onde a personaxe virtual é, precisamente, a televisión. Anque haxa "rusoniáns" coma Wolton que manteñen que "a mundialización da comunicación, pola contra do que se dixo, vai radicalizar as diferencias de percepción, ligadas estas ás identidades culturais".

Claro que, pensarán vostedes, Wolton fala de estado-nación. Seino, seino ben, contéstolles eu, fala do estado-nación e fala, moito, dende Francia. Pero tamén Jacques Rancière fala dende a

Francia que se mete a procurar por entre indicios descontinuos as razóns fundamentais das mudanzas ó analizar o devalo das relacións estado-cidadán, un devalo que impón o neo-liberalismo, e fala, Rancière, doutros actores "que solucionaban o conflito sobre a pertenza e definían novos casos de universalidade, de formas novas de manifestación da cidadanía". É a perspectiva na que estou interesada, igual que me interesa aprender do antagonismo entre o pensamento culturalista de dominante norteamericana, a visión da cultura como comunión que integra os individuos a sistemas de relación e de fins comúns -alleos ó mercado- e a de selo francés, tamén fundada na pertenza, na vontade colectiva encarnada no Estado, como dereito de participación. Interésanme porque ambas as posicións reproducense, ó longo da historia, no nacionalismo galego, con predominancia para a republicana.

Diferentes identidades, certa institucionalización da diversidade co chamado eufemisticamente "Estado das Autonomías", as súas sempre mal apañadas relacións con Portugal e con Latinoamérica, da súa pertenza á Europa da periferia atlántica... a ideoloxía asimiladora do Estado e da política española inviabilizou, ata o de agora, calquera diálogo, manténdose activo tanto o conflito de representación cidadán como a inestabilidade, tocante á pertenza, en cada espacio nacional. O nacionalismo de estado español asegúrase, préndese dun espacio e un goberno "nacionais" como modo de negar a existencia doutras nacións e sen deixarnos parar a discutir se a soberanía é ou non a fórmula para a procura de "novas políticas que respondan ós retos actuais", cito dende a reflexión quebequesa.

Como primeira achega remarcamos outra vez que a Europa multicultural, a Europa que se representa na pluralidade lingüística, faino non só por razóns identitarias (democráticas) como funcionais: barreira fronte da invasión -pacífica- da produción americana. A Europa como escenario acolle como albo, ou como posible, a súa reconfiguración política e ten que tocar nos formatos de institucionalización social. O EE non está, xa que logo, só nisto da

"Declaración de Barcelona" e das propostas de reforma constitucional e o caso galego, diferente pola súa banda do euscaldún e do catalán, incardínase nunha "eurorrexión" -que o pensamento político tradicional, chámese PP en Galicia, PS en Portugal- non quere formalizar. Como adoito acontece noutros países -non só acó- as industrias da cultura non existen se non se observan dende unha perspectiva identitaria, dende ese suxeito colectivo: a nación, e se non se acerta na política, nas decisións, que garantan a súa representatividade e oportunidade, como reclamo e como mercado, como produto e como operador.

Imos, agora, viaxar no tempo. Ímonos para o conflito de intereses que se desenvolveu ó longo do XIX a partir da idea-fixa de que Galicia debería entrar na Modernidade a través de formulacións "rexionalistas", que en si afirmaban a necesidade do territorio como recoñecemento polo Outro, como control dos recursos e como posibilidade para decisións de relación co Outro, e coa consciencia da imposición dun rol secundario, que adquire toda a caracterioloxía do que se denominará máis adiante "colonialismo interior" impulsado e exercido polas clases sociais que devirán en hexemónicas no Estado español. Clases ou sectores que rematarán por dar soporte ó Golpe militar do 1936.

Pola contra, o feito de sermos diferentes, iso que hoxe se quere transformar nun cliché, expresouse na lingua propia, o galego, considerada a lingua románica con meirande presenza de léxico prerromano non só na toponimia senón para designar accións e obxectos de uso (unha lingua cruzada, unha lingua ó biés) para partir na procura de pegadas visibles e materiais -os exércitos de arqueólogos sachando en cada asentamento de outrora- e ata a reconstrucción dunha idade do Ferro na Galicia limítrofe, a través das augas, con outros territorios que nun entrego himno galeguista -entoadado polos que rastrean os sinais dende o Incio ó Xerés- eran as sete nacións celtas "fillas do pai Breogán", a nosa divindade orixinal. Coma no resto da Europa, os trazos do pensamento diferencialista viñeron da man dos ilustrados, da razón, e como doa que

articulaba o noso imaxinario, "o celtismo" -dende logo non máis improbable que as ordes que nos convocaron para ver como a terra producía estrelas- tamén tiña que ver coa idea de liberdade e co florecemento económico e mais cultural. E así, dende o simbólico, fomos querendo nomear un outro real e construímos propostas para transformar as cousas cara a ese outro real. Neste contexto danse as primeiras producións en galego no libro e na imprenta.

¿Que é unha produción galega? Segundo o protocolo que acaba de ser asinado entre a TVG e as produtoras audiovisuais, éo aquela que emprega a lingua galega, símbolo da identidade dun suxeito colectivo, na que a industria de programas defínese dende parámetros políticos, é dicir, económicos e culturais. Trátase, no caso que nos ocupa, de ver na televisión unha das condicións para a práctica do dereito á comunicación e mais á cultura, de ver a televisión pública como vector da política cidadá -calma, xa sei que é difícil de imaxinar- tamén nas súas funcións de produción, de adquisición, de difusión; como parte das relacións de intercambio dende e co diferente -relacións multi e interculturais- ademais dun activo na posta en escena, nas modalidades de representación: cómo te ves, cómo te miran, cómo te queren ver, cómo te queres ver. Son termos que ecoan, como un desexo, en todos os meus textos.

A TVG dispónse a investir, ata o 2002, nove millóns de euros en producións con versión orixinal en lingua galega e fai constar, por primeira vez de maneira explícita, que o idioma é un dos elementos referenciais para que saibamos que unha produción é galega. A carón, pois, daqueles elementos funcionais que se ampararon en coordenadas de pertenza das persoas e dos recursos a un lugar, elementos que ata hoxe dominaron a práctica, é dicir a política, da produción de contidos, emerxe un campo de relacións consonte co proceso no que estamos, que vencella a lóxica da cultura cos programas de produción e de distribución, coa política de representación colectiva e coa construción, en suma, da identidade a través, no noso caso, da lingua galega.

A decisión tomada polo Parlamento de Galicia en 1984 para botar a andar a televisión pública autonómica permítenos poder avaliar hoxe a produción audiovisual pero, aínda máis, materializa unha nosa posibilidade de intervir na mundialización dende un pequeno país, coa súa versión continxente de Estado-providencia, o réxime autonómico, e acusando a urxencia en acertar nun tipo de proxecto que non confíe só na subvención e na rede (e dígoo porque este é un síntoma apreciable na política de comunicación do Goberno que lidera Fraga) nin olle para os *media* como un factor instrumental (e advírtoo porque este é un outro síntoma na política da primeira forza política da oposición, o Bloque Nacionalista Galego) se non na implicación entre espazos de circulación e espazos políticos como parte do espazo público, ou o real plural, organizado segundo variables nacionais, de clase, ideolóxicas, de interese e de oportunidade, e sen caer na trapela da dicotomía antiga público/privado, coma se as obrigas fosen patrimonio exclusivo das empresas públicas; da dicotomía individual/social, coma se os teus dereitos propios non ficasen socavados nunha situación de negación ou cunha perspectiva de aniquilación e minimización dos dereitos colectivos; da dicotomía actitude/opinión, práctica/teoría, cando aquela é substituída pola técnica.

Houbo, en definitiva tamén acó, certa mudanza no xeito de pensar os *media*, a TV pública e, en suma, a política de comunicación. Pasouse de facer compilación e descrición -é exemplar a contribución de Josephine Dries e mais Runar Woldt, do European Institute for the Media, á Conferencia da UER en Dusseldorf, no 96- a propósito da longa experiencia, do capital en arquivos, do papel integrador dos servizos públicos de radiodifusión, a consideralos un compoñente constitutivo da democracia e da mudanza terminolóxica que vai do termo "autoestrada" ó de "sociedade da información".

Ata chegarmos a falar de "Identidade europea vs. Identidades", unha das interrogantes de Claude Contamine, a partir dunha posición empirista de Europa, é dicir, moitas linguas,

diferentes espacios, reforzo do patrimonial... cando expresa o seguinte:

¿Debe a excepción cultural ser acompañada con políticas de servicio público en Europa máis alá dos medios e da creación intelectual e artística? ¿Son estas políticas, medidas protectoras, soporte financeiro e lexítimo patrocinio, suficientes e eficientes?

Restan, pois, os programas de acción. E as pontes entre culturas a través da televisión e da política para o que Deirdre Kevin chama a identidade compartida, a identidade cívica, sen que nos poidamos esquecer das novas posibilidades de distribución, de que a DTV potencia a diversidade de contidos, de que a TV pode transmitirse con base en protocolos Internet, en vivo ou a petición dos usuarios e, singularmente, remarca Michael Knauth, da consciencia de que cómpre garantir o acceso a contidos non comerciais: "A programación de servicio público é un elemento de equilibrio no sistema de medios dixitais, que pode achegar confianza, orientación e produción profesional e unha selección dos contidos".

Entramos, xa que logo, na lingua, a cidadanía, a política representativa, o coñecemento e a aplicación do coñecementos á produción a través do seguimento dos cambios que trae a converxencia así como dos novos parámetros que se desprenden da dixitalización. Como saben, o devandito está no centro das preocupacións de diferentes instancias -políticas, económicas e universitarias- e unha das modalidades de sistematización das características do sector audiovisual foron as investigacións iniciadas dende a USC coa University of Wales-Aberystwyth e coa Université de Haute Bretagne-Rennes 2, cun estado xeral do sector e da produción audiovisual, investigación que se ampliou a Cataluña e mais a Irlanda e á creación dunha base de datos sobre os axentes dos diferentes países de cara a facilitar a información, o coñecemento, a localización de parceiros, a colaboración na produción e na difusión, o diálogo e o debate verbo das mudanzas que se están dando

e para discutir criterios e propostas para a reciclaxe e a formación. Por maior abastanza, nestes mesmos países o rendemento económico insírese na dinámica da soberanía cultural que abandeira a política europea do Audiovisual e mais o principio de cidadanía como orientador das liñas mestras da sociedade da información.

Ambos os dous proxectos, co apoio da CE-DX XXII, pretendían ter seguimento na proposta presentada, dende a University of Wales-Bangor, á CE-DX X, con vistas a enxergar un sistema interactivo que conecte as empresas audiovisuais e multimedia que se localizan nos países de cinco emisores en linguas nacionais -Breitaña, Cataluña, Galicia, Ireland, Wales- como base para unha futura integración sectorial trans-rexional, para a creación de valor e para o impulso e consolidación de sistemas de posta ó día e de aprendizaxe, amais da integración de arquivos, entre outras aplicacións. Contémplase, en suma, o efecto *clustering* no interior dun mercado global de rápidas mudanzas e de altísima competitividade para contribuír a crear condicións favorables ó desenvolvemento do intercambio, a coproducción e a difusión a partir das infraestructuras de mantemento da industria da comunicación.

Tal como apuntamos no Informe para o CCG, e porque a súa importancia é cardinal, as mudanzas cualitativas do sector audiovisual en Galicia derívanse, no derradeiro período, de actuacións no ámbito regulamentario. Así, á par da LAG, que se converte en marco xeral para o necesario desenvolvemento normativo amais de establecer, por primeira vez, o Rexistro de empresas, a creación do Consello Superior das Telecomunicacións e do Audiovisual, as relacións entre sociedade galega/medios acolleron carta de natureza no Informe do Valedor do Pobo de 1997, síntoma do interese da práctica da comunicación como actor de dominio público. As mudanzas derívanse, tamén, da incorporación da política identitaria ós plans da TVG e a súa materialización en programas de apoio á produción e difusión en galego e a consciencia dunha eiva profunda no campo da comercialización do que a

ausencia de Catálogos tipificados, ata o primeiro elaborado polo Observatorio do Audiovisual, era o máis inequívoco sinal.

Nós recomendamos, e continuamos a recomendar, o desenvolvemento dunha Lei de política lingüística para os medios e para a industria cultural -fundamentalmente a do cinema-, e o debate público sobre os criterios da política de protección do sector, que non poderá seguir nos termos de dependencia da Administración, con subvencións -de feito- a produtoras en lugar de a proxectos ou a productos, cunha filtraxe directa dende os despachos. A profesionalización deste, onde ten moito que ver a formación universitaria homologa a das outras nacións do Estado -por exemplo a posta en marcha da licenciatura de Comunicación Audiovisual, estancada por cruzamento de intereses no seo do Partido Popular-, fai que non poidamos evitar o espazo político, a dialéctica entre visións do mundo e formas de exercicio do Poder, como aquel no que se dirime a existencia material, é dicir, social, do que aínda denominamos audiovisual galego. Sen o que o noso imaxinario irase encrequenando xunto coa posibilidade de viaxe no tempo, no espazo e no coñecemento.

No comezo deste outono eu remataba un pequeno artigo sobre os 15 anos da televisión. E como, abofé, poderá tardar en saír publicado recollo para vostedes algúns aspectos da parte final, que se refire á patrimonialización da televisión: É cedo aínda para constatar se certos indicios como o equilibrio orzamentario, a preocupación pola produción cinematográfica en galego, a configuración de circuitos e a chegada da información ó primeiro lugar do *ranking* de programas (1998) ou o interese pola pescuda confirman a entrada da TVG no ideario da televisión de servizo público e cómpre agardar o xeito en que se aplique e se desenvolva o dixital terrestre e a posibilidade dunha segunda canle, acordos transnacionais para a presenza en áreas lingüísticas e culturais como a do galego-portugués e a Europa do Arco atlántico, o debate público da política de relacións -e non só de axuda- coas sociedades privadas do sector audiovisual e a homologación de estruturas e funcións dos orga-

nismos actuais de dominante administrativa ou partidaria chamados de "control" -Consellos de Administración, Consello Superior das Telecomunicacións e do Audiovisual, etc.- coas Autoridades independentes que se desenvolveron nos países da UE a carón do sistema público de televisión. Máxime nunha nación, Galicia, que continúa un longo e ás veces arbitrario proceso de normalización.

A cuestión que me xorde, e da que gustaría debater con vostedes, e se o "inimigo" é moito máis ca nós -digamos que o neo-españolismo, a lóxica das corporacións e o seu *lobbying* na UE... "Isué"- ou se o que falla terá que ver coa nosa indefinición de nós. Agora non tanto na letra coma no son. Para irmos cara ó ámbito que nos convoca: hai normas a favor, existen circuítos virtuais, danse subvencións adrede... ¿u-lo resultado en termos de contemporaneidade e de identidade nacional? Ningún dos nosos ou doutros "grandes relatos", ningunha das nosas personaxes-paradigmáticas, dígase Rosalía, chámese Castelao, foi abordada máis ca por un exilio xa minguido -refírome á película inmensa de Jorge Prelorán sobre o segundo-, ningún argumento ten que ver co que anda a desenvolver o cinema europeo de autor, a alteridade, a crise da persoa, a tecnoutopía como "modernización", a dor social -*Rosetta* ou *A rapaza da fábrica de fósforos*-. Estraños á memoria, contrarios á lingua, usando o espacio como pretexto para a subvención, nada máis lonxe do discurso actual sobre os produtos identitarios como constructores da práctica do dereito á expresión, que é a parte máis visible, aínda que felizmente non a única, dese sector. Por iso, eu que estou afeita ós exilios, ollo para o audiovisual e para a súa responsable institucional como para ese Ulysses agardado da noite para a mañá e retomo un dos poemas emblemáticos -se é que algún non o é- de Rosalía de Castro, unha dos cen autores escolleitos pola UNESCO para representar a literatura do Planeta dende Galicia, dende o galego, dende a construción material da cultura como intervención social, porque desde que hai pouco sentín comentar "Tecín soia a miña tea", unha das súas cuartetos anda a me roldar polo maxín:

Nin n'a fonte nin n'o prado
 Así morra c'o á carráx
 El non ha de virm'á erguer,
 El xa non me pousará.

Absortas sempre pola dualidade semántica en Rosalía, títulos o comentario da profesora Dolores Vilavedra sobre os usos feitos por Rosalía a propósito de "erguer" e de "pousar", como transitivo, compartido co castelán no significado da muller erguida ou pousada tras ou para o encontro sexual, ou como intransitivo, axudar a carga ou descargar algo da cabeza. Aínda xogando coa dualidade, o uso sería o segundo, a consciencia da solicitude, de que é ela a que ten que actuar, a partir do verso "o meu homiño perdeuse/ninguén sabe en onde vai...".

Canda ela fomos cidadáns sen papeis, no tempo dos estados-nación. Pola contra e tamén canda ela fomos, en "acto", cidadáns. Fómolo nun proceso en que o desexo non é diferente da construción da identidade nacional e no que esta, arestora e daquela, pasa pola produción e pola circulación de bens do imaxinario, de contidos, de cousos culturais.

Canda Xohana Torres, a Penélope con vocación viaxeira, e no tempo das redes e doutras habitacións virtuais, non podemos esquecer a emoción do outro, das alternativas, ou da confrontación:

¿A que tanto novelo e tanta historia?
 EU TAMÉN NAVEGAR.

Post scriptum.- No texto hai unha referencia corsaria ó disco "Isué" de Mercedes Peón polos seus vínculos coa transmisión oral de nós, cidadáns sen papeis. Os versos citados tireinos do poema "Penépole" (Xohana Torres, *Tempo de Ría*) tal e como mos trouxo á memoria a comunicación da Vilavedra, con quen compartín mesa nos "Encontros rosalianos" que se celebraron na Facultade de Filoloxía de Santiago o 3 de maio de 2000, "Apuntes para unha relectura de "Tecín soía a miña tea". Tamén, e anque nos meus traballos non me ocupe da política informativa da TVG ou do seguimento das convencións profesionais na elaboración da información, que sería responsabilidade de organismos de control coma

o Consello de Administración, ou na creación de autoridades independentes para o audiovisual a necesidade das cales vimos argumentando e recomendando nas conclusións dos proxectos de investigación realizados ó abeiro da Comisión Europea-DX XXII e enviados, no seu día, tanto ós diferentes grupos parlamentarios como ós seus representantes no devandito Consello de Administración. Mentres preparabamos esta edición un elevado número de profesionais da TVG fixo público un manifesto que, entre outros extremos, reclama o nomeamento do director xeral por parte do Parlamento de Galicia, por maioría cualificada dos dous tercios.

O SÉCULO XXI: CULTURA MEDIÁTICA E COMUNICATIVA

Tapio Varis

Universidade de Tampere

Unha cuestión simple pero fundamental moi difícil de responder é ¿que constitúe realmente a cultura comunicativa?

Para contestar a esta pregunta moitos especialistas céntranse na natureza da tecnoloxía mediática así como nas técnicas, códigos, modelos, formatos, lóxicas e discursos usados para transmitir comunicación. A mirada común sobre a paisaxe mediática posmoderna usa estratexias de comunicación non discursivas e figurativas que poñen de relevo o visual sobre o verbal e o emocional sobre o racional. As comunicacións dise que son afectivas¹.

Pero tamén podemos ver as comunicacións dende unha perspectiva diferente.

Comunicación é compartir. Nalgúns casos, cando queremos estar próximos a outros, compartir a presenza coa tecnoloxía moderna, tamén telepresencia, sentindo que estamos realmente presentes nun lugar fisicamente distante ou, polo menos, salvando distancias no espacio e no tempo. O teléfono é un bo exemplo de como estar presente dende a distancia.

O rápido desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación, especialmente, en sistemas e aplicacións de informática e telecomunicacións está creando profundos cambios políticos e culturais. Polo menos dúas cuestións parecen dominar o futuro inmediato das comunicacións internacionais. Primeiro, o aumento exponencial da cantidade de información e comunicación como consecuencia da dixitalización e as infraestructuras fotónicas na emerxencia da Sociedade da Información, e segundo, o rápido crecemento das telecomunicacións e integración de todos os

1. Harms, John B. e David R. Dickens: "Postmodern Medis Studies: Analysis or Sympton?". *Critical Studies in Mass Communication* n.º 13, 1996.

medios. A rede de medios, como Internet, está abrindo unha nova canle de todo tipo de distribución de información e fai posible o diálogo comunicativo empregando case todos os nosos sentidos².

Este proceso de globalización é promovido pola tecnoloxía, que converte as respostas simplificadas en problemas sociais, culturais e relixiosos máis complicados. A tecnoloxía, o diñeiro e os mercados son globais, pero a cultura, os valores e os estilos de vida non o son. É difícil compartir a mentalidade e a atmosfera xeral a través de medios técnicos que están fóra do espacio concreto onde ocorren as cousas.

Consecuentemente, un dos maiores retos do futuro próximo será manter a diversidade cultural en todas as súas formas, incluíndo as linguas. A cultura é, por suposto, un cambiante e interactivo proceso relacionado cos valores humanos. Eses valores son difíciles de predicir e non poden ser creados dende arriba sen o respecto ás culturas locais.

Europa é unha das maiores áreas comerciais de intereses nos mercados audiovisuais mundiais. A industria filmográfica americana inviste masivamente en distribución e produción en Europa. Segundo *Le Monde Diplomatique*, as xigantes compañías americanas Time-Warner-Turner, Diusen-ABC e Westinghouse-CBS están cada vez máis presentes en Europa. Sobre todo a través de compañías de cable locais. O intercambio de imaxes visuais entre Europa e América está incrementándose a favor dos americanos. En 1988 a cifra foi de 2,1 billóns de dólares a favor dos produtos americanos e en 1995 foi de 6,3 billóns de dólares. Non hai cifras actualmente dispoñibles do éxito de Microsoft-NBC en Europa. O culto a Internet do s. XXI só engade homoxeneidade cultural³.

O que está claro é que a incerteza no mundo moderno aumentou. Os novos sistemas de información e comunicación son

2. Varis, Tapio: *Os medios na era do coñecemento*. Edicións Lea, Santiago de Compostela 1998.

3. *Le Monde Diplomatique*, 2. 2. 1997 e *Le Monde Diplomatique*, 21. 10. 2000.

habitualmente máis complexos que os vellos. Se o proceso de comunicación é mellor entendido por xeralistas que o coñecemento fragmentario temos que ser coidados aceptando estudos deses campos de investigación onde existe unha extrema especialización.

A natureza do coñecemento xa non é tan certa e absoluta como no mundo visto por Galileo e Newton, senón que é cada vez máis transdisciplinar e contextual. Diferentes disciplinas están a favor do uso da teoría do caos máis que antes. A complexidade e a impredecibilidade caracterizan os esforzos dos expertos para coñecer e comprender as cousas. A teoría do caos, en esencia, implica que regras moi simples e dinámicas poden converterse nun comportamento complexo, sorprendente e esencialmente impredecible como a xeometría, turbulencias, ou o tempo.

Planificar unha máquina, mesmo un ordenador, deseñalo e construílo require intelixencia, pero son procesos bastante diferentes os que crean realidade social, comunicación entre humanos e definen identidades. A xente ten a súa memoria individual e colectiva, a súa historia e o pasado, que define de onde proveñen e de que modo se achegan a existir ou ó futuro. É este concepto de "identidade cultural" (ou identidade colectiva) o que está gañando territorio no debate mediático europeo actual entre medios globais e diferentes identidades culturais, étnicas e nacionais. O concepto de identidade nacional foi tamén criticado por non estar claro e prever a apertura necesaria para a globalización positiva⁴.

A Unión Europea é coñecedora do baixo nivel de "Euro-conciencia", "Euro-identidade" ou "Europeísmo". Vén demasiado definido dende arriba como para crear posibilidades de que a xente constrúa por si mesma un concepto de "Europeísmo", se é que isto ten algún significado para eles. Os fracasos dos esforzos para crear

4. Schlesinger, Philip: "Cultural politics, media and collective identities in Europe". *Journal of Communication. Wishful Thinking*, primavera 1993, vol. 43, n.º 2. Para outras achegas ver: Mario Vargas Llosa: "Las culturas y la globalización". *El Nacional* (Venezuela), 16. 4. 2000.

unha conciencia colectiva dende arriba ou forzar un "internacionalismo oficial" están destinados a fracasar. Algúns exemplos son o intento americano para crear un mundo libre coa introducción da televisión internacional nos 60 ou os esforzos rusos para crear un imperio ruso imponendo o ruso e a súa cultura a outra xente no imperio a mediados do s. XIX.

Esta atención crecente cara ó Euro-centrismo e os problemas da "Euro-identidade" provocou de feito que os asiáticos empezasen a definir o "Asianismo" e os rusos o "Rusismo" en relación co "Europeísmo". Europa enfróntase tamén co problema de definir unha política de boas relacións cos Estados Unidos, Marrocos, Turquía e Rusia.

A cultura, entre outras moitas cousas, significa posesión. Esta posesión dános unha identidade que define ós seres humanos e dálles significado ós seus signos e mensaxes. A globalidade ostensible que os medios modernos levan á conciencia da xente tamén os prové de sentimentos de falta de poder fronte a un mundo que está máis en caos que en ningunha orde.

Hai unha diferenza no modo en que un artista e un científico ven o mundo. Os métodos e o rol dos sentidos deben ser diferentes. Pero a natureza do coñecemento humano estase volviendo máis problemática. As cousas son cada vez máis complexas e máis alá do poder explicativo das disciplinas tradicionais.

A arte ten que ver co mundo sensual, as metáforas, a intuición e o concepto holístico do ser humano. Axuda á xente a comunicarse con outra xente, a compartir identidades, sentimentos e coñecemento.

O rápido crecemento da poboación, o movemento de xente e a urbanización fan que un alto número de persoas non teña raíces, historia, sinta que non pertence a nada. No noso tempo de cambio rápido e inestabilidade social que segue á modernización económica e ás aplicacións da tecnoloxía da información e da comunicación están separando xente de identidades culturais e locais distantes. Aproximadamente a metade da poboación do

mundo vivirá en áreas urbanas crecentes e sórdidas no ano 2025. Unha completa migración de xente é posible⁵.

A maior parte da arte en Finlandia ten as súas raíces na paz interna e a harmonía da xente fina, a súa memoria colectiva da cultura do Finno-Ugric, institucións como a "Sauna" e novas formas de telecomunicarse entre a xente están tremendamente separadas polos bosques, lagos e a distancia interior entre eles⁶.

Os vellos debuxos de rock da xente Finno-Ugric poden atoparse nas costas do leste do Vienanmeri e Äänisjärvi na Karelia rusa. Foron creados hai cinco ou seis mil anos. Un artista e investigador estoniano atopou trazos comúns nas pinturas de rock: un pode encontrar o esforzo dos creadores para contar historias nas composicións multilingües do rock. O pensamento básico é cosmogónico en relación coa creación do mundo e a existencia⁷.

O presidente de Estonia, D. Lennart Meri, explicou unha vez que cando o mundo foi creado tiveron tempo tanto para Siberia como para os campos de concentración como para a natureza pura. Para aprender e comprender a cultura os estonianos volveron ás orixes da súa e atoparon pescadores e cazadores en ríos rápidos que levaban un estilo de vida tradicional, pobre de materia pero rico de espírito⁸.

Ancorada na mente da xente está unha memoria colectiva de algo no pasado que lle dá significado á vida. As correntes dominantes do pensamento conducen cara a unha amnesia colectiva. Pero mesmo o silencio fala. A identidade cultural existe no tempo: e o tempo remítenos ó pasado e algunhas veces convértese en

5. Gray, Carole e Pirie, Ian: "Artistic Research Procedure: Research at the Edge of Chaos?" Relatorio presentado en *Design Interfaces Conference*, University of Salford, April 1995.

6. Varis, Tapio: "Communication et identité". En Juhani Palmu: *Las sinfonías Íntimas*. Helsinki, 1997.

7. Kalju Pollu: "Onko Karjalan kalliopiirroksissa tähtikartta?". *Horisont* n.º 8, 1990.

8. Viron Tasavallan Presidentin tervevehdys Savitaipaleen suomalais-ugrilaiselle kulttuuriseminaarille 20-22. 6. 1993.

dominante. A memoria colectiva leva consigo elementos de beleza, bondade e destrucción.

Un filósofo americano contemporáneo, John Dewey, dixo no 1926 que, entre todas as cousas, a comunicación é a máis marabillosa. Estamos *telepresentes* cos demais, no ciberespacio, e podemos experimentar praceres simultáneos. A telecomunicación conéctanos e axúdanos a comprender as nosas diferencias pero non a superalas. Algunhas respostas ó misterio da vida residen na diversidade das culturas.

Hoxe en día un dos nosos maiores problemas é como comunicarse. ¿Somos aínda capaces de compartir cousas co resto, de compartir comunión cos demais e mundo divino, de desenvolver harmonía interior e paz?

O problema das capacidades mediáticas e a competencia da comunicación foron creadas nos cambios tecnolóxicos do último século e tiveron como consecuencia que as seguintes xeracións non estarán seguras de en que tipo de mundo viven. A era do modernismo non só cambiou o ambiente senón que tamén o modo no que a xente percibe e constrúe a realidade. A emerxencia da fotografía e, posteriormente, do filme constituíu unha innovación radical no mundo mediático. Para entendela non só é necesario ter visións tradicionais do que é a pintura ou do rol da pintura na cultura en xeral. Desenvolvemos extensións mecánicas ou electrónicas de todo o que ten que ver cos nosos corpos.

A investigación contemporánea mediática mantén tamén que os medios dominantes poñen a énfase nalgúns dos nosos sentidos máis ca outros e que tamén teñen impacto na estrutura do proceso de pensamento. Walter Ong escribiu sobre a "segunda oralidade" como consecuencia da emerxencia da radio. Dixo que utilizar o termo "medio" é útil para referirse a medios tecnolóxicos como escritura, impresión ou medios electrónicos e de comunicación, pero tamén pode ser enganoso se nos leva a pensar que o uso destes medios é só transmisión de información. De feito, todos os

medios fan moito máis, permiten procesos de pensamento inconcibibles anteriormente.

A cultura mediática dominante é agora audiovisual na natureza. O ambiente mediático incrementa oral e visualmente, composto por imaxes audiovisuais. Ademais, hai unha velocidade acelerada de abundancia, ruído e estímulo de información ós que é difícil darlles significado. Paralelamente ó crecemento cuantitativo hai un proceso cualitativo tamén.

Regis Debray fala de medioloxía; de diferentes eras de logosfera, grafosfera e videosfera. Durante a primeira esfera de medios orais a verdade foi teolóxica co núcleo na antiga Grecia. Entón, durante o renacemento e o nacemento da imprenta, a verdade volveuse ascética e o centro cambiou a Roma. Agora, coa cultura audiovisual mediática, o verdadeiro centro económico é Nova York⁹.

Podemos ter só unha lixeira idea da profundidade e das consecuencias cualitativas do ambiente dos novos medios para deseñar e coñecer. Por exemplo, o cambio dun medio pasivo bidimensional a un interactivo tridimensional pode ser tan dramático como o cambio das fotos estáticas ás fotos en movemento.

Quizais un artista é a persoa menos prexudicada fronte a estes cambios porque ninguén lle determina anticipadamente as condicións de uso das novas tecnoloxías. A súa imaxinación e utilización está só limitada por realidades económicas e propios prexuízos, costumes e ignorancia¹⁰.

A era contemporánea da comunicación é moi contradictoria. A comunicación pode converterse en vítima da comunicación excesiva. Esta comunicación excesiva resultou na implosión dos sentidos, a perda do real e o dominio do irreal. As palabras xa non

9. Régis Debray: "The Three Ages of Looking". *Critical Inquiry*, n.º 21, primavera 1995. Biocca, Frank e Levy, Mark: *Communication in the Age of Virtual Reality*. Hillside, New Jersey, 1995.

10. Armand Mattelart e Michele Mattelart: *Historia de las teorías de la comunicación*. Paidós, 1997.

significan nada, as imaxes perden o seu atractivo visual. O mundo é cada vez máis complexo, caótico, sen historia, realidades e mentiras. O mundo da comunicación está cheo de identidades locais, étnicas, sexuais e relixiosas¹¹. ¿Como construímos o seu significado?

É neste mundo onde tratamos de comunicarnos e atopar as nosas identidades. Permanece como un misterio ó que un artista pode aproximarse no seu significado.

Os esforzos de crear unha conciencia pan-europea están combinados con esforzos para mellorar as capacidades da sociedade da información para todos. A estratexia básica, como a que se seguiu en Finlandia, implica tres dimensións: coñecementos básicos no colexio, coñecementos a distancia e novos coñecementos vocacionais. A filosofía está baseada na asunción de que esta característica da sociedade de información é a que fai dispoñible a información a través de diferentes medios. Está a punto de emerxer unha nova cultura mediática na que a xente necesita, ademais das tradicionais habilidades de ler e escribir, un novo tipo de habilidade "alfabetización cultural", habilidade de comunicar, manexar, comprender e interpretar a información. É o tema da educación xeral proporcionarlle a cada alumno a versatilidade básica de coñecementos en adquirir, manexar e comunicar información que son necesarios na sociedade da información e esenciais para ter éxito en niveis de estudio sucesivos.

Ó principio de 1996, o ministro de Educación finés publicou un informe redactado polo Comité de alfabetización cultural e mediática. Salientaba a importancia das novas capacidades civís e profesionais e a competencia no uso dos medios e redes. O informe entre outras cousas sinalaba que o campo dos medios está integrando e converténdose en interactivo mentres que o audiovisual se converte nun tema principal. Este cambio cultural require unha reforma da alfabetización tradicional nos medios ou, en termos máis amplos, da alfabetización cultural, onde é de central impor-

11. Parlamento Europeo: *L'éducation aux medias*. Xoves, 23-3-2000.

tancia entender como son creados as imaxes e o significado. Agora no ano 2000 hai un vivo debate en Finlandia sobre o que é realmente a alfabetización mediática ou competencia mediática.

Presenteille a miña propia visión da competencia mediática ó Parlamento Europeo o 23 de marzo de 2000. Dende o meu punto de vista, a competencia mediática debería ser comparada cunha competencia social máis intensa. Pero a competencia mediática é sobre todo unha competencia para definir o problema, a habilidade de se comunicar competentemente en todos os medios -vellos e novos- así como de acceder, analizar e avaliar a información en forma de imaxes, palabras ou sons¹². James Potter define a alfabetización mediática como un contínuum de necesidades que precisan ser desenvolvidas. É multidimensional ó incluír dimensións de tipo cognitivo, emocional, estético e moral.

Desde o meu punto de vista enfrontámonos a tres tipos de problemas. Primeiro temos que tratar de entender o que é o proceso de aprender a alfabetizarse e o que a competencia comunicacional e capacidades mediáticas significan na sociedade da información. En segundo lugar, temos que analizar o incremento da neo-analfabetización. En terceiro lugar, teremos que discutir que tipo de capacidades teríamos que darlles ós cidadáns agora, comparándoos coas capacidades temperás de ler e escribir.

De acordo coa investigación, as capacidades de alfabetización son de importancia central para o desenvolvemento psicolóxico e intelectual dos seres humanos. A lectura tradicional de textos e historias a rapaces novos parece ser fundamental para o seu posterior desenvolvemento. Consecuentemente, a alfabetización tradicional pode ser vista como unha condición para converterse en alfabetizado mediático.

O que resulta menos coñecido é como os marcos culturais filtran o seu proceso de lectura de signos e mensaxes visuais e auditivas.

12. Potter, James: *Media Literacy*. Sage Publication, 1998.

Ver, por exemplo, é moi selectivo e o poder da cultura visual dominante está amplamente baseado no poder audiovisual das imaxes.

Na comunicación intercultural mundial median necesariamente diferentes valores e comportamentos culturais. Grandes civilizacións e culturas teñen patróns de comportamento e usan significados diferentes de modos distintos. Consecuentemente, se unha verdadeira sociedade da información ha de ser creada, cómpre prestarlles máis atención á diversidade cultural e á coexistencia de diferentes civilizacións e culturas.

MESTIZAXE, EXCLUSIÓN E INTERNET

Xenaro García Suárez

Universidade de Vigo

O poder é inseparable da riqueza e a
riqueza é inseparable da velocidade.

Paul Virilio

Volverano intentar, e se teñen sorte
encontrarán un traballo clandestino,
senón vostede e mais eu comeremos os
peixes que se alimentaron deles.

*Funcionario anónimo
da embaixada de Marrocos*

INTRODUCCIÓN

Aínda que o termo xa comeza a cansar, queirámolo ou non, vivimos na era da globalización, nun mundo no que os lindeiros entre o *real* e o *virtual* acadan matices cada vez máis difusos, con percorridos en ambos os sentidos que alternan prelacións; ora é a virtualidade a que se mostra materialmente rotunda, ora é a realidade máis tanxible a que se coa pola Rede e pode ser recollida nun CD en calquera parte do planeta ou, potencialmente, do Universo. Desta xeira, a análise do mundo, e dos proxectos asumidos para facelo máis habitable, non pode ficar á marxe dun proceso totalizador do que sería iluso tentar fuxir, esteamos en Galicia, na Patagonia, en Kuala Lumpur ou en Finlandia.

A interacción que posibilita o uso das novas tecnoloxías ademais de facilitar a cómoda e rápida comunicación para todo propósito tamén crea novas formas de fraude e novos modos de establecer identidades, e malia as novas liberdades de interactuación e de conexión, non xerarquizadas, as vellas institucións e os

estereotipos reproducense en ocasións de forma esaxerada, pregados exclusivamente ás necesidades do que Edwar Lutwtwak deu en bautizar como *turbocapitalismo*. Neste contexto, favorable a que se cumpran os designios dos poderes económicos cada vez máis concentrados, vese o control social como necesario para as comunicacións pola rede, pero as formas utilizadas aínda están a evolucionar sen saber en que sentido se decantarán nos anos vindeiros. O certo é que Internet xa se utilizou como unha ferramenta de grande efectividade á hora de canalizar protestas sociais, quedando patente daquela que moitas das facetas que fan efectiva a rede para a coordinación e a comunicación tamén alentan as arelas de espallar as voces disidentes e de denunciar a información nesgada.

A visión utópica e a catastrofista coexisten entre os teóricos do que Internet representará no futuro. Aqueles que só ven os efectos positivos tenden a magnificalos, agardando da rede a solución de todos os problemas educativos e de desenvolvemento, ademais de confiar en que cree oportunidades de emprego, facilite a participación política, os contactos sociais, a culturización e o entretemento no sentido máis amplo. As fronteiras esváense, o WWW vaise identificando co imaxinario-social-virtual aumentando así o poder dos EE.UU. no mundo; colaboran niso os grandes investimentos feitos en relacións públicas, publicidade e retórica mercantil-economicista. Mentres, os máis críticos fan fincapé no individuo cada vez máis atrapado nunha *arañeira* que ofrece ó poder económico unhas posibilidades máis amplas de vixilancia e control social; en definitiva, novas formas de alienación e dominio.

Tamén Internet é un lugar estratéxico para estudar os procesos sociais máis importantes que se están a dar na actualidade. Pódese utilizar, cun potencial ata agora descoñecido, para pescudar cambios organizativos e todo tipo de actuacións que son produto de múltiples interaccións dirixidas a mudar a economía e a sociedade ou, mellor dito, que pode producir efectos imprevisibles sobre unha sociedade absolutamente sometida ó remuíño da economía da optimización de beneficios sen reparar en danos colaterais.

Quizais o efecto máis fondo de Internet é a alteración dos camiños que utiliza a xente para se comunicar, pero isto non quita que as xerarquías e as desigualdades se reproduzan, e mesmo se amplíen, coa utilización masiva da rede. Cámbiase a dinámica da identidade cultural, fíxanse novos estereotipos lingüísticos e novos referentes identitarios de xeito que as crenzas, usos idiomáticos e actitudes duns poucos individuos poden desta xeira levar a facer xeneralizacións e a asumir pautas de comportamento cunha efectividade ata hoxe inexistente. E entón, xorde unha primeira pregunta: ¿en que sentido o *ciberspacio* potencia ou debilita os métodos de orde, control e cambio social que xa existían nas sociedades humanas?

AS NOVAS TECNOLOXÍAS, A INFORMACIÓN E O MERCADO

Á hora de clasificar os diversos tipos de materiais que navegan pola rede ocórrense en principio tres grandes categorías. A primeira estaría formada por aqueles que se pechan sobre as propias novas tecnoloxías, que poden ir desde as ferramentas para mellor *navegar* ata todo tipo de *software* para recrearse coa máxima destreza no propio contorno. A segunda comprendería todos aqueles que teñen a súa correlación no mundo pre-virtual, desde a posibilidade de todo tipo de compras, incluído o sexo virtual interactivo, ata a comunicación instantánea mediante charlas (*chats*): é dicir, se merco un libro en *Amazon* ou en *Blackwell*, por moito que eu me entenda cunha pantalla, ó cabo dun tempo recibo un paquete co pedido, o que significa que alguén nalgún lugar tivo que buscar -aínda que a busca fose robotizada- un libro nuns andeis, alguén tivo que empaketalo e alguén encargarse do transporte; actividades todas elas do mundo *pre-virtual*. O mesmo acontece co sexo interactivo e coas conversas en tempo real. Requírese en todo caso unha localización espacio-temporal, coa única particularidade de que o espacio, que no caso da compra tiña que ser percorrido *a posteriori* polos bens adquiridos -no caso dos libros e dos discos xa hai tecnoloxía abondo para que a cousa poida mudar en breve-, se

contrae ou se dilata sen que a actividade en si necesite de reinterpretacións *a posteriori* no mundo convencional, o que non quere dicir que non se dea nalgún caso. Na terceira parte podemos contemplar a concorrencia da prensa, radio e TV convencionais, axencias de noticias, así como todo tipo de informacións, tanto institucionais no senso máis amplo -governos, partidos, sindicatos...- como a de todos os críticos co sistema os que nos medios clásicos se lles dosifica ou mesmo se lles nega a voz mesmo aínda que sexa para reivindicar a evidencia. Así, poñamos por caso, se quero informarme na rede sobre globalización, desigualdade e exclusión, tanto podo acceder ós documentos e libros politicamente correctos da *London School of Economics*, do Banco Mundial ou do foro de Luxemburgo (LIS) -e, por exemplo, ás publicacións de Sen, Ramonet, Giddens ou Castells-, como ó criticismo radical de Zerzan ou Theodore Kaczynski (*Unabomber*) -desta xeira, no seu *Manifesto* desposuído da marca terrorista móstrase como un asinado teórico, analizando con fondura a actual sociedade capitalista-, ou mesmo ós documentos da brasileira *Assembleia Orçamental Participativa*. Cómpre dicir que non existen lindeiros claros que delimiten as tres anteriores categorías e é quizais unha característica do medio o enleio transdisciplinar, mais polo de agora a antedita clasificación pode ser clarificadora para certo tipo de análises.

As relacións entre mundo real e virtual, de todas as maneiras, son moito máis entrambilicadas do que en principio poidamos supor. Como acontece hoxe coa televisión, pronto será o día no que a información que non estea na rede non exista. Fálase de que a medio prazo a maioría dos xornais deixarán de publicarse en papel e a única e mediatizada información dispoñible será a das súas edicións dixitais e -¡menos mal!- a que calquera francotirador que saiba deseñar páxinas web teña a ben espallar. Entrementres, danse fenómenos de difícil catalogación que responden a unha dinámica social máis propia dun proto-capitalismo que á da tan cacarexada *sociedade aberta* en tempos de globalización. A título de exemplo, o día 29 de xullo do 2000 faise público -cando menos

inténtase- un manifesto no que 300 persoas -entre elas escritores, artistas plásticos e outros intelectuais absolutamente lexitimados pola cultura normalizada- critican ó presidente da Xunta, Fraga Iribarne, lembrándolle o seu pasado represor e as súas declaracións sacándolle importancia ó caso Pinochet nunha viaxe institucional, ademais de apoiar, coa autoría dun epílogo, un libelo no que se minimiza o holocausto nazi, e dar unha xenuína e estrafalaria visión acerca da violencia nas parellas non vinculadas matrimonialmente. Como era de supoñer, a prensa, escasa ou nulamente se fixo eco do asunto, pero o caso de *La Voz de Galicia* é digno de salientar. Mentres que na versión dixital lle dá ó asunto un tratamento exhaustivo, na edición en papel nin o menta. ¿Cal é a versión real? Tal vez as subvencións institucionais expliquen todo, e pódese pensar que a censura entrará na edición dixital cando a maioría da poboación acceda a esta, e cando se teñan que conxugar tamén nese formato declaracións formais de independencia informativa con rendemento de contas a quen outorga a subvención. Aínda así, chegado o caso, ocorrémeme que hai diferencias substanciais entre a información convencional e a da rede, xa que nas plataformas dixitais a prensa de acceso non venal terá que competir con todo tipo de información libre de controis ideolóxicos e comerciais, e é tal vez neste contexto no que mellor se pode interpretar a insistente falacia da demanda de instrución dos nosos nenos nas novas tecnoloxías -identificadas xeralmente con Internet-. ¿Ensinar as destrezas para buscar na rede ficando no puro envoltorio? ¿Que máis ten saber buscar se non se ten unha mínima bagaxe cultural, no sentido máis convencional, para facer pescudas intelixentes, que permitan contrastar informacións para alén dos inescrutables camiños marcados polos cada vez máis concentrados poderes? ¿Que tipo de pensamento creativo -e xa que logo relacional- se pode dar se non existe unha base de coñecemento que cada quen irá alimentando a base de arduo esforzo e procesos de memorización que excedan o dirixismo de banais percorridos iconográficos?

Quizais sexa pretensioso en demasía tratar de pór orde en todo o que atinxe ó revolto mundo de Internet, mais como fenómeno emerxente apréciase un nivel significativo de cooperación que contrasta co carácter formalmente individualista que caracteriza ó traballador -ou ó usuario en xeral- sentado diante dunha pantalla. O que non exista unha autoridade central e a dificultade de facer efectivas sancións físicas ou morais posibilita múltiples estratexias e non todas elas destructivas. O concepto clásico de mercadoría como ben escaso, do que se agarda un beneficio máis ou menos inmediato, dá lugar ás "mercadorías virtuais" que aparecen como agasallos en foros de discusión na rede e veñen a solucionar problemas, *desinteresadamente*, a usuarios e profesionais dos máis diversos campos. Quen dá a axuda é un perfecto descoñecido, ó que nunca viu nin verá na vida o beneficiario, que non obtén deste último ningunha recompensa económica. O *ciberespacio* ofrece daquela bens públicos dos que quen os produciu non tira ningún partido inmediato e poden ser usados, *indefinidamente*, sen que ningún potencial usuario quede excluído *a priori*.

Sería interesante interrogarse sobre a causa que leva a determinados individuos a contribuír na provisión de bens públicos na rede, pero, aínda admitindo certas doses de protagonismo e fachenda, a propia perdurabilidade deste tipo de mercadorías no mundo virtual require dun comportamento solidario en tempos e espazos diversos para que as macro-contas se salden alén do constrinxido marco do mercado convencional. O máis curioso é que moitos dos bens públicos dixitais poden ser postos na rede por un só individuo, con custos insignificantes, sen importar que a motivación fose contribuír á propia reputación ou atentar contra determinados intereses comerciais. O caso é que ó final un grupo amplo de beneficiarios se identifica como usuario e vai pulindo as utilidades mediante contactos continuos ata obter beneficios óptimos. Para exemplificar este tipo de procederes compre traer a colación o caso de Linus Torvalds, estudante finés de informática, quen no ano 1991 partindo da pretensión de escribir un *Unix* para o seu

80386, encontrouse na rede cunha chea de desinteresados colaboradores no proxecto e rematou todo o traballo na creación, en 1994, dun novo sistema operativo, *Linux*, dispoñible libremente para todo aquel que o quixer, ademais de ser continuamente revisado e actualizado por múltiples usuarios.

De todas as maneiras, para que a colectividade tire partido deste tipo de actuacións teñen que se dar certas condicións estruturais. A cooperación na rede non é inevitable e non temos ningunha garantía de que vaia a máis, pero pase o que pase a introducción no mercado deste tipo de bens comeza a configurar tamén alternativas viables á utilización contundente das novas tecnoloxías ó servicio da concentración do capital trans-nacional, que fai moitas veces ós usuarios vítimas das súas estratexias de mercado no intento de gañar a batalla da estandarización.

LIBERDADE DE MERCADO AGÁS PARA A FORZA DE TRABALLO

O manido efecto bolboreta -"o seu movemento de ás na Amazonia pode provocar un furacán en Texas", respondeu o pai da meteoroloxía moderna, Lorenz, a un asinado inquiridor- gracias ás novas tecnoloxías ten a súa correlación na economía actual e calquera cunha formación económica básica pode entender os efectos que os apancamentos, xogadas especulativas arredor do dólar, e outras manobras poden provocar ó instante a moitos milleiros de quilómetros de onde se tomaron as decisións. Os capitais circulan polos satélites e a fibra óptica a velocidades de vertixe cunha liberdade total, pero cada vez se lles poñen máis atrancos ás persoas para podérense mover -sobre todo ós habitantes dos enclaves máis esquecidos e maltratados pola loucura mercantilista-, tanto para atravesar as escasas dez millas do Estreito como para saltar a fronteira que separa a marxinalidade, no corazón da metrópole, do status de cidadán de pleno dereito.

Todas son facilidades para consolidar o discurso monocorde e masivamente aceptado, e Internet vai axudando a crear os estereotipos necesarios para soste un reducto do mundo que pretende facerse forte e seguro fronte á invasión de famentos, maioritariamente, damnificados polas políticas dos países privilexiados, agudizadas hoxe pola tendencia altamente polarizante do repartimento da riqueza vinculado á fase actual do desenvolvemento capitalista. Agora non son xudeus que envelenan fontes, nin herexes de distinto pelexo; non. Agora son "xentes de costumes moi raros" e "ladróns de postos de traballo" que pretenden vir amarnos e destruír o estado de benestar. Nada mellor entón para que o imaxinario colectivo, convenientemente catalizado pola virtualidade imperante, declare que o principal problema son as mafias e non a sa e humana pretensión de querer asomarse a un mundo no que chove fartura e no que as expectativas de negocio instantáneo poden tomar corpo en calquera cidadán. Mañá, nun caldo de cultivo coma o noso no que o paro estrutural está estabilizado por riba do 15%, con empregos cada vez máis precarios para a maioría, a cor da pel como sospeitosa de delincuencia pode ceder o paso á obesidade, ó vicio de fumar ou a non ser seareiro do equipo local para ser merecente de linchamento moral ou mesmo físico. Todo dependerá das circunstancias.

O mundo da alta tecnoloxía e as comunicacións está a reconfigurar a estrutura da forza de traballo no mercado mundial. A forte automatización tecnolóxica despraza os traballadores dende a industria -e tamén desde a agricultura no caso no que o sector aínda teña certo peso-, dunha minoría xeralmente cualificada, cara ós servizos informáticos, no sentido máis amplo, e á maioría -tanto os procedentes do sector primario como os do secundario- cara ó paro ou cara a traballos nada cualificados e mal pagados. De todas as formas, a eliminación de postos de traballo atinxe en exclusiva, e poida que só momentaneamente, ós países máis desenvolvidos¹, e para iso cunha morea de excepcións, quedando fóra, en todo caso, Xapón, onde non prevalece tanto a eficiencia do mercado

como a preocupación por manter os postos de traballo, o que se reflicte tanto na protección ó pequeno (*mínimo*) comercio como, poñamos por caso, na non existencia de gasolineiras con autoservicio.

Evidentemente, o modelo globalizador de Internet, malia todas as apocalipses anunciadas, non é monolítico. Coexiste e compite co que na linguaxe marxista clásica chamariamos superestructura ideolóxica e cultural do capitalismo retardado, aínda en transo de mundialización, sen quedarlle máis remedio que lidar tamén cos problemas de emancipación e de clase, e con todas as prácticas políticas anti-sistema que, como xa anteriormente dixemos, tamén se coan pola rede cunha eficacia mobilizadora cada vez máis contundente. Non convén entón deixarse cegar por estereotipadas visións mecanicistas, xa que a estrutura do emprego depende máis das políticas neoliberais que o xestionan ca dos efectos da revolución tecnolóxica que, ben administrada, podería conducir a unha sociedade máis próspera e ecuánime. Os empresarios, ó optaren por elevar a rendibilidade reducindo gastos en salarios e cargas sociais, tratando de manter xornadas demasiado longas para o actual desenvolvemento dos medios de produción, introducen as novas tecnoloxías sen repararen se son absolutamente indispensables en determinado campo, e sen sopesar os efectos que terán no desprazamento da man de obra cara á precariedade e o paro. Encarnada esa dinámica nos países avanzados, con efectos de aba-

1. Convén chamar a atención sobre como a información non deixa de ser unha mercadoría que ten a súa equivalencia en unidades de "forza de traballo". Shapiro e Varian contan en *Information Rules* (Trad. española p. 23) que, debido ó feito de negárense as compañías telefónicas a cederlle as súas listaxes en soporte magnético á empresa Pro CD para elaborar guías telefónicas en CD -xa que o negocio das "páxinas amarelas" supúñalles 10.000 millóns de dólares-, a compañía dixital contratou a traballadores chineses para facer as transcricións nunha fábrica de Pequín pagándolle a cada traballador 3,5 dólares diarios. Os operarios teclearon -dúas veces para detectar erros- os setenta millóns de nomes de todas as listaxes telefónicas dos EE.UU. Pro CD fíxo copias que lle saían a un dólar e que se vendían a centos de dólares a principios dos anos noventa. Os comentarios sobran.

ratamento escandaloso da man de obra nos países en vías de desenvolvemento, créase unha espiral que incide na insolidariedade dos traballadores do primeiro mundo, que se ven ameazados por toda parte e non precisamente por seren vítimas da revolución tecnolóxica, senón por sufriren os efectos dunha crise de sobreproducción xerada polas políticas restrictivas tendentes a reducir o poder de compra da maioría tanto nos países desenvolvidos coma nos por desenvolver.

É neste contexto no que hai que interpretar o gran paradoxo: nun mundo no que bens e capitais se poden mover con total liberdade, a forza de traballo -e o contorno familiar asociado- vese sometida a todo tipo de restriccións que se intentan presentar como puras medidas técnicas reguladoras do mercado de traballo. E é aquí onde debemos antepoñer a solidariedade de especie, simplemente como unha cuestión evolutiva, ós constrinxidos enfoques economicistas. Aceptarse é aceptar ó resto da especie de igual a igual e, daquela, a primeira e única medida para racionalizar a inmigración será colaborar, de vez, en crear nos países pobres as condicións para que non se dean escorrentadas masivas na pescuda dun incerto futuro enfrontado na maioría dos casos a unha certa morte e, mentres iso non se faga -ou mesmo aínda que se faga-, aceptar fluxos de inmigrantes [coas familias] o suficientemente elevados como para normalizar as nosas pirámides demográficas, o que iría acompañado de políticas económicas realistas que garantisen o futuro do territorio [nación] e que puxesen freo á actual escandalosa exclusión.

NOS TEMPOS DE INTERNET MEDRA A EXCLUSIÓN E A DESIGUALDADE

Os múltiples usos do termo "exclusión" fan del un concepto o suficientemente ambiguo que podemos considerar na súa xéne-se vinculado á socioloxía clásica (Durkheim, Weber,...) e que comeza a empregarse na Francia do XIX, ligado ás ideas de Rousseau,

nun marco no que se pon a énfase na solidariedade do estado como vontade xeral da nación. A exclusión aparece así como ruptura do *contrato social* -cultural e moral- entre o individuo e a sociedade. No mundo anglosaxón, o concepto aparece vinculado á *exclusión* do mundo laboral -parados de longa duración- e á destrucción de vínculos sociais que se dan xeralmente a través do traballo, e que son cada vez máis febles debido á precariedade e ás baixas remuneracións. Hoxe podemos entender a exclusión como un fenómeno relacionado cunha sociedade determinada nun período histórico concreto que actúa sobre certos individuos ou grupos.

Amartya Sen -premio Nobel de economía 1998- considera que a privación relativa en termos de ingresos -por exemplo, a incapacidade de adquirir certos bens- chega a xerar unha privación absoluta en termos de capacidades. Xorde deste xeito unha exclusión que atinxe ás expectativas de futuro dos individuos que abranque todos os aspectos relacionados coa transmisión de status económico. Un parado que recibe axuda pode ser considerado excluído porque a posibilidade de retorno ó mercado de traballo é escasa, aínda que desde outro punto de vista non se pode considerar estritamente excluído xa que recibe uns ingresos mínimos e ten garantida a asistencia médica por parte do estado. Fronte a el hai outros individuos, como poden ser os *sen-fogar*, que son máis fondamente excluídos ó non ser acredores de ningún tipo de axuda, por non figuraren rexistrados para o efecto en ningún servizo social.

No que atinxe á xustiza redistributiva as sociedades teñen comportamentos moi diversos. Sería impensable -cando menos polo de agora- no noso país que un traballador non tivese cubertas as súas necesidades sanitarias e sen embargo parece xa case natural que o mercado de traballo ature unha alta taxa de paro. Estes niveis de paro, pola contra, serían impensables e insoportables nos EE.UU., onde, como sabemos, sen embargo, a cobertura sanitaria do traballador é un problema persoal que cada quen arranxa como pode -se pode- por medio de compañías privadas. Tampouco os distintos países europeos teñen un comportamento uniforme a res-

pecto da exclusión e existen grandes diferencias, poñamos por caso, entre o noso país e os escandinavos. Exclusión non é o mesmo que pobreza e, aínda que as dúas categorías semellen ás veces inseparables, tanto a exclusión pode levar á pobreza como a pobreza á exclusión.

Certos factores de exclusión dependen ás veces dunha estrutura mercantil fragmentada en circuítos inconexos, no que ten certo relevo o sector informal mergullado, o auto-emprego e o subemprego. Neste sentido, está por ver se así como se consolida un sector cada vez máis amplo con todo o relacionado coa rede e o virtual, en contraposición, non se consolida á marxe tamén toda aquela parte do mercado que poida seguir realizando as súas transaccións de xeito convencional: dende o bar da esquina á panadería ou ás feiras, e todo o que teña que ver cos máis variados empregos autónomos, que no que respecta ás novas tecnoloxías da comunicación, como moito, tan so requirirían da telefonía móbil.

Todos os estudos sobre renda e desigualdade coinciden en que a partir da década dos oitenta, e agudizada polo pulo das novas tecnoloxías -co Reino Unido e EE.UU. á cabeza, esta tendencia tardou un pouco máis en consolidarse nos países nórdicos-, o maior PIB per cápita leva emparellada unha distribución menos equitativa da riqueza. A título de exemplo: nos EE.UU. o 20% máis rico era, no ano 79, nove veces máis rico que o 20% máis pobre, incrementándose no 90 a trece veces e media [en Gran Bretaña: 5,67 veces e 9,26, respectivamente]. A tendencia segue a ser escandalosamente alcista, sendo xa un tópico, que por manido non deixa de ser abraiante, que pouco máis de duascentas persoas reparten entre elas case a metade do PIB mundial -acumulan tanto como os 48 países máis pobres-, e nesta distribución tivo e ten moito que ver o *cambio tecnolóxico*.

O paro de longa duración e o xuvenil aparecen no noso país moi claramente vinculados coa exclusión. Lembremos que dentro da alta taxa de paro -segundo a enquisa de poboación activa- que soporta España, o caso de Galicia aínda é máis grave, podendo ace-

lerarse a consolidación de bolsas de marxinalidade en zonas que tiveron certa relevancia industrial (Ferrol, Vigo,...) e que ficaron impasibles perante a terciarización e a informatización, contemplando como os capitais fuxían cara á virtualidade especulativa ou cara á explotación do terceiro mundo pola vía do abaratamento de salarios [10.000 millóns de investimento no sector pesqueiro para 6000 postos de traballo en Namibia chegarían aquí para entre 500 e 1000 postos].

Temos tamén a *exclusión* que podemos considerar de *partida*, que é a que atinxe ós inmigrantes privados do seu status político de cidadáns e, o mesmo que nos casos anteriores, vai acompañada da frustración e da desesperanza, que non son boas compañeiras para transmitir as mínimas normas de convivencia nin os acordos mínimos de solidariedade intergrupala. Hai unha recreación no individualismo destructivo ou na saída desesperada cara a conductas delictuosas, en principio de pouca importancia, que chegan a consolidarse en todo tipo de conductas marxinais. Sen intervención organizada externa, sen medidas integradoras que vaian para alén das boas intencións das ONGs, cristiáns de base, etc., o número de excluídos irá medrando, favorecendo o caldo de cultivo de fenómenos lindeiros coa marxinação e a violencia en xeral. A exclusión económica é a máis doada de caracterizar e se non se executan políticas públicas activas fará que cada vez sectores máis amplos da poboación mundial non teñan acceso a alimentos, casa, servizos de saúde e educación. A situación aínda se fai máis severa ó estaren os excluídos xeograficamente concentrados en áreas específicas, en xeral carentes das infraestruturas básicas e sen acceso ós circuitos de información, o que crea máis illamento e fai que medre o rexeitamento por parte da sociedade *normalizada*. É a desinformación, tanto a propia como a contra-información dos poderes establecidos, a que fai moito máis doada a explotación, dado que os excluídos dificilmente poden exhibir capacidade de *facto* para coordinar unha acción colectiva que lles permita facer oír a súa voz. Paliar os efectos da exclusión require a

existencia e funcionamento eficiente de servizos públicos, plenamente democráticos, e de organismos que canalicen a súa participación e representación na sociedade civil para alén do limitado xogo parlamentario. Teñamos en conta que as institucións, no canto de interactuar dende a independencia nunha perfecta engrenaxe, poden ser retraídas dos seus obxectivos, ou desmanteladas polo poder no caso de que tácita ou implicitamente se desvíen dos intereses dominantes. Daquela, as reformas con éxito serán as que se aliceren na asunción dunha existencia humana previa á actual organización do sistema capitalista -o estado dos consumidores-, sen ningún tipo de condicionantes, marcando estándares de calidade no referente ós servizos básicos, como ensino e sanidade, para todos os cidadáns con papeis ou sen eles.

O perfil dos grupos excluídos varía de acordo coas distintas sociedades e períodos históricos e hai tamén variacións nas modalidades que poden presentar. Desaxuste respecto a certas normas sociais, fracasos individuais acumulados, ineficacia na posta a punto de reformas e perda de bens ou de traballo son algunhas das causas clásicas ás que hoxe teriamos que engadir o papel fundamental da inadaptación ó *cambio tecnolóxico*. A crise económica, que non ten nada que ver co crecemento nominal, e a estrutura demográfica -as baixísimas ou altísimas taxas de fecundidade-, deben forzar unha redefinición das políticas sociais activas no que atinxe á educación e ó adestramento para o mercado laboral, que debe ser responsabilidade exclusiva do estado [as diferencias entre Galicia e, por exemplo, Irlanda ou Finlandia, terían a súa causa fundamentalmente, no noso caso, no escaso poder de decisión das institucións políticas propias, o que se nota tanto nas condicións de integración na Unión Europea como na carencia dun tecido productivo axeitado ás necesidades do país]. Débense introducir novos métodos de xestión na administración pública; adaptación ás condicións locais e estratexias pensadas para facelas efectivas á marxe de pretensivos informes que so fachendosos títulos non fan máis que vender fogo fatuo e non valen, desde logo, o prezo que

as distintas administracións pagan por eles. Sería un bo exercicio, se non fose a estas alturas un berro no deserto, insistir neste tipo de denuncias, facer un seguimento do impacto que os diversos documentos deste teor teñen na realidade que pretenden encarrillar, e ver como morren unha vez utilizados como bazas propagandísticas nos diversos medios de comunicación, case sempre, no adro de calquera campaña electoral.

A redución do déficit público a calquera prezo segue a ser o fin primordial dos encargados de deseñar políticas económicas no noso país, e malia todos os defectos que poida presentar, por exemplo, a política socialdemócrata de Jospin, as iniciativas anti-exclusión pasaron, polo menos nominalmente, a ser prioritarias en Francia a partir de 1998. A cuestión central é construír políticas que partindo dun enfoque global da sociedade postindustrial sitúen as relacións sociais -non só as de consumo-producción- no centro da análise da exclusión, partindo para iso da súa natureza multidimensional. Aínda que a carencia de recursos económicos condiciona, é necesario analizar polo miúdo os procesos sociais que atinxen a certos grupos e individuos. Estes procesos de natureza económica, política ou cultural, no sentido máis amplo, requiren interpretacións de aspectos formais que se atopan cos sinais de identidade asumidos e as conviccións ideolóxicas máis fondas. Daquela, un marco para a integración dos excluídos necesita contemplar uns dereitos innegociables, entrando mesmo nos procesos que deron lugar a normas dificilmente racionalizables, abrindo posibilidades para contrastar teorías e prácticas de integración, definindo prioridades que dependerán en boa medida do contexto no que se traten de encarnar, pero tanto deben contemplar, por exemplo, a problemática dos inmigrantes subsaharianos como a dos habitantes do Courel, que non teñen acceso a Internet.

Calquera desenvolvemento factible que non se limite a insistir no individualista "sálvese o que poida", no turbulento mar dos consumidores, implica a transformación da sociedade completa, e debe basearse en obxectivos que contemplen a inclusión e a

participación *de facto*, para que se poidan dar condicións de crecemento igualitario. As políticas gobernamentais terían que desempeñar un papel determinante para amortecer as tendencias centrífugas, características de países coma o noso con sinais de identidade fragmentados e con institucións que carecen de poder político e social suficientes para poder tomar decisións efectivas no plano económico. Doutro xeito, a tendencia cara a unha maior desigualdade -malia o crecemento económico- seguirá.

CONCLUSIÓN

Cómpre entón reconsiderar Internet nun mundo que se acomoda en exclusiva á economía; cunha economía que se identifica co *mercadeo* salvaxe, no que o traballador cedeu definitivamente perante o consumidor, converténdose daquela a rede á vista dos expertos -futurólogos, ...- nunha forza imparable sobre a que non se pode/debe actuar. Coas orelleiras que aquela parte privilexiada do planeta impón ó resto, asíñase a sentenza de morte do convencional -do emprego fixo- para dar paso ó teletraballo ou á venda dos coñecementos, nos máis diversos contornos, por todos aqueles que acerten con argalladas e constructos de todo tipo que sexan demandados polos outrora traballadores, de quen hoxe só importa o seu poder adquisitivo ou a súa capacidade de endebedamento. Pero na encarnación desta visión do mundo que tentan que imaxinemos colectivamente as participacións xa están repartidas de antemán, tanto entre países (máis da metade para EE.UU., e a outra repartida entre Europa e Xapón, maioritariamente, máis Canadá e Australia, cunhas cotas residuais a repartir entre os *ex-tigres* asiáticos, que xa se mostraron como mansos gatos nas reviravoltas das xogadas especulativas dólar-dependentes) como dentro de cada país, deixando fóra, xa que logo, a meirande parte da poboación mundial. E é entón cando un non chega a entender como neste período da historia máis recente que nos tocou vivir se pode predicar a *educación nas novas tecnoloxías* como a mellor maneira de rematar coa pobre-

za e a marxinación, sen instaurar sequera cun mínimo de credibilidade e eficacia a creación dos elementos indispensables para que o proceso se poida levar a cabo en extensión e sen facer unha declaración explícita de que tal fin, mentres os medios de produción *virtuais* sigan nas mesmas mans, só conduciría a establecer dependencias máis fortes. É un tópico moi espallado, *tertulianizado* e estereotipado na boca dos responsables políticos de oficio, ou dos oráculos de opinión que a modo de seareiros radicais os acompañan na instalación da vacuidade para todo propósito, que unha vez liquidado o sector agrario e perdido, definitivamente, o carro da revolución industrial, non se pode perder o tren das novas tecnoloxías, polo que cómpre instalar sen perda de tempo Internet en todas as escolas. Nace un optimismo desfreado que seduce ás audiencias presentando a rede como eficaz ferramenta no combate contra a desigualdade no mundo, mais o certo é que, no tempo en que leva funcionando o *invento*, tanto a diferenza entre países como entre persoas -dentro dos países desenvolvidos- seguiron medrando, e o que semella é que o mesmo que aconteceu con outros *inventos* "definitivos", non existe panacea en mans dos tecno-profetas para domear a realidade *cheirenta*.

As institucións -parlamentos, movementos de base, partidos, ONGs, medios de comunicación-, e mesmo a comunidade en xeral, deben resistir os embates das demandas exclusivamente economicistas, incidindo máis nas capacidades humanas a prol de conseguir unha vida que pague a pena para todo ser humano. Está cada vez máis claro que desenvolvemento non significa acumulación de capital, aínda que esta acumulación sexa produto dos malabarismos que permiten as novas tecnoloxías ós seus amos. A liberdade é un concepto que depende dunha chea de procesos e de oportunidades, e a favor da súa causa Internet ofrece múltiples posibilidades. Daquela, tamén coa axuda da rede, debemos tentar que *universalización* non se identifique con *mercado global*, no sentido de asumir que hai dereitos inherentes á dignidade do ser humano que ninguén pode negar ós seus semellantes. Estes derei-

tos deben estar por riba de calquera demanda das forzas económicas e de calquera tradición por moi digna que semelle de antemán. A tradición e a modernidade só son merecentes de respecto na medida en que respecten os dereitos fundamentais de homes e mulleres. Todo o que atinxe a eses dereitos, desde residir na terra onde un naceu e desenvolverse nela, sen sufrir ningún tipo de persecución nin marxinação, ata vivir con dignidade aló onde un se atope, aínda que chegase sen papeis nunha patera -o mesmo que o dereito de acceder ó saber sen ningún tipo de atrancos-, non pode ser coutado so pretexto de preservar unha práctica ancestral ou de manter o equilibrio no mercado de traballo. Hai dereitos que son *a priori*, antes de que o ollo económico intente dar conta de todo, esquecendo todo aquilo que non entre no discurso monocorde que tanto se lembra de Cuba ou de Iraq e nada de Kuwait, Arabia Saudí ou Haití, ou que utiliza todo tipo de eufemismos para ocultar o sanguinario asañamento do exército israelí co pobo palestino.

A loita polo recoñecemento efectivo de dereitos innegociables para todo ser humano -velaí a verdadeira universalización- debe enmarcarse no combate contra a embrutecedora uniformización que actúa como mordaza tanto para a primixenia expresión lingüística como para as artísticas ou intelectuais, se non se acomodan na tendencia maioritaria do mundo actual, globalmente infantilizante, tan facilitada pola manipulación dos medios de comunicación. A lingua propia, as imaxes que xurdan do contorno, fundamentais na identificación fronte ó Mac Donalds e á tremenda alienación futbolística, deben deixarse contaminar dun xeito construtivo por outros sons e ideas que poden ir modificando paso a paso os nosos gustos e querencias. As nosas aspiracións, os nosos comportamentos e a nosa visión do mundo poden ir mudando se en troques de condenar no gueto ó marxinado para que se faga forte na melancolía da fanatización, se lle abren as portas -e abrimos as nosas- a realidades contradictorias que se mesturan na cultura cotiá: desde a música ás artes culinarias. A cultura que se está a elaborar día a día na sociedade informatizada é esencialmente norteamericana-

na e absorbe mediante unha atracción fatal -primordialmente consumista- a millóns de homes e mulleres -canto máis mozos con maior forza- que renegan de contado dos seus sinais de identidade. Entón, se o acceso á modernidade leva parella a negación dun mesmo, da súa lingua, dos hábitos e das crenzas -incluso as máis pagás ou as máis racionalistas-, a redefinición radical da identidade acadaría unha masa crítica suficiente para que se xeneralizasen reaccións violentas que utilizarían todos os medios que os negados tivesen a man, nun combate tremendamente desigual. Habería, xa que logo, que crear as condicións para que todo ser humano asumise a súa propia diversidade sen traumas, presentando a identidade como suma de diversas pertenzas que facilitase a integración social daquelas persoas cunha cultura de orixe que non coincidise coa da sociedade receptora, de maneira que aínda que acabado de chegar amosase apego ós seus sinais orixinarios, non se vise na obriga de disimularlos, vergoñentemente, e se abrise paso paralelamente á cultura do país de acollida.

Cómpre entón fiar moi polo miúdo ó conxectar sobre a identidade nacional na era da mundialización. Na Europa Occidental, que na práctica se converteu no seu conxunto en terra de inmigración, para ben ou para mal, segue a haber pobos ós que aínda lles custa concibir a súa identidade se non sacan á flor da pel os seus referentes culturais. Así acontece tanto cos que estiveron, ou seguen a estar, moito tempo divididos, como con aqueles outros privados da súa independencia. Nestes países ós que a continuidade ó longo da historia non lle deu garantido un estado, prevalece o territorio nacional ligado ós vencellos culturais ou étnicos. Dito isto, na medida en que Europa tende á unidade, terá que concibir a súa identidade como suma de todas as súas pertenzas lingüísticas e culturais. Se non é así, se para ser europeo hai que renunciar a ser finés ou galego, entón Europa non poderá nin terá razón de existir xa que, daquela, xa todos somos americanos. Sentar as bases para unha nova concepción dos sinais de identidade da nación, á luz da realidade económica e política actual -como unidade de

combate fronte á globalización- é indispensable tanto para que Europa sexa factible como para pararlle os pes á salvaxe e monolítica dolarización -tamén ideolóxica- levada a cabo polo único amo do mundo. A modo de cabalo de Troia, ¿por que non utilizar tamén Internet nesta batalla?

BIBLIOGRAFÍA

- Aghion, P. e Williamson, J. G. (2000): *Growth, Inequality and Globalization*. Cambridge University Press.
- Amiel, Y. e Cowell, F. A. (1999): *Thinking about inequality*. Cambridge University Press.
- Bauman, Z. (1998): *Work, consumerism and the new poor*. Open University Press. Buckingham.
- Conference on Financing Social Protection in Europe (1999): *Background information relating to economic development, taxation, employment and social protection*. Helsinki. [En Internet].
- Das Gupta, M. (1999): "Social Exclusion and Poverty" in *Villa Borsig Workshop Series. Deutsche Stiftung für internationale Entwicklung*. [En Internet].
- Dunn, J. (1993): *Western political theory in the face of the future*. Cambridge University Press.
- García Suárez, X. (2000): "Socioentropía" in *Metamodelos e modelos*. Universidade de Vigo.
- Giddens, A. (1999): *Runaway World*. Profile Books Ltd. [Traducción ó español: *Un mundo desbocado*. Ed. Taurus. Madrid. 2000].
- Gómez Pin, V. (2000): *Los ojos del Murciélago*. Seix Barral. Barcelona.
- Habermas, J. (2000): "El estado-nación europeo y las presiones de la globalización" in *New Left Review*. n.º 1. [Ed. en español. Akal].
- Harris, M. (1999): *Theories of Culture in Postmodern Times*. AltaMira Press. California. [Traducción ó español: Ed. Crítica. Barcelona. 2000].

- Harnecker, M. (2000): *La izquierda en el umbral del siglo XXI*. Siglo XXI. Madrid.
- Kollock, P. e Smith, M. (1999): *Communities in Cyberspace*. Routledge. London.
- Krugman, P. (1998): *The Accidental Theorist*. Norton & Company. New York.
- Luttwak, E. (1998): *Turbo-capitalism*. [Traducción ó español: Crítica. Barcelona. 2000].
- Maalouf, A. (1998): *Les identités meurtrières*. [Traducción ó español: Alianza editorial. Madrid. 1999].
- Navarro, P. (1999): *El futuro del empleo*. Galaxia Gutemberg. Barcelona.
- Negroponte, N. (1995): *Being Digital*. Knof. New York.
- Sen, A. (1999): *Commodities and Capabilities*. Oxford University Oxford University Press. Oxford India Paperbacks.
- Sen, A. (1999): *Development as freedom*. Random House Inc. New York.
- Shapiro, C. e Varian, H. (1999): *Information Rules. Guide to the Network Economy*. Harvard Business School Press. [Traducción ó español: *El dominio de la información*. Antoni Bosch. Barcelona. 2000].
- Sindzingre, A. N. (1999): "Exclusion and Poverty in Developing Countries" in *Villa Borsig Series. Deutsche Stiftung für internationale Entwicklung*. [En Internet].
- Sorel, A. (2000): *Las voces del estrecho*. Muchnik Editores. Barcelona.
- The National Anti-Poverty Organization (1997): "What is Poverty?". Canada. [En Internet].

Tyndale, W. (1999): "Ethnicity, Culture and Discrimination" in *Villa Borsig Workshop Series. Deutsche Stiftung für internationale Entwicklung*. [En Internet].

Virilio, P. (1996): *Cybermonde: La politique du pire?* Les Editions Textuel. París.

Zerzan, J. (1994): "The Mass Psychology of Misery" en *Future Primitive and Other Essays*. Autonomedia. New York.

COLECCIÓN B A S E



Urxía avaliar certos dilemas, facelo dende dous países extremos onde a construción da identidade ten as cicatrices de múltiples fendas, e nos que a produción cultural ten que ver con nós mesmos pero tamén co sentido do outro e coa necesidade de recoñecemento polo outro. Iso que en curto chamamos visibilidade. Cumpría, dende o interior do mundo, Galicia ou Finlandia, entrenzar unha fórmula que permítise entrar no real dende calquera ámbito e abordar transversalmente tres grandes áreas de cultura: a arte, a teoría e os profesionais.

A tecnoloxía, a música, o cine, a fotografía e a utopía son os alicerces do tratado nesta semana de novembro de 2000 e oxalá que o encontro estivese pleno de referencias para o que será o porvir como o estivo, dende a historia do cinema, a película Juha, onde Kaurismaki consegue axuntar, nunha escena e no noso imaxinario, a Buñuel e a Renoir.



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

SECCIÓN DE COMUNICACIÓN